

infraestruturas

Os nacionalistas presentan un novo proxecto para un aparcadoiro en Fontiñas. **Páx. 2**

economía

Sindicatos e Concello de Lugo enzázanse nun cruzamento de acusacións polo persoal. **Páx. 8**

zona rural

A veciñanza das parroquias de Tirimol e Pías, agradecida pola paralización de Lugal. **Páx. 10**

cultura

Un investigador atopa no Arquivo Provincial a carta máis antiga de Emilia Pardo Bazán. **Páx. 14**

deputación

Tomé presentou no Parlamento o contido das contas para o próximo ano. **Páx. 29**

Un plan de vivenda para recuperar pisos baleiros



Lugo consegue os fondos para o Novo Norte

Recibe 8,7 millóns de euros para numerosas obras que transformarán toda a zona. **Páx. 3**

Malestar polos orzamentos da Xunta de Galicia

PSOE e BNG ven insuficientes os investimentos do Goberno galego. **Páx. 9**

Lugo prepárase para os 25 anos da Muralla

O Concello elaborou un programa polo aniversario do título de Patrimonio da Humanidade. **Páx. 13**

Brais Revaldería



Un lugués realizador e director de cine que triunfa en New York. **Páx. 12**

Asociación Alume



Celebra este ano 30 anos de traballo en favor da saúde mental. **Páx. 18**

Club Portamiñá



Entrevista a Pablo Méndez Ferreiro, adestrador principal da entidade. **Páx. 31**



EXCLUSIVIDAD
para la **SALUD**
de tu **SONRISA**

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. Rúa Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!
Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h



O BNG propón un novo lugar para o aparcadoiro público en Fontiñas

O BNG presentou a proposta que se levará ao Parlamento Galego como emenda aos Orzamentos da Xunta do ano 2026 para crear un novo aparcadoiro público no barrio de Fontiñas. A proposta sitúa este novo estacionamento na unión da rúa Primavera, o Carril das Hortas e o Carril das Flores, “un espazo que actualmente se emprega de maneira desordenada como estacionamento e que con esta proposta se convertería nun espazo útil para a veciñanza, dando continuidade á renovación do Carril das Flores que vai executar o Concello de Lugo nos vindeiros meses”, explicou Rubén Arroxo.

O proxecto contempla a posibilidade de construír un aparcadoiro de dúas alturas, aproveitando o desnivel existente entre a rúa Primavera e o Carril das Hortas, o que permitiría optimizar o uso do espazo e ofrecer preto de cen novas prazas de estacionamento. Ademais, o deseño buscaría mellorar a imaxe urbana desta área situada xunto ao Camiño de Santiago, cunha estética integrada en espazos verdes e coherente coa contorna. Esta infraestrutura podería ocupar uns 3.000 metros cadrados repartidos

en dúas plantas, sumando preto de 100 prazas á zona.

Arroxo recordou que “hai dous ou tres anos a Xunta anunciara que construíría un novo aparcadoiro en cada cidade, e fíxoo nunha zona con menos necesidade de estacionamento que Fontiñas”. O edil destacou que ampliar o estacionamento nesta área conta co consenso de todos os grupos políticos do Concello, “non como o aparcadoiro construído pola Xunta na avenida de Breogán”.

Subliñou que a actuación podería levarse a cabo mediante os mesmos instrumentos que utilizou a Xunta para executar o aparcadoiro da avenida Breogán, declarando o proxecto de interese autonómico. “Se a Xunta quere, pode facelo tamén aquí, porque dispón da lexislación necesaria para intervir neste tipo de solos”, afirmou, apoiándose en dúas infografía do deseñador lucense Andrés Armesto.

“Facemos unha proposta que é o uso máis útil que se lle pode dar a este espazo de Fontiñas”, asegurou Arroxo, que engadiu que se trata dun barrio cunha densidade de poboación moi alta e que precisa espazos para estacionar.

Presentado o Plan de Vivenda co fin de mobilizar pisos baleiros

O Concello de Lugo anunciou a elaboración dun Plan Municipal de Vivenda orientado a responder á crecente demanda de pisos dispoñíbles e frear o encarecemento da vivenda. Trátase dun instrumento estratéxico que busca incrementar o parque residencial, fomentar o alugueiro e impulsar a rehabilitación de inmobles, estruturado en tres obxectivos fundamentais: conservar e rehabilitar o parque existente, mobilizar as vivendas baleiras e aumentar a oferta de novas residencias para a veciñanza.

No primeiro eixo, a conservación e rehabilitación do parque existente, o Concello prevé medidas concretas para mellorar e manter os 62.648 pisos da cidade, moitos deles con décadas de antigüidade. Entre estas accións inclúense a axilización da concesión de licenzas, o reforzo do Servizo de Arquitectura e a aprobación inminente da nova Ordenanza de Conservación e Rehabilitación, que entrará en vigor antes de rematar 2025 e permitirá actuar ante incumprimentos nos deberes de mantemento. Ademais, crearase un inventario de inmobles en mal estado, que permitirá aplicar medidas de expropiación, venda ou substitución forzosa, priorizando os edificios catalogados.

O Concello tamén fomentará axudas á rehabilitación, lembrando que a última convocatoria destinou 850.000 euros ao Casco Histórico, e impulsará un programa de adquisición de vivendas para rehabilitar e destinar a alugueiro ou venda a prezo limitado a través de Evislusa. Fernández lamentou que a Xunta de Galicia non abrira unha segunda convocatoria dos Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada, “bloqueando centos de millóns de euros e impedindo que barrios como A Milagrosa ou Feijóo puideran beneficiarse desta liña”.

O segundo obxectivo céntrase en mobilizar as vivendas baleiras, que



actualmente son 10.700, o que representa un 17 % do total. Para corrixir esta situación, o plan contempla aplicar un recargo no IBI de ata o 150 % ás vivendas vacantes de grandes propietarios, coa finalidade de incentivar a súa posta en uso.

Ademais, crearase unha Bolsa Municipal de Alugueiro Asequible, xestionada por Evislusa, na que as persoas propietarias poderán ceder as súas vivendas baleiras ao Concello de forma remunerada e con garantías, recibindo bonificacións fiscais do 95% no IBI. Estas vivendas destinaranse a alugueiros por debaixo do prezo de mercado, facilitando un acceso máis digno á vivenda.

O terceiro obxectivo céntrase en aumentar o parque de vivenda dispoñible mediante medidas que fomenten a oferta residencial, tanto pública como privada, e un modelo de crecemento sostible. Para iso, modificarase a normativa e as ordenanzas do PXOM para facilitar o cambio de uso e mellorar as condicións de habitabilidade, coa aprobación definitiva prevista para o segundo semestre de 2026. Ademais, limitaranse as vivendas de uso turístico, que só poderán autorizarse en edificios de uso exclusivo ou nas plantas baixas e primeiras, co fin de protexer o mercado residencial. Crea-

rase tamén novo solo urbanizable, con máis de 300.000 m² en xestión, garantindo unha reserva mínima do 40 % para vivenda protexida. O alcalde destacou a colaboración co IGVS, que permitirá construír 1.200 vivendas novas no Sagrado Corazón e desenvolver outras actuacións en diferentes zonas da cidade.

Miguel Fernández resaltou que o Plan Municipal de Vivenda non é só unha ferramenta técnica, senón “un compromiso político e social co dereito a unha vivenda digna e coa calidade de vida da veciñanza”. Engadiu que o obxectivo é que a vivenda sexa un dereito real e que a xuventude poida desenvolver o seu proxecto de vida en Lugo, sen ter que marchar por falta de oportunidades.

ALEGACIÓNS. Podemos Lugo presentou alegacións ao Plan. Entre as principais propostas destacan solicitar á Xunta a declaración de Lugo como “zona tensionada”, crear unha Oficina Municipal do Dereito á Vivenda, garantir que polo menos o 50% das vivendas municipais ou rehabilitadas sexan de alugueiro social, aplicar o recargo máximo do 150% do IBI a grandes propietarios con vivendas baleiras e reforzar a participación cidadá e a transparencia na comisión de seguimento do plan.

●

●

●

●

UNIVERSIDAD Grado en:

ROBÓTICA
Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

BIOQUÍMICA
Matemáticas
Física
Química general e inorgánica
Química - Física I
Bioestadística

ENX. AGRÍCOLA
ENX. FORESTAL
Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.
Matemáticas I y II
Física I y II
Métodos Estadísticos

ENXEÑARÍA CIVIL
Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA

PAU (Antigua selectividad)
BAC - E.S.O.
ACCESO CICLOS

Matemáticas - Física
Química - Lengua - Gallego
Inglés - Latín - Griego
Historia - Filosofía
Biología - Geología
Geografía
Historia del Arte

j.m.rivas
ACADEMIA

ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS
ATENCIÓN PERSONALIZADA
GRUPOS REDUCIDOS
Preparación específica para subir nota en ABAU

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

jmrivas.es

Lugo logra os 8,7 millóns de fondos da UE para impulsar o proxecto Novo Norte

Lugo recibiu máis de 8,7 millóns de euros do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a través da estratexia EDIL, que permitirán impulsar o proxecto Novo Norte cun investimento total de preto de 15 millóns de euros.

O alcalde, Miguel Fernández, xunto ao concelleiro de Desenvolvemento Local, Mauricio Repetto, e á xefa de servizo, Isabel Villamor, presentaron a iniciativa, que transformará a contorna da Avenida da Coruña, A Milagrosa e o Barrio Feijoo, onde residen máis de 25.000 lucenses.

Fernández destacou que “o Novo Norte vai transformar a zona máis habitada da cidade, mellorará a mobilidade e, sobre todo, a vida da nosa xente”, lembrando tamén a experiencia positiva de Lugo en proxectos anteriores como Muramiñae ou Corazón Verde, que demostran a capacidade da cidade para executar fondos europeos con solvencia.

O proxecto inclúe actuacións de modernización urbana, mellora da accesibilidade, fomento da sostibilidade e reforzo da mobilidade, ademais de integrar barrios tradicionalmente illados pola vía do tren, como As Gándaras, o Sagrado Corazón ou Paradai, cara a unha cidade máis cohesiónada e vertebrada.

O concelleiro Mauricio Repetto subliñou que as actuacións clave inclúen a transformación da Avenida da Coruña, arteria vital tanto comercial como residencial, e a mellora dos accesos á intermodal, que facilitará a conexión co casco histórico e a nova estación. Repetto destacou que estes fondos non son simplemente diñeiro, senón unha senda financeira que premia a boa xestión, co potencial de ampliar os fondos dispoñibles se a execución é rigorosa.

A xefa do servizo, Isabel Villamor, ex-

plicou que o proxecto require cumprir indicadores concretos en espazo verde, novas tecnoloxías, infraestruturas e servizos sociais, e que a planificación estratéxica iniciada en 2022 coa Axenda Urbana foi clave para chegar con vantaxe á convocatoria. Villamor destacou que o proxecto manterá todas as actuacións previstas, cun horizonte de execución ata 2029 e revisións bianuais.

O alcalde pechou a presentación asegurando que “o Novo Norte é tamén o Novo Lugo que queremos construír”, froito dun traballo coordinado de todas as áreas municipais, cun modelo de cidade máis sostible, integrada e pensada para mellorar a vida da cidadanía.

PARABÉNS DA OPOSICIÓN. O grupo municipal do Partido Popular no Concello de Lugo felicitou ao Goberno local pola obtención de 8.730.304 euros procedentes de fondos europeos, unha inxección económica que, segundo os populares, ben xestionada pode contribuír á mellora da cidade e da calidade de vida dos veciños.

O PP destacou o labor de Paula Alvarellos como alcaldesa na presentación do proxecto e valorou o esforzo de Isabel Villamor e do conxunto de empregados públicos que fixeron posible a tramitación destes recursos, fundamentais para impulsar proxectos de futuro en Lugo.

Porén, os populares lembran que estes fondos non son gratuítos para o Concello, xa que supoñen unha cofinanciación do 60 %, o que implica que o Goberno local deberá achegar case seis millóns de euros das arcas municipais. Por este motivo, o PP esixe á alcaldesa e ao seu equipo que actúen con responsabilidade, criterio e máxima transparencia na plani-



ficación e execución dos proxectos, garantindo que cada euro investido repercuta nun beneficio real para a cidade.

O grupo subliña que non se poden repetir erros do pasado, mencionando proxectos como o Edificio Impulso Verde, as Caldas ou o carril bici, que implicaron gastos elevados sen aportar valor engadido nin responder ás necesidades reais dos veciños. Ademais, reclaman comunicación e consenso, especialmente en intervencións na Avenida da Coruña que poderían afectar á mobilidade, lembrando situacións previas de rexeitamento veciñal como no caso do Castiñeiro.

O PP pide que se planifiquen proxectos realistas, ben dimensionados e consensuados para que esta oportunidade se converta nunha ocasión útil para Lugo, cun retorno social, económico e sostible evidente.

VISITA DO EURODIPUTADO. O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, mantivo un encontro co eurodeputado socialista Nicolás González Casares para presentarlle o proxecto Novo Norte, unha iniciativa que o rexe-

dor definiu como “a terceira gran transformación da cidade”, e que se desenvolverá con fondos europeos. O Concello de Lugo xa obtivo unha achega de 8,7 millóns de euros para o seu impulso, dentro dun investimento total de preto de 15 millóns. Fernández Méndez percorreu con González Casares varios dos barrios que se verán beneficiados, especialmente os da contorna da avenida da Coruña, que cualificou como “a zona máis habitada da cidade e na que esta actuación suporá un antes e un despois na súa transformación e desenvolvemento urbano”.

Durante a visita, o alcalde destacou o importante labor de xestión do Concello, que logrou “mobilizar preto de 90 millóns de euros no último lustro a través de proxectos con financiamento europeo, dos que 33,2 millóns foron achegados pola UE”. Fernández lembrou ademais intervencións previas como o Plan Urban, que permitiu recuperar o patrimonio co Vello Cárcere como símbolo, ou o Dusi-Miramiñae, que favoreceu a conexión entre o río e o centro histórico, contribuíndo a un Lugo máis cohesionado e accesible.

O PP reclama un novo modelo urbanístico para o barrio do Carme

O Partido Popular de Lugo denunciou que o barrio do Carme leva “un ano perdido” pola “inacción do goberno local” e presentou unha proposta para impulsar unha nova ordenación urbanística que permita a súa rexeneración. O vicevoceiro popular, Ramón Cabarcos, asegurou que a veciñanza “leva anos esperando algo tan sinxelo como que o Concello cumpra a súa palabra” e defendeu que “o Carme merece ser un barrio vivo, habitado e coidado”.

Cabarcos lembrou que no pleno municipal de setembro de 2023, o executivo local anunciou, en resposta a unha proposición do Grupo Municipal Popular, que iniciaría a modificación parcial do PXOM respecto á bolsa do Carme “unha vez que entrase en vigor o 5 % do plan xeral”. “O PXOM está integramente en vigor desde o 11 de novembro de 2023, pero nada se fixo dende entón”, lamentou.

O portavoz popular sinalou que, un ano despois, o goberno municipal volveu prometer “a convocatoria dun concurso de ideas para avanzar na rexeneración do barrio, coa intención de acadar a súa recuperación completa antes de 2027”. “Pasou case outro ano e a realidade segue igual: non hai proxecto, non hai concurso e non hai avances”.

Como alternativa, o PP propón anular as disposicións do actual plan especial e deseñar un novo modelo urbano para os 87.753 metros cadrados que ocupa o barrio, diferenciando dous ámbitos: un para a edificación consolidada, que permita rehabilitacións integrais baixo criterios de protección e seguridade; e outro para os espazos libres de edificación, onde se poida redistribuír o aproveitamento urbanístico “con sentido e equilibrio”.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993

EN BREVE



PRAZA DE ABASTOS. A Asociación Lugo Monumental denunciou que a entrada lateral da Praza de Abastos, situada na rúa Tuñas Bouzón e que conta coa única rampla de acceso ao edificio, permanece inutilizada desde o mércores pasado debido a unha avaría no sistema eléctrico da reixa automática que a pecha.



PASEO DO RATO. Adega Lugo presentou unha denuncia ante a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) polas obras que se están a executar no leito do río Rato, tamén coñecido como río da Chanca, antes da súa confluencia co río Fervedoira.

Aprobada a construción do último tramo da autovía Nadela-Sarria

A Xunta de Galicia aprobou definitivamente o proxecto de trazado que permitirá culminar a conversión do corredor Nadela-Sarria (CG-2.2) nunha autovía de alta capacidade, completando así a conexión directa entre Lugo e Sarria.

O Consello da Xunta deu luz verde ao proxecto e ao estudo de impacto ambiental do treito Nadela-A Pobra de San Xiao, que atravesa os concellos de Lugo, O Corgo e O Páramo, cun investimento total de 37,4 millóns de euros. Este tramo, de 13,5 quilómetros, completárase coa autovía xa en servizo entre A Pobra de San Xiao e Sarria, de 9,7 quilómetros, inaugurada en novembro de 2022 tras unha inversión de 25 millóns.

O novo percorrido comeza na glorieta de Nadela, de titularidade estatal e conectada coas autovías A-6 e A-54, así como coas estradas N-VI, LU-11 e LU-546, e remata no enlace da Pobra de San Xiao. A nova calzada discorrerá paralela á existente pola marxe esquerda da CG-2.2 en sentido Lugo, e incluírá intervencións singulares como os enlaces do Cor-

go (quilómetro 5+200) e Maceda (quilómetro 10+500), xa preparados para a futura sección de autovía, ademais dun paso inferior baixo a autovía A-54.

O proxecto contempla tamén a construción de dous viadutos paralelos aos actuais sobre os ríos Chamoso e Neira, a ampliación de 13 pasos superiores, a prolongación doutros sete inferiores, e a execución de 11 obras de drenaxe transversal. Engádense dous muros de contención e axustes nos enlaces co tramo xa finalizado para garantir a continuidade da vía.

A futura autovía, que se denominará AG-22, permitirá reducir o tempo de viaxe entre Lugo e Sarria e facilitar adiantamentos con maior seguridade grazas ás dúas calzadas con dous carrís por sentido e unha velocidade máxima de 120 km/h. Segundo destacou o presidente, esta mellora beneficiará a toda a poboación da área, ademais dos transportistas que utilizan este corredor de forma habitual. A aprobación definitiva do proxecto implica tamén a declaración de uti-

lidade pública, o que posibilitará a ocupación urxente dos 80 predios necesarios para executar as obras.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas está a supervisar o proxecto construtivo, que será licitado unha vez aprobado e as obras comezarán no ano 2026, contando cun prazo de execución de 30 meses.

GOBERNO LOCAL. O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, expresou a súa “fonda preocupación” polo novo atraso na execución da autovía Nadela-Sarria, unha infraestrutura que definiu como “fundamental para o desenvolvemento económico e social da cidade e da súa área de influencia”.

Segundo as últimas previsións, a obra non estará rematada, como mínimo, ata o ano 2028, dous anos máis tarde do prazo comprometido polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, que situaba a finalización en 2026. Fernández lembrou que, mesmo cumpríndose ese prazo, “a execución xa chegaba tarde”.

Luz verde para a renovación da pasarela do Carril das Flores

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, deu conta dos asuntos aprobados na Xunta de Goberno por parte da Tenencia de Alcaldía. Entre as decisións, destacou a renovación da pasarela do Carril das Flores, dentro do proxecto integral de reforma desta rúa.

A nova pasarela construírase cunha estrutura metálica lixeira sobre pia-

res e vigas, coa cimentación soterrada, mantendo íntegro o muro orixinal e ampliando o ancho da parte inferior en, polo menos, 1,2 metros.

“Deste xeito, conseguimos unha integración estética que aporta continuidade á Mosqueira e á praza do Camiño Primitivo, dando unha imaxe de uniformidade ao longo do Carril das Flores”, explicou o naciona-

lista Rubén Arroxo.

A parte superior manterá o pavimento de plaqueta, mentres que a zona inferior contará cunha calzada de formigón e unha área peonil de granito, con xardineiras de aceiro Corten e novos bancos. Ademais, instalárase un falso teito de cor clara para mellorar o ambiente visual da zona.

O orzamento é de 339.245,44 euros, cun prazo de execución de sete meses, e a empresa adxudicataria será Construcións Sanle. Arroxo destacou que “está previsto que a primeira fase estea finalizada antes do verán de 2026, coincidindo co aumento de peregrinos que percorren o Camiño Primitivo”. Tamén se continúa traballando na mellora da esquina do Carril das Flores con Montero Ríos.

OUTRO GARAÑÓN. Con todo, a plataforma Outro garañón na muralla expresou a súa crítica a esta intervención e defendeu que “a única actuación respectuosa co Patrimonio é demoler toda a plataforma enteira e non volver a reconstruír ningún anaco dela de ningún xeito, non como recolle a obra adxudicada que a reconstrúe. Ten que verse a Muralla en todo o seu esplendor desde o Camiño Primitivo”.

NOVIEMBRE = CENAS DE EMPRESA

- *Diferentes espacios y tamaños
- *Diferentes opciones de menús
- *Nos adaptamos a tus ideas! ;)

TORRE DE NÚÑEZ Hotel

982 30 40 40

PERO TAMBIÉN

- *Nuestros deliciosos PUCHEROS en el Menú del Día
- *Menús especiales cada Fin de Semana
- *Disfruta también nuestra Carta Habitual

LACREMA DMLAB

- BY DR. VÁZQUEZ -

CREMA EFECTO ANTI-EDAD

NUOVA FÓRMULA PATENTADA

LACREMA DMLAB

AGEOPTIMA

- BY DR. VÁZQUEZ -

CREMA INTEGRAL ANTI-EDAD

NUOVA FÓRMULA PATENTADA

AGEOPTIMA

f i y

DM LAB

CREMAS

- BY DR. VÁZQUEZ -

Verxel

HERBOLARIO

Rúa Montero Ríos, 41. 27002 LUGO

Tel: 982 251 827 • josemanuel@verxel.es

www.verxel.es

A rehabilitación do Pazo de Dona Urraca xa ten proxecto gañador

O proxecto gañador para a rehabilitación do Pazo de Dona Urraca e da súa contorna foi presentado en Lugo nun acto encabezado pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, quen definiu a intervención como “un proxecto que marcará un antes e un despois en Lugo, convertendo a Tinería nun novo símbolo da cidade”.

A actuación, que permitirá desenvolver o ámbito da UI-8, contempla a rehabilitación do histórico Pazo e doutros inmobles anexos para crear 16 novas vivendas e unha praza pública entre o edificio e a Muralla, cun investimento próximo aos sete millóns de euros.

O primeiro premio do concurso convocado pola Xunta recaeu na proposta LUCUS350, asinada polos arquitectos José Jorge Santos, José Carlos Mera Rodríguez, Javier Barcos Berrueto e Manuel Enríquez Jiménez, que recibirá 12.000 euros. O segundo galardón foi para MEMOR145, dos autores José Manuel Castro Vázquez, Jorge Losada Quintas, Mario Alonso Ricci Garay e Michele Albaneli, mentres que o terceiro premio foi para CAMEL105, de Carlos Alberto Pita Abad, Jorge



Salado Cortina, Xoán Manuel Pérez Lorenzo, Noemí Cuba Alvareño e Carmen Romero. En total, presentáronse 17 propostas a este certame que busca poñer en valor un dos espazos máis emblemáticos da Tinería.

Allegue destacou a calidade das propostas e explicou que, ademais da rehabilitación do Pazo, datado no século XII, o proxecto inclúe a creación dunha praza entre o inmoble e a Muralla, así como a recuperación dos edificios situados nas rúas Miño 19 e 21 e Halcón 16 e 18, nos que se habilitarán seis vivendas, e a construción doutras dez novas. A conselleira subliñou que coa presentación do proxecto “dase o impulso definiti-

vo á recuperación deste ámbito, que xa é unha realidade”, e destacou que a actuación permitirá tamén a posta en valor dos restos arqueolóxicos existentes.

Pola súa banda, o alcalde de Lugo, Miguel Fernández, instou á Xunta de Galicia a “axilizar a tramitación urbanística para non perder máis tempo na recuperación do Pazo de Dona Urraca e da súa contorna”. O rexedor subliñou que este paso supón “un avance sen retorno cara á futura rehabilitación dun dos barrios máis emblemáticos do centro histórico, chamado a converterse nun dos grandes reclamos turísticos, urbanísticos, sociais e culturais da cidade”.

Aprobada a licenza para ampliar as instalacións da Protectora

O Concello culminou o proceso administrativo necesario para legalizar e ampliar as instalacións da Sociedade Protectora de Animais e Plantas coa concesión definitiva da licenza urbanística, que se aprobou na Xunta de Goberno Local.

Esta resolución supón o paso definitivo para executar un proxecto valorado en máis de 517.000 euros, tras obter todos os informes técnicos favorables e cumprir coas esixencias legais e ambientais.

O proxecto permitirá dotar ás instalacións de Muxa de novas dependencias, entre elas un edificio de recepción e clínica veterinaria, unha residencia e zona de corentena para gatos, un parque de caniles sectorizado, melloras en áreas de servizo e almacenaxe, aparcamentos e paneis solares. O prazo de execución previsto é de 36 meses, con fases que garantirán o mantemento da actividade durante as obras.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, Ana Fernández Abelleira, destacou que “por fin, despois de moito tempo e grazas á mediación

municipal, existe un proxecto viable, solvente e con respaldo técnico; só falta a vontade política para facelo realidade. Lugo e o benestar animal merecen ese compromiso conxunto ao marxe das liortas políticas”.

Fernández Abelleira lembrou que o Concello “xa fixo os deberes, dispoñemos da consignación orzamentaria necesaria e acompañamos á Protectora en todo o proceso técnico”. O rexedor insistiu na importancia de que a Xunta de Galicia “peche canto antes o convenio de financiamento, como xa fixo a Deputación Provincial, para que Lugo poida contar cun espazo moderno e eficiente para o coidado dos animais”.

O Goberno local reiterou o seu compromiso cunha entidade que leva décadas atendendo animais abandonados e á que o Concello destinou máis dun millón de euros nos últimos cinco anos. “Este proxecto é unha mostra do noso compromiso co benestar animal e coa colaboración institucional en positivo”, subliñou a voceira.



EMPREGO
GALICIA

BUSCAS TRABAJO DE FORMA ACTIVA? INFÓRMATE!



A Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo (Apehl), co financiamento da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, vai levar a cabo un ano máis o **Programa Integrado de Emprego de Galicia** para o ano 2025-2026, no que hai que ter contacto con **máis de 100 persoas demandantes de emprego**, co obxectivo dun mínimo do 45 % de inserción laboral.

ACCIONES A REALIZAR

- Información, orientación e asesoramento
- Formación transversal en idiomas, competencias dixitais para o emprego, prevención de riscos, relación laborais e habilidades sociais
- Técnicas de *coaching*, intelixencia emocional e técnicas de motivación para a busca de emprego
- Habilidades sociolaborais e obradoiros de entrevistas
- Fomento da capacidade emprendedora.
- Prospección empresarial
- Emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego participantes
- Formación para o emprego dentro do Catálogo de Especialidades do Servizo Público de Emprego Estatal
- Prácticas profesionais non laborais en empresas
- Talleres sobre mobilidade laboral
- Medidas de innovación tecnolóxicas

DESTINATARIOS/AS

- Desempregados con discapacidade
- Desempregados menores de 30 anos
- Persoas migrantes cunha autorización de residencia temporal por motivo de arraigo para a formación
- Mulleres desempregadas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero
- Persoas desempregadas en risco de exclusión social e persoas beneficiarias do tramo de inserción da RLSga
- Inmigrantes desempregados

ÁMBITO TERRITORIAL

- Concello de Lugo
- Concello de Monforte de Lemos

BOLSAS E AXUDAS

- 10 €/día por asistencia presencial ás accións do programa
- 10 €/5 horas de teleformación

MEDIDAS DE CONCILIACIÓN

- Servizo de coidado e atención de persoas dependentes tanto nenas/os como maiores

MÁIS INFORMACIÓN

982 22 69 12
www.apehl.es



Finaliza a restuaración do caneiro da Acea de Olga para protexer o Miño

O alcalde, Miguel Fernández, e o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, José Antonio Quiroga, supervisaron a restauración do caneiro da Acea de Olga, unha das actuacións máis recentes para recuperar e poñer en valor o patrimonio fluvial do río Miño ao seu paso pola cidade.

A obra completada garante a conservación do ecosistema fluvial, combina tradición e modernidade e asegura un uso social deste emblemático tramo do río. Fernández destacou o compromiso e a colaboración activa da CHMS, que fixeron posible avanzar nunha estratexia conxunta orientada a recuperar o valor ambiental, cultural e social do río e da súa contorna. “Lugo consolídase como unha cidade que mira ao río con respecto e con futuro. Seguiremos traballando da man da Confederación e doutras administracións para que siga sendo un espazo de encontro, patrimonio e futuro”, afirmou o rexedor.

O alcalde lembrou que esta actuación se suma a outros proxectos compartidos que están a transformar o borde fluvial da cidade e a crear un auténtico cinto verde arredor de Lugo, como a conexión

dos paseos do Rato e do Miño, que permitirá completar un itinerario natural e peonil continuo, ou a rehabilitación da antiga Fábrica da Luz, que se converterá nun centro de interpretación vinculado á memoria industrial e ao aproveitamento sostible dos recursos naturais. Ademais, salientou proxectos en marcha como o deseño da futura praia fluvial e a posta en valor do entorno da Fábrica da Luz, que será un polo de atracción ambiental e cultural.

Pola súa banda, José Antonio Quiroga destacou a magnitude e dificultade da obra, de oito metros de longo e máis de 40 de ancho, que permite que a dinámica hidráulica xere diferentes correntes e que as especies de peixe, independentemente do seu tamaño, poidan cruzar o río sen dificultade. “É un traballo executado con man de obra especializada que respecta a forma tradicional destas actuacións de enxeñería”, indicou. Quiroga tamén subliñou o valor social do proxecto, xa que contribúe á práctica deportiva, mantén a lámina de auga á altura da ponte Romana e recupera un elemento esencial na dinámica do río e na cidade.

Inician as obras da futura rotonda entre Alfonso X e Rolda de Fingoi

O Concello de Lugo iniciou os traballos para substituír o actual cruzamento regulado por semáforos na confluencia da rúa Alfonso X coa Rolda de Fingoi por unha nova rotonda. Segundo explicou o tenente de alcalde e concelleiro de Mobilidade, Rubén Arroxo, a actuación “suporá unha importante mellora para a fluidez do tráfico en Lugo, eliminando un cruce regulado por semáforos e aumentando a seguridade da zona”. Na actualidade, esta intersección é un punto onde conflúen vías con similar intensidade de tráfico e presenta un aspecto visual espido, en contraste co bulevar da Rolda de Fingoi, ademais de ter unhas dimensións superiores ás necesarias para o volume de circulación existente.

Co novo deseño, o Goberno local pretende mellorar tanto a funcionalidade como a estética do espazo, reforzando a seguridade viaria e reducindo os tempos de espera nos desprazamentos.

A intervención inclúe a eliminación dos semáforos e a creación dunha rotonda axardinada, coa remodelación das entradas para garantir a seguridade dos peóns e manter a continuidade da rúa. Tamén se adaptará o sistema de iluminación ao novo deseño, avanzando na implantación de tecnoloxía LED, e modificarase a rede de saneamento para asegurar unha drenaxe adecuada.

A empresa Ovisa é a encargada de executar as obras, que contan cun orzamento de 183.557 euros e un prazo de execución de tres meses.

RÚA, INDUSTRIA. Avanzan tamén as obras de mellora da seguridade viaria que se están a realizar na rúa Industria. A intervención céntrase na reconfiguración da mediana, seguindo o modelo implantado noutras ac-



tuacións nas Gándaras, co obxectivo de mellorar a fluidez do tráfico, facilitar as manobras dos vehículos industriais e reducir riscos nunha contorna de alta circulación diaria.

Arroxo subliñou que “esta é unha das vías máis empregadas polos vehículos pesados que se dirixen aos polígonos industriais de Lugo. Con estas obras garantimos unha circulación máis ordenada e segura, ao tempo que apoiamos a actividade empresarial da cidade”. As obras están sendo executadas pola empresa Construcciones Sanle Lugo cun investimento total de 125.710,78 euros.

FONTIÑAS. O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, anunciou que o vindeiro mércores darán comezo as obras de renovación do firme na avenida das Fontiñas, nun tramo comprendido entre os números 254 e 310 en dirección á Avenida de Madrid.

Os traballos consistirán na instalación dunha nova capa de rodadura elaborada con mestura asfáltica en quente e na renovación da sinalización horizontal unha vez finalice a intervención.

Para executar estas tarefas será necesario ocupar todo o ámbito da calzada, incluídas as prazas de estacionamento e os carrís de circulación no tramo comprendido entre os números 254 e 310 da Ronda das Fontiñas, en dirección á Ronda das Mercedes. Como consecuencia, o tráfico desviarase por varias rúas alternativas: Sanxillao, Rof Carballo Humanista, avenida Vila Verde Cidade de Portugal, do Nubeiro, Rei Don García e Montirón.

Tamén se acometen as obras de mellora do firme nas rúas Armórica e Mariña Española.

RÚA CAMBRIA. Están a culminar a renovación da rúa Cambria co obxectivo de mellorar o entorno do CEIP Rosalía de Castro e crear un espazo de convivencia semellante ao existente na contorna do Colexio Luís Pimentel, segundo explicou o tenente de alcalde, Rubén Arroxo. O proxecto inclúe a aplicación do modelo de plataforma única con preferencia peonil, que xa funciona noutros puntos da cidade, así como a creación de novas áreas verdes e zonas de descanso con bancos.

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauracións • Acondicionamentos
Mantenimentos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

¡Peeling Herbal!
• Manchas
• Acné
• Poro aberto
• Píes envejecidas

¡Devuelve la vitalidad a tu piel!
Reserva tu cita escribiendo
whatsapp al 636 384 715

Ronda das Fontiñas 320, baixo • 636 384 715 • www.orballoestetica.com



Inician a obra do centro de saúde da Milagrosa

O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, acompañado do delegado territorial da Xunta, Javier Arias, e do xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ramón Ares, supervisou o inicio das obras de reforma integral do centro de saúde da Milagrosa.

O proxecto, moi reivindicado pola veciñanza do barrio, conta cun orzamento de 3.085.500 euros e un prazo de execución de 18 meses, nos que un equipo de 25 traballadores vai materializar unha transformación total do centro, que pasará a ser amplo, accesible, moderno e dotado con novos servizos para pacientes e profesionais.

A intervención inclúe a remodelación completa dunha superficie de 1.600 metros cadrados, con seis consultas de medicina xeral, seis de enfermaría, unha consulta especializada en traballo social e a adaptación de múltiples áreas, incluíndo urxencias, técnicas, toma de mostras, espazos docentes, renovación da fachada e instalación dun ascensor.

O proxecto contempla tamén a creación de dúas salas de docencia, un despacho para o traballador social,

dúas salas polivalentes, unha sala de técnicas, outra de urxencias e un espazo destinado á toma de mostras. Ademais, a zona de admisión verá melloras significativas, incorporando novos espazos para o persoal, como unha sala de xuntas, salas de formación e vestiarios.

Gómez Caamaño subliñou que a reforma suporá avances notables na accesibilidade, tanto no exterior como no interior do edificio, incluíndo a instalación dun ascensor para padiolas e a adaptación dos aseos. Tamén se renovarán as fachadas, permitindo unha mellor entrada de luz natural nas áreas de espera.

Gómez Caamaño destacou que se trata dunha obra transformadora que permitirá actualizar un edificio antigo e adaptalo ás necesidades actuais tanto dos profesionais sanitarios como da poboación.

O conselleiro salientou que os investimentos da Xunta en Lugo están a impulsar un modelo de atención sanitaria máis completo e avanzado. Recordou o investimento de 16 millóns de euros no Centro Integral de Saúde (CIS), infraestrutura que contribuíu a aliviar a carga de traballo do centro de saúde da Milagrosa.



Novos desprendementos no colexio das Mercedes

A concelleira de Educación, Iria Bui-de, reclamou á Xunta de Galicia a realización dunha rehabilitación integral do colexio As Mercedes despois do novo desprendemento.

A edil do BNG denunciou que “vemos como a Xunta segue a abandonar aos centros, deixando, literalmente, que caian a cachos” e engadiu que “é urxente que a Xunta de Galicia poña en marcha un plan de rehabilitación dos centros educativos da cidade, que son da súa competencia”. Segundo Bui-de, “este tipo de situacións son consecuencia

directa da falta de investimentos en materia educativa da Xunta”.

A concelleira reclamou unha resposta inmediata ante este novo suceso, subliñando que “é preciso actuar con urxencia para garantir a seguridade do alumnado e do persoal docente, non se pode seguir permitindo que os centros educativos públicos sufran este tipo de deterioros que poñan en perigo ás persoas usuarias”. Ademais, insistiu na necesidade dunha rehabilitación integral deste centro, “ante as situacións acontecidas durante todos estes meses”.

EU propón conservar a estación de autobuses

Esquerda Unida de Lugo defende a conservación e reforma do edificio da actual estación de autobuses para transformalo nun Intercambiador intermodal de transporte acompañado dunha ampla zona verde. A proposta inclúe tamén novos espazos culturais e creativos, co obxectivo de revitalizar a contorna e manter o transporte de viaxeiros no centro.

Desde a formación destacaron a coincidencia “nos aspectos funda-

mentais” entre o seu programa e a proposta de Lugo Monumental e outros colectivos, coincidindo en que o futuro do edificio debe decidirse mediante un proceso de participación cidadá promovido polo Concello de Lugo.

Segundo Esquerda Unida, a colaboración entre institucións permitiría desenvolver un proxecto urbano que conserve o actual edificio e o reforme, creando un espazo verde entre as dársenas e a rúa Cidade de Vigo.

O BNG esixe manter o tren das 23:00 horas a Ourense

O BNG Lugo Sur denuncia a eliminación do servizo ferroviario das 23:00 horas que conectaba Ourense con Monforte, Sarria e Lugo, un servizo que consideran esencial para as persoas viaxeiras que chegan a Ourense no último tren procedente de Madrid.

O deputado do Bloque Nacionalista Galego no Congreso, Néstor Rego, acaba de rexistrar novas iniciativas parlamentarias para esixir ao Goberno do Estado e a Renfe a restitución deste servizo que, advirte, xa fora eliminado no pasado. Desde o BNG lembran que, tras a mobilización social e política, Renfe repuxo a conexión de forma provisional mediante un autobús durante as obras na liña Ourense-Monforte-Lugo.

Adif eliminará seis pasos a nivel no termo municipal

Adif vén de adjudicar por 4,5 millóns de euros as obras para suprimir seis pasos a nivel na liña convencional Monforte de Lemos-Lugo-A Coruña, no tramo que atravesa o termo municipal de Lugo. Esta actuación insírese na modernización do corredor Ourense-Monforte-Lugo e busca incrementar a permeabilidade transversal, mellorando as condicións de seguridade tanto para os peóns como para o tráfico ferroviario e viario.

A clausura destes pasos a nivel implicará o desmantelamento de todos os seus elementos, xunto coa instalación de barreiras de contención en cada marxe para impedir o acceso á vía. Entre os pasos afectados atópase o de Recimil, situado no punto quilométrico 424/010.

Certificados profesionales. Tu titulación oficial GRATIS

Inicio inmediato | Plazas limitadas | Reserva la tuya

TELEFORMACIÓN



ADGG0108-Administración y gestión de las comunicaciones de la dirección.



HOTG0208-Inglés profesional para turismo

Consulta toda la oferta formativa:

estudiosrafer.es
formacion@estudiosrafer.es | 982 22 26 49

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y EMPLEO

estudios
rafer



AELU impulsa o proxecto GALATEA para fortalecer ás mulleres empresarias

A Asociación de Empresarias de Lugo (AELU) puxo en marcha as formacións do proxecto GALATEA, unha iniciativa financiada pola Deputación de Lugo que busca acompañar, formar e visibilizar ás mulleres empresarias e emprendedoras da provincia.

O programa aposta por un enfoque integral que combina asesoramento profesional, formación práctica e actividades de benestar persoal e emocional, co obxectivo de fortalecer o liderado e o desenvolvemento das participantes. O proxecto, que se desenvolverá ata finais de ano, reúne a decenas de mulleres con ganas de medrar, innovar e fortalecer as súas competencias profesionais e persoais. Durante as últimas semanas leváronse a cabo diversas accións formativas e de desenvolvemento.

Entre elas, destacan a asesoría de presentacións profesionais e co-

municación de alto impacto, impartida pola recoñecida experta Mar Castro, que marcou o inicio oficial do proxecto; a formación en administración e facturación electrónica, que busca capacitar ás emprendedoras ante a nova obriga legal de facturación dixital; e o obradoiro de autoconfianza asistida con cabalos, impartido por Candy Rodríguez (Crincoach), unha experiencia transformadora para reforzar o liderado e a seguridade persoal.

Tamén se desenvolveron obradoiros de fotografía con móbil e xestión de redes sociais, orientados a mellorar a imaxe e a comunicación dixital dos negocios das participantes. Ademais, o próximo 24 de outubro celebrárase un obradoiro de aromaterapia, impartido por Noelia Solar, fundadora de Esencia Viva, un laboratorio rural de cosmética natural consciente.

Esquerda Unida e CCOO abordan a xestión de persoal no Concello

A nova dirección comarcal de Esquerda Unida mantivo unha xuntanza con representantes da Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Lugo, entre eles o seu secretario xeral, Manuel Quiñoá. O encontro enmárcase na rolda de contactos que a organización política está a desenvolver co tecido asociativo e organizativo da cidade.

Na reunión participaron, ademais, a coordinadora de Esquerda Unida, Isabel Sánchez; o secretario de organización, Xoán Trigo; e os membros Fernando Yáñez, Diego López e Chus Rodríguez, responsable da área institucional. Durante o encontro, CCOO expuxo a preocupante situación que, segundo o sindicato, atravesa o Concello de Lugo, especialmente no ámbito de persoal, con carencias en practicamente todas as concellarías. Os representantes sindicais detallaron as súas demandas respecto á situación dos Servizos Sociais municipais, a escola infantil e as dificultades na xestión do persoal, así como a falta de escoita aos propios funcionarios. Segundo explicaron, moitas destas problemáticas coinciden coas denuncias que Esquerda Unida vén realizando nos últimos anos, especialmente no que atinxe á subcontratación de servizos públicos que poderían ser asumidos por traballadores municipais, nun proceso que cualifican de "deriva privatizadora" por parte do actual goberno local formado por PSOE e BNG.

Desde Esquerda Unida insisten na necesidade de abrir un proceso real



de escoita e participación cidadá á hora de deseñar políticas públicas, así como en garantir maior transparencia na adxudicación dos contratos e avanzar cara á remunicipalización dos servizos públicos.

CARTAS A PEDRO SÁNCHEZ. A Sección Sindical de Comisións Obreiras no Concello de Lugo presentou na Subdelegación do Goberno tres cartas dirixidas ao presidente do Goberno e secretario xeral do PSOE, Pedro Sánchez, á ministra de Traballo, Yolanda Díaz, e á portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, nun SOS documentado contra o desprezo ao diálogo social, a privatización de servizos públicos e a incoherencia política do goberno bipartito local (PSdeG e BNG). Segundo sinala CCOO, o executivo municipal aplica políticas que traizoan os seus principios, vendendo e

privatizando servizos mentres descuida o cadro de persoal. O sindicato alerta de que o desvío orzamentario está a vaciar partidas destinadas a cubrir vacantes e reforzar o Capítulo de Persoal para financiar gastos alleos, afectando seriamente a prestación de servizos municipais.

A situación é especialmente "crítica" en ámbitos sensibles, como os pisos de acollida para mulleres vítimas de violencia machista, onde denuncian que deixan caducar prazas mentres se gardan minutos de silencio polas vítimas. O sindicato subliña que a súa acción busca "quitar a careta a un goberno que se autoproclama progresista, pero que na práctica traizoa os principios da socialdemocracia e aplica medidas propias dun partido neoliberal", garantindo que a hipocrísia política quede exposta e reclamando coherencia ideolóxica e acción real.

EDP aposta polo emprendemento local co inicio do programa Entama

EDP abriu unha nova fase da sexta edición de Entama, o seu programa de apoio ao emprendemento local e a dinamización de comunidades rurais, que por primeira vez desenvólvese de forma conxunta en España e Portugal. Nesta edición, Lugo adquire un papel destacado, coa inclusión dunha serie de municipios prioritarios que poderán presentar os seus proxectos para optar ás axudas que ofrece o programa.

En concreto, en Lugo, a convocatoria dirixíase con especial atención aos municipios de Barreiros, Viveiro e Vilalba, aínda que tamén se aceptarán candidaturas desde outros municipios dentro da zona de distribución de EDP en Lugo, onde

opera a través da súa filial Begasa. As axudas poden alcanzar ata 20.000 euros por iniciativa, e destínanse a proxectos innovadores, sostíbeis e con impacto positivo na súa contorna.

Como en anteriores edicións, Entama prioriza os proxectos liderados por mulleres e aqueles que fomenten a empregabilidade feminina, ademais das propostas que impulsen o aproveitamento de recursos locais e produtos artesanais, o fomento do turismo sostíbel, a dixitalización e a innovación en municipios en risco de despoboamento. O prazo de presentación de candidaturas prolongarase ata o próximo 25 de novembro. O xurado, que analizará as propostas durante

o mes de decembro, primará a súa viabilidade, sustentabilidade e impacto no territorio e dará a coñecer os resultados entre decembro de 2025 ou xaneiro de 2026.

As bases e condicións de participación están dispoñíbeis na web de Entama, onde tamén se detallan os prazos e criterios de selección. O proceso de avaliación valorará a viabilidade, sustentabilidade e capacidade de xeración de emprego de cada iniciativa.

En Lugo, a través da súa distribuidora Begasa, EDP xestiona 171.793 puntos de subministración, 10.339 quilómetros de liñas de distribución e transporte, 3.205 centros de transformación, 22 subestacións e 1.039 GWh de enerxía distribuída.

Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

Si tu programa de facturación no es actualizable a la nueva Ley Crea y Crece (VERIFACTU), llámanos y te informamos. Puede salirte gratis a través de "KIT DIGITAL".

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

Os orzamentos da Xunta non convencen

O Goberno galego presentou as contas para o 2026, que foron calificadas polos populares como as máis altas da historia, mentres na oposición coinciden en que “seguen as débedas históricas”

A Xunta de Galicia presentou os orzamentos para 2026, os máis altos da historia, cun valor de 14.204 millóns de euros. Entre as reaccións políticas, o grupo de goberno en San Caetano pero na oposición en Lugo, defendeu que os orzamentos “reflicten unha aposta decidida por un Lugo que coida das persoas e crea oportunidades en todas as etapas da vida”. O orzamento da Xunta para Lugo contempla investimentos en distintos ámbitos. No benestar animal, destínanse 250.000 euros á mellora e ampliación da protectora e 75.000 euros á construción dun parque canino en colaboración co Concello. En materia social e sanitaria, os fondos inclúen 3 millóns de euros para o novo Centro Integral de Saúde Mental, 4,9 millóns para a residencia das Gándaras e preto dun millón para a residencia da Milagrosa, así como un incremento do 41 % en bonos de dependencia, ata acadar os 9,9 millóns, mantendo tamén a tarxeta +65 para viaxes gratuítas de máis de 5.000 maiores.

Na conciliación e apoio familiar, inclúense escolas infantís gratuítas para 1.300 nenos, o Bono Concilia, o Bono de comedores escolares e a Tarxeta Xente Nova con 3.900 usuarios. No ámbito educativo, investiranse 5,7 millóns en melloras e ampliación de centros como o IES Muralla Romana, o CEIP Plurilingüe de Nadela e o IES Lucus Augusti, e máis de 4 millóns na renovación da acreditación de excelencia do Campus de Lugo. En industria e emprego, os investimentos alcanzan os 5,6 millóns para ampliar o polígono das Gándaras, 2 millóns para transformar



Rozas en parque industrial, máis de 11,5 millóns en políticas activas de emprego e formación, e 3,9 millóns en apoio a autónomos e economía social.

Ademais, destínanse 570.000 euros á construción dun inmoble de aloxamentos temporais para menores de 36 anos e continúaase co desenvolvemento de proxectos residenciais que permitirán máis de 2.900 vivendas.

No transporte e saúde, a intermodal de Lugo recibirá 7,9 millóns de euros, mentres que no Sagrado Corazón se destinarán 1 millón ao Plan Paradai e 600.000 ao novo centro de saúde. Na Milagrosa investiranse 2,18 millóns na reforma integral do centro de saúde e preto dun millón na mellora da residencia de maiores.

Finalmente, en materia ambiental e patrimonial, o orzamento contempla 4,7 millóns para saneamento e abastecemento en Esperante, 500.000 euros para a conservación da Muralla Romana, 600.000 euros para actuacións na

Catedral, novas iniciativas na Tinería e 2,7 millóns para intervencións no estadio Anxo Carro.

GRUPOS DA OPOSICIÓN. O BNG valorou negativamente os orzamentos da Xunta para Lugo, cualificándoos de “fume e propaganda” e denunciando que a cidade segue desatendida. Segundo a formación, quedan sen executar ou sen consignación suficiente proxectos clave como o Gran Parque Central, o Cuartel de San Fernando, o barrio da Tinería e os centros de ensino público. Ademais, critican que se repiten partidas sen avance efectivo, como o Plan Paradai, o museo da romanización ou o antigo edificio de ASPNAIS, e alertan de que non hai investimentos reais para a Estación Intermodal nin para novas infraestruturas como aparcadoiros en Fontiñas.

Pola súa parte, desde o PSOE, o alcalde de Lugo, Miguel Fernández, lamentou que “o ritmo de investimento autonómico preten-

de someter a Lugo a un letargo económico e social, mantendo á nosa cidade nunha situación de desigualdade respecto a outros territorios”. Fernández denunciou que os orzamentos inclúen proxectos chave para Lugo con investimentos mínimos ou sen executar, como a ligazón do parque empresarial das Gándaras coa A-6, o desdoblamento do corredor Lugo-Sarria, ou a Rolda Este, para a que se presupostaron máis de 15 millóns sen avanzar en ningún trazado viable.

Tamén subliñou a ausencia de aposta real polo barrio da Tinería e cualificou de “ridículo” o compromiso da Xunta co Museo da Romanización, ao que só se destinan 500.000 euros, fronte aos 17 millóns anunciados para o Pazo de Lourizán. En materia de sanidade, Fernández sinalou que os orzamentos non inclúen fondos para o novo centro de saúde do Sagrado Corazón nin para o centro de persoas con Alzheimer, a pesar de que xa está dispoñible a parcela para a súa construción. Finalmente, criticou os déficits en servizos sociais: “Será novamente o Concello quen teña que asumir competencias impropias con recursos propios pola falta de investimento autonómico”, afirmou.

Por outra banda, a exalcadesa e deputada do PSdeG por Lugo no Parlamento de Galicia, Lara Méndez, lembrou que Lugo segue arrastrando “débedas pendentes en infraestruturas, servizos sociais e políticas de desenvolvemento. E engadiu que a Xunta “renuncia a afrontar a crise de vivenda, non reforza a sanidade pública e desatende o rural”.

O Concello investirá en proxectos de mobilidade, cultura e medio ambiente

O Concello incorporará 1,5 millóns de euros de fondos municipais para reforzar distintas áreas de xestión e impulsar proxectos prioritarios en materia de mobilidade, persoal, cultura e medio ambiente.

A modificación orzamentaria financiarase integramente con remanentes de Tesourería para gastos xerais procedentes da liquidación positiva do orzamento de 2024.

O investimento principal, de 1 millón de euros, destinarase á implantación dos sistemas de control de acceso ao centro histórico, unha medida que mellorará a ordenación da mobilidade e o tránsito de vehículos, facendo do casco vello un espazo máis accesible, seguro e respectuoso co patrimonio. Ademais, 160.000 euros dirixiranse á modernización da administración municipal, mediante a posta en marcha dun novo sistema informático de persoal e recursos humanos que permitirá unha xestión máis áxil e eficiente.

A modificación orzamentaria inclúe tamén 50.000 euros para os actos de conmemoración do 25º aniversario da declaración da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade, que se celebrarán ao longo de novembro cunha programación institucional, cultural e divulgativa. Outros 65.000 euros destinaranse á reparación e mantemento de edificios municipais, 50.000 euros a actuacións ambientais e mellora das instalacións vinculadas á biomasa, e 164.000 euros á organización do San Froilán 2025.

Fernández destacou que esta incorporación “non suporá novo endebedamento nin incremento estrutural do gasto, senón o aproveitamento do resultado positivo do exercicio anterior para atender necesidades reais da cidade”.

HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Catorce asociacións veciñais reciben máis de 152.000 euros en axudas

Catorce asociacións veciñais do municipio de Lugo recibiron este ano axudas da Xunta de Galicia que suman 152.200 euros, destinadas á mellora das instalacións dos seus locais sociais ou á adquisición de novo equipamento. As subvencións forman parte do Plan de acción comunitaria que impulsa a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, co obxectivo de reforzar o tecido asociativo e dinamizar a vida comunitaria.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, participou esta tarde nun encontro organizado polo colectivo veciñal San Lázaro, do barrio da Ponte, no que se presentaron as melloras acometidas no seu local social. A agrupación beneficiouse dunha axuda de 12.000 euros coa que acometeu

obras de accesibilidade, a reforma do aseo, a instalación de iluminación LED, a renovación das carpinterías exteriores e o illamento da cuberta.

Ademais da asociación San Lázaro, tamén resultaron beneficiarias destas achegas entidades como a Asociación de Mulleres Rurais da Agra e as agrupacións veciñais de San Pedro de Labio, San Xoán de Tirimol, Gondar, Illán, Peizal-Outeiro, Ombreiro Río Miño, San Vicente do Burgo, Adai, Orbazai, barrio de San Antonio de Padua, Benade-Calbrava e Os Gatos Roxos, do barrio das Gándaras.

As axudas foron concedidas tanto para a execución de obras como para a compra de material necesario para o funcionamento diario das asociacións.



Remata a mellora dos accesos e vías en Castelo

O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, visitou o núcleo de Castelo de Abaixo acompañado de veciños e veciñas da zona para comprobar o resultado das melloras recentemente executadas.

O edil lembrou que a Tenencia de Alcaldía levou a cabo nos últimos meses unha nova intervención destinada a optimizar os espazos públicos e garantir o bo estado dos accesos, “dentro do obxectivo do goberno de manter en condicións tanto as áreas urbanas como as periurbanas, asegurando unha boa conectividade para toda a veciñanza”.

Os traballos realizados permitiron mellorar tres vias principais do núcleo: a pista de acceso ás vivendas 60 e 61, onde se aplicou unha nova capa de rodadura con mestura en quente; a pista que conduce ás vivendas 48-52, na que se instalou

unha capa de formigón; e o camiño que une Casa Outeiro con Barbaín, onde se ampliou a calzada para facilitar o tránsito de vehículos.

Penas subliñou que “desde a Tenencia de Alcaldía seguimos traballando para mellorar os espazos públicos, planificando as actuacións a partir das visitas aos barrios e das demandas veciñais”. Ademais, destacou que en cada intervención “se aplica a solución técnica máis axeitada para garantir un resultado duradeiro e de calidade”.

O responsable de Infraestruturas recordou tamén que o Goberno de Lugo executou nos últimos anos “un importante número de actuacións que permitiron que os núcleos de Castelo estean totalmente renovados, mellorando a calidade de vida das veciñas e veciños destas zonas periurbanas tan relevantes para o municipio”.

O Concello porá en marcha un plan piloto de taxi a demanda

O tenente de alcalde e concelleiro de Mobilidade de Lugo, Rubén Arroxo, e a concelleira de Veciñanza e Participación, Cristina López, mantiveron unha reunión coa veciñanza da asociación O Pondelo, en Carballido, un dos lugares onde se porá en marcha o plan piloto de taxi a demanda impulsado pola Tenencia de Alcaldía.

Segundo explicou Arroxo, Lugo podería converterse “na segunda cidade do Estado en contar cun sistema que permita á veciñanza das parroquias sen servizo de bus solicitar un taxi para achegarse á cidade a custo reducido”. O obxectivo, engadiu, é ofrecer unha alternativa de mobilidade pública nas zonas rurais, onde o bus urbano non chega ás 54 parroquias do municipio.

Para facelo posible, o Concello está a actualizar a ordenanza do taxi, unha normativa con máis de vinte anos de antigüidade que se adaptará á lexislación galega de 2018. Esta modificación permitirá, ademais, que os profesionais do sector poidan presentarse á licitación do novo servizo de transporte a demanda unha vez se inicie o procedemento.



O texto deberá ser aprobado inicialmente polo Pleno municipal, posteriormente pola Xunta de Galicia, e de novo de forma definitiva polo Pleno. Arroxo destacou que o proceso de actualización se elaborou “da man co sector do taxi, mantendo múltiples reunións coa asociación de taxistas para avanzar nesta nova normativa”.

O tenente de alcalde subliñou que o taxi a demanda é “un servizo que non existe aínda en ningunha cidade galega; só Pontevedra está a traballar nun proxecto similar”. Para a súa posta en marcha será neces-

saria a creación dunha plataforma de control que permita ao Concello xestionar as solicitudes e supervisar os percorridos realizados por cada vehículo.

O sistema funcionará de xeito semellante ao bus urbano, con rutas predefinidas e o mesmo prezo do billete, sempre que as persoas usuarias dos núcleos rurais realicen a reserva con antelación. Arroxo concluíu que “sería insostible que o bus urbano dera servizo ás 54 parroquias do rural de Lugo, mais esta alternativa permitirá á veciñanza gozar dun transporte público accesible e asequible”.

Veciños de Tirimol e Pías agradecen a paralización do proxecto Lugaz

A veciñanza de Tirimol e Pías, próxima á zona de construción do proxecto Lugaz, expresou o seu agradecemento a Carmen Lence pola decisión anunciada de paralizar o proxecto e pola súa disposición a atender as preocupacións cidadás. Os residentes confían nas súas palabras e agardan que non se vexan defraudados.

Segundo indican, a oposición non vai dirixida ás empresas veciñas nin á actividade económica en xeral, senón a este proxecto en particular polos posibles impactos negativos sobre o medio ambiente, a saúde e a calidade de vida das persoas que habitan na zona.

A veciñanza subliña o seu apoio a iniciativas empresariais que fomenten o crecemento de Lugo, a innovación responsable e as inversións que teñan un efecto positivo na sociedade. As xornadas informativas organizadas polos propios residentes continuarán abertas a calquera persoa interesada en participar, propoñer ideas ou informarse sobre o proxecto. Ademais, reiteran que este movemento non ten vinculación política: “Aquí hai veciños e veciñas de todas as cores, unidos na defensa do noso



territorio e da vida no rural”, explican.

XORNADAS. Antes de que Leite Río fixera pública a súa decisión, celebrouse en Lugo a primeira xornada técnica e informativa sobre o proxecto Lugaz. Esta sesión reuniu en Pías a máis de cen persoas interesadas en coñecer os detalles e consecuencias desta iniciativa industrial. O encontro, promovido pola veciñanza de Tirimol e Pías, tivo como obxectivo ofrecer información independente e contrastada sobre o proxecto e analizar os seus posibles efectos no ámbito rural e na contorna máis próxima.

Durante a sesión, o tenente de alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, explicou que os promotores deron coñecemento do proxecto ao BNG, que solicitou recibir a documentación completa para poder estudala en detalle, aínda pendente de ser remitida. Arroxo subliñou ademais a limitada capacidade de actuación municipal, ao tratarse dun Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) declarado pola Xunta de Galicia, o que fai prevalecer o interese autonómico sobre o planeamento urbanístico local e exixe a iniciativa de determinados títulos de competencia municipal.



Por Lugo:

VAI EN BUS

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

#activandolugo

A Filarmónica presenta o programa deste curso

A Sociedade Filarmónica de Lugo deu a coñecer a súa programación para a tempada 2025-2026, que deu comezo o venres 24 de outubro, e que suporá a 79ª edición ininterrompida desde 1947, alcanzando xa o número de 750 concertos con músicos e agrupacións de renome internacional. A programación inclúe doce concertos de outubro a xuño, todos ás 20.00 horas, con orquestras, solistas e grupos de cámara de primeira fila.

A tempada abriuse co concerto do prestixioso Ensemble Praetorium Sinfónico e destaca na programación a presenza de outras dúas orquestras sinfónicas: a Real Filharmonía de Galicia, con dúas citas (5 de decembro e 29 de maio), dirixida por Baldur Brönnimann e Amandine Beyer, respectivamente, e a Orquestra Sinfónica Vigo 430 (21 de marzo).

Contará tamén con solistas de prestixio internacional como a violinista francesa Amandine Beyer, a oboísta Iria Folgado, os violinistas Abel Tomás e Catherina Lee, o clarine-

tista Juan Ferrer ou o chelista Raúl Mirás. Unha das citas máis salientables será a volta do Cuarteto Gerhard ao Círculo das Artes o 28 de novembro. Por primeira vez, a tempada formará parte do circuíto Lied The Future, da Franz Schubert para apoiar a novos talentos europeos no ámbito da canción poética e a música de cámara, cun concerto programado para o 29 de abril.

O piano terá tamén un protagonismo destacado co recital do pianista David Khrikuli e a sección Filarmónica Km. 0, que dá cabida a novos valores da música lucense, terá lugar o 7 de marzo co 1º Premio do último Concurso de Interpretación Musical Xosé Castiñeira, o pianista Álex Barcala, que actuará como solista e tamén con músicos lucenses formando un grupo de cámara.

A Banda Filarmónica de Lugo tamén participará na tempada, o 28 de febreiro, coa dirección convidada de Pablo Marqués. Outros concertos aínda en preparación completarán a programación, que se anunciará coa debida antelación.

A XXXV edición do Festival de Jazz terá lugar do 1 ao 15 de novembro

O XXXV Festival de Jazz de Lugo celebrarase entre o 1 e o 15 de novembro e contará cunha programación de alto nivel que trae á cidade músicos referentes no panorama galego, estatal e internacional.

O Festival está organizado pola Asociación de Amigos do Jazz “Escobijazz”, un grupo de lucenses unidos polo seu amor por esta música e que se constituíu como asociación cultural no ano 1990. Desde 1991, organizan de maneira ininterrompida este festival, que se converteu nun dos principais fitos culturais dos últimos anos da cidade de Lugo.

A edición deste ano inclúe dous concertos destacados no Auditorio Fuxan os Ventos, co cinco veces gañador dun Grammy, Victor Wooten, acompañado pola súa agrupación “Victor Wooten & The Wooten Brothers”, e con Chucho Valdés, tamén múltiple gañador de premios Grammy e considerado un dos mellores pianistas do mundo e unha das grandes figuras do jazz



afrocubano.

O primeiro concerto terá lugar o venres 7 de novembro, a partir das 20:30 horas, co espectáculo de Victor Wooten & The Wooten Brothers, mentres que o martes 11 de novembro será a quenda de Chucho Valdés Royal Quartet, tamén ás 20:30 horas.

Durante a presentación, o tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, xunto coa edil de Participación e Servizos á Veciñanza, Cristina López, subliñaron

a consolidación do festival no calendario cultural da cidade. Arroxo destacou que “celebramos este 2025 a 35ª edición dun festival que trae a Lugo unha importante selección de músicas e músicos de jazz referentes a nivel galego, estatal e internacional” e animou á veciñanza “a desfrutar do mellor jazz nunha cita que volve un ano máis para continuar ampliando a programación de calidade que organizamos desde a área de Cultura do Concello de Lugo”.

“O obxectivo é contar historias de Galicia para darlles visibilidade”

Brais Revaldería, realizador e director de cinema lucense asentado en New York, gañador de dous Emmy e dun León de Ouro en Cannes

Jessica Fernández

Como nace o seu amor polo cinema?

Meu pai é produtor de televisión, así que desde pequeno foi introducindo-me un pouco nese mundo. Ademais, de neno gustábame capturar momentos coa cámara de fotos e, despois, coas cámaras de vídeo. E, como non, teño moi bos recordos de ir ao cine en Lugo. Ao chegar aos Estados Unidos decidín estudar un máster en dirección de cinema, e foi alí onde finalmente dei o salto definitivo.

Antes de ir aos Estados Unidos, formouse como realizador.

Primeiro estudei unha diplomatura en Madrid en Medios Dixitais, onde aprendín posprodución e deseño gráfico. Despois cursei a carreira de Comunicación Audiovisual e, hai uns 14 ou 15 anos, decidín cruzar o Atlántico e facer un máster en Dirección de Cinema na New York Film Academy.

Fálenos de Fillos do vento: A Rapa, que está baseada na tradicional

rapa das bestas de Sabucedo. Que o impulsou a elixir esta temática para a súa película?

Desde que saín de España propúxenme como obxectivo contar historias de Galicia. Comezamos con Ardelucus, hai uns 13 ou 14 anos, que foi o meu proxecto de graduación na New York Film Academy. Despois presentamos A vikinga de Catoira e, ao rematar, buscaba outra historia que puidese ter interese global e, ao mesmo tempo, dar visibilidade a Galicia. A Rapa das Bestas sempre me chamou a atención, polo que decidimos ir alí en 2017, ver a festividade, integrarnos, coñecer a tradición e convertela no terceiro proxecto sobre Galicia.

Como foi o proceso de producir esta película tras un traballo de sete anos?

Foi duro, porque a xente non é consciente do traballo que realiza a xente de Sabucedo para coidar destes animais. É un labor que se desenvolve os 365 días do ano, non só durante a semana da festa, e é moi esixente.

Eles desprázanse ao monte todas as fins de semana, e documentar todo ese proceso e facer xustiza ao esforzo que realizan é complicado.

O son, a imaxe, a narración... é innovador?

Creo que o que fixemos non se fixera antes. Levamos unha tradición con máis de cincocentos anos de historia a unha pantalla no festival de cinema máis importante do mundo. En España aínda non se é plenamente consciente da relevancia deste tipo de cinema inmersivo. Por iso tivemos moita sorte de que o Festival de Sevilla nos ofrecese un espazo fantástico para mostrar a experiencia.

Que cre que é o máis relevante do filme?

Coa experiencia inmersiva queriamos amosar desde dentro o que significa vivir a Rapa, reflectir a conexión profunda que existe entre as persoas do lugar, a natureza e os animais, unha relación moi distinta á que pode ter alguén que vive nunha cidade. O noso obxectivo era situar o espectador nese contexto,



ofrecéndolle durante trinta minutos unha vivencia que reproduza os momentos máis significativos da Rapa das Bestas, como se estivese alí, en Sabucedo, durante a fin de semana da celebración.

Como valora a súa traxectoria?

Quizais non teña a formación convencional dun director de ficción tradicional, pero gústame apoiar o meu traballo nas novas tecnoloxías e considero que este tipo de historias sei contalas moi ben. Nese sentido, os resultados están aí. Estou poñendo o meu gran de area facendo cousas que, actualmente, en España, ningún máis está a facer. Estou tentando innovar porque creo que estou traballando en algo que, co tempo, se consolidará, aínda que agora moi-

tos non sexan conscientes de que representa o futuro desta industria. E cando se dean conta, eu estarei aquí, feliz de axudar ou de facer o que faga falta.

Cales son os seus proxectos futuros?

Quero seguir avanzando e explorando o cinema inmersivo. Fomos a Cannes e faltou que comprendesen un pouco a dimensión do que foi. Por outra parte, este é un proxecto independente; comezámolo nós, aínda que na última fase do proceso contamos co apoio da Xunta, da Deputación de Pontevedra e do Concello da Estrada, pero o grosso da produción sostivémolo nós, coa axuda de varias produtoras que colaboraron ata agora. E iso, hoxe en día, é moi difícil.

A Muralla celebra cun amplo programa os 25 anos como Patrimonio da Humanidade

Lugo prepara unha celebración histórica para conmemorar o cuarto de século da declaración da Muralla romana como Patrimonio da Humanidade, aniversario que se cumprirá o 30 de novembro. O Concello deseñou unha axenda extensa, distribuída ao longo de tres semanas, que involucrará a entidades culturais, sociais e deportivas e que culminará cun gran acto institucional no auditorio Fuxán os Ventos o propio día 30, co obxectivo de que toda a cidadanía participe deste fito colectivo.

O alcalde, Miguel Fernández, destacou que o recoñecemento da Unesco marcou “un antes e un despois para Lugo, e espertou un



orgullo renovado entre os lucenses pola súa historia e polo seu monumento máis emblemático”. Por

este motivo, explicou que o programa busca homenaxear ás persoas e colectivos que fixeron posible o

nomeamento e que contribuíron ao desenvolvemento cultural e social da cidade.

Ao seu lado, o tenente de alcalde, Rubén Arroxo, sinalou que a celebración coincide co décimo aniversario da declaración do Camiño Primitivo e da Catedral de Lugo como Patrimonio da Humanidade, e que a programación foi concibida para enaltecer o legado histórico da cidade desde múltiples ámbitos artísticos e participativos.

O alcalde pechou a presentación asegurando que a programación pretende converter esta efeméride nunha “xornada inesquecible, onde a cultura sexa motor e memoria viva da sociedade lucense”.

Arranca a programación de animación á lectura

Maite Ferreiro presentou a nova edición da programación de animación á lectura e contacontos. “Con estas actividades queremos incentivar o interese pola lectura desde idades temperás e ofrecer experiencias lúdicas e educativas”, explicou. Nesta edición, o MIHL será o principal escenario das actividades, achegando á cidadanía un espazo cultural máis. Para asistir, será necesario retirar entrada gratuíta a través do portal entradaslugo.es. As persoas adultas acompañantes tamén deben retirar entrada, pero para priorizar o público infantil só se permitirá un adulto por unidade familiar, cun máximo de tres entradas por persoa.

O ciclo comprende sete actividades que se desenvolverán entre o 16 de outubro e o 4 de decembro, adaptadas a diferentes franxas de idade:

O xoves 6 de novembro ás 18:00 horas no MIHL, O Baúl da Tía Tola ofrecerá *Tilintilonia*, un espectáculo teatral para bebés de 1 a 5 anos de 30 minutos, explorando cores, texturas, obxectos e emocións nun pequeno planeta habitado por Tilín e Tilón.

O xoves 20 de novembro ás 18:00 horas no MIHL, Trinketrinke Teatro presentará *Viaxes e cancións dos Ratos de Lonxedetodo* para nenos e nenas a partir de 4 anos, un espectáculo de 45 minutos con música e contos en directo dun grupo que leva 32 anos visitando bibliotecas galegas.

O xoves 27 de novembro ás 18:00 horas no MIHL, Profe Alba ofrecerá *Cociñando contos* para nenos e nenas a partir de 3 anos, un espectáculo de 50 minutos que combina diversión, maxia e imaxinación na creación de historias.

Finalmente, o xoves 4 de decembro ás 18:00 horas no MIHL, Joshua Kenneth presentará *Ler para crer*, un espectáculo de ilusionismo.

PROGRAMACIÓN

- As actividades darán comezo o 7 e 11 de novembro no auditorio Fuxán os Ventos, onde actuarán o cinco veces gañador dun Grammy Victor Wooten & The Wooten Brothers e o recoñecido pianista Chucho Valdés, figura esencial do jazz afrocubano.
- O 12 de novembro, Lugo recibirá a visita institucional do alcalde de Viana do Castelo, cidade irmá desde hai máis de trinta anos. Esta cita será o preámbulo para a Executiva do Eixo Atlántico, que se celebrará o 13 de novembro e na que concellos galegos e do norte de Portugal participarán no recoñecemento á Muralla. Ese mesmo día terá lugar, no Círculo das Artes, un concerto do grupo March Mallow, no marco do Festival de Jazz de Lugo.
- O 19 de novembro, o auditorio Fuxán os Ventos acollerá o con-

certo do pianista James Rhodes, artista internacional moi vinculado a Galicia, nunha actuación concibida para ofrecer unha experiencia íntima e sen artificios.

- A partir do 22 de novembro, e tamén os días 23, 29 e 30, o centro da cidade converterase en escenario dos espectáculos de maxia do Mago Rafa distintos horarios de mañá e tarde.
- O 22 pola mañá, compañías teatrais locais animarán a Muralla cun percorrido escénico que atravesará as súas portas, onde cada grupo interpretará breves pezas inspiradas no monumento.
- O 26 de novembro, ás 19:00 horas, terá lugar no auditorio Fuxán os Ventos un encontro de corais, con Cántigas e Flores, a coral do cuarto ciclo da USC, Solo Voces e o grupo Coral Lugh.
- O 27 de novembro, empresas

locais e centros educativos organizarán un abrazo quilométrico á Muralla. Ese mesmo día, o MIHL acollerá unha actividade familiar ás 18:00, “a cociña de contos” coa profesora Alba, e ás 20:30 representarase a obra teatral “Ellos y yo” de Jordi Font.

- Do 28 ao 30 de novembro, diversos establecementos hostaleiros da cidade ofrecerán elaboracións exclusivas en forma de Tapa Conmemorativa do 25 aniversario.
- Tamén esa fin de semana realízase un flashmob promovido polas escolas Gravity e Star Dance.
- O 29 de novembro, Lugo vivirá unha noite especial que comezará co desfile das asociacións de recreación histórica do Arde Lvcvs e continuará cun espectáculo aéreo de máis de 150 drons, que debuxarán figuras luminosas no ceo ao ritmo dunha banda so-

nora composta por Abraham Cupeiro. Ese mesmo día, o auditorio Fuxán os Ventos recibirá á Orquestra Filarmónica, agrupación que conquistou ao público lucense nas súas últimas actuacións.

- A mañá do 30, a Ronda da Muralla acollerá unha actividade ciclista, destacando a dimensión deportiva e saudable do monumento. Xa pola tarde, o auditorio Fuxán os Ventos será sede do acto institucional, que reunirá a protagonistas políticos, culturais e mediáticos do histórico 30 de novembro de 2000, acompañado pola música da orquestra Terra Nova e outras sorpresas. Paralelamente, a Banda Municipal actuará no Templete da Praza Maior, e o auditorio Gustavo Freire acollerá dúas funcións de “SUM”, peza teatral premiada en Fetén 2025 para primeira infancia.

HOTEL MÉNDEZ NÚÑEZ

Información: 687 37 29 30 y laterraza@hotelmendeznunez.com



Hotel
Méndez Núñez
★★★★



RESERVE SU COMIDA O CENA DE NAVIDAD PARA NOVIEMBRE

(5% DE DESCUENTO)
(CONSULTE DISPONIBILIDAD)

“A radio foi a miña vida”

O xornalista Paco Nieto dedicou 47 anos á radio e, agora, xa xubilado, vén de presentar o libro ‘Bon proveito, amiguiños. Lugo, 90 anos de radio’ (1935-2025) cunha homenaxe especial á figura de Xosé Trapero Pardo

Jessica Fernández

Como xorde a idea de escribir este libro?

En primeiro lugar, porque este ano, 2025, fai exactamente 90 anos que o 27 de outubro do ano 1935 se inaugura a primeira emisora de radio en Lugo. En segundo lugar, o mesmo día da inauguración, Don José Trapero Pardo estivo alí e tivo unha continuidade na emisora, sendo no ano 58 cando fixo o programa ‘Cousas da nosa terra’ no que se despedía dicindo: “Bon proveito, amiguiños”. Por iso, este libro tamén é unha homenaxe e unha forma de poñelo en valor, xa que considero que José Trapero Pardo está esquecido. Foi membro da Real Academia Galega, director do Museo Provincial de Lugo, o primeiro e único cronista que houbo nesta cidade... e nunca se lle dedicou o Día das Letras Galegas.

Que aportou a radio a Lugo?

Eu creo que foi un cordón umbilical entre o medio de comunicación e a sociedade. A Radio en España chegou no ano 1924 e tardou 11 anos

en chegar a Lugo, pero rapidamente comezouse a coñecer a Casa da Radio, que estaba na praza de Ángel Fernández Gómez, onde estivo Radio Lugo ata o ano 80 e pico, cando se trasladou a Santo Domingo. Hoxe en día, eu creo que, a radio perdeu a súa esencia, e a esencia era a proximidade cos oíntes. Cando digo proximidade, quero dicir o local, un informativo, uns discos dedicados, tertulias... un estar preto dos oíntes.

Desde a perspectiva dunha persoa con tanta bagaxe profesional no mundo da comunicación, como valora esa perda de contido local?

Hai un problema e é que estamos todos sumidos nunha cantidade de información inasumible e, á vez, as novas xeracións ven as redes sociais como un refuxio, pero ao final é máis barullo e balbordo; e cando hai unha saturación, debería haber mecanismos para diversificar e non invadir. A min paréceme importantísimo ler xornais, relelos e analizar o que pon. O xornalismo é un labor que se basea en formar, informar e entreter, e

ese labor debería recuperarse.

Que opina do ambiente de crispación que se ve na política?

Eu vexo a política “enfurecida”, así de claro. E eles son os culpables porque son os que están moldeando a sociedade. Tamén hai un abandono da política por parte da xente, xa non digo máis formada, pero si por persoas cunha sensibilidade especial. Hai un hastío entre a xente preparada que non cre que poida dedicarse á política porque está demasiado formada e é demasiado legal.

Como valora a súa traxectoria?

Eu só teño palabras de agradecemento, porque atopei persoas e compañeiros de verdade, de corazón, que se converteron en amigos. Tiven xefes, directores, etc. que me abriron as portas e dixeron: ‘Fai’. Polo que depositaron a súa confianza en min e por iso sempre estarei eternamente agradecido. Quero destacar a Benito Vázquez Regueira, que foi o director de COPE de Lugo, e a Julio Beberide Martínez. Julio Beberide, quen me deixou terreo



en Radio Lugo para facer o que quixen. Tamén compañeiros como Teresa Castro, Jesús Mato, que estivo na terceira emisora de radio que se abriu en Lugo, no ano 1963, Ondas Populares de Sarria. E tampouco me podo esquecer de verdadeiros amigos e admirados, como Arcadio Silvana, Pepe Seijo e José Areñas. En definitiva, para min, a radio foi vida. É a mellor profesión do mundo porque nin sequera un minuto se parece a outro.

Con 71 anos é difícil ver a Paco Nieto parado, que vén despois deste libro?

Ando argallando outro libro. Quedei moi satisfeito con este, aínda que todo é mellorable e creo que quedan nomes por mencionar. E, despois, estou traballando nun libro chamado ‘Querido Lugo’, que versa sobre a historia social de Lugo nos anos 40 e 50. Espero que haxa un ‘Querido Lugo 2’ para falar dos anos 60 e 70 e, se a vida me dá tempo, podería seguir. Finalmente, teño unha afección de coleccionar voces de galegos e galegos que oxalá alguén continúe cando eu xa non poida, porque levo arredor dunhas 3.500 voces recollidas de persoas de certa significación.

O novo auditorio Fuxan os Ventos presume de programación cultural

Maite Ferreiro presentou a programación cultural 2025-2026 do Auditorio Fuxan os Ventos, unha tempada que combinará propostas musicais, teatrais e de humor ata a primavera do próximo ano.

Ferreiro destacou que se busca que o auditorio continúe sendo un espazo de encontro cultural para toda a cidadanía, con propostas que mesturan tradición, talento galego e nomes de recoñecido prestixio internacional. Entre as citas máis especiais, a cidade acollerá tamén a gala dos Premios Mestre Mateo 2026.

A programación arrancou o 25 de



outubro co XVIII Concerto de Outono, no que participaron a Coral Xuvenil Cántiga de Ourense, a Coral San Roque de Vigo e o Orfeón Xoán Montes de Lugo.

O 7 de novembro ás 20:30 horas actuarán Victor Wooten and Wooten Brothers, mentres que o 11 de novembro á mesma hora será o concerto de Chucho Valdés Royal Quartet. O 16 ás 20:30 horas representarase a obra 1936, unha produción do Centro Dramático Nacional e El Terrat con diversas colaboracións. No apartado de humor, Ángel Martín actuará o 5 de decembro ás 20:30 horas, e Miguel Lago levará o seu espectáculo o 19 de xaneiro ás 20:30 horas.

O 6 de febreiro ás 20:30 horas subírase ao escenario Nymeria de Pablo Méndez Performances, e o 27 de febreiro ás 20:30 horas será o concerto de Café Quijano.

A tempada pecharase o 11 de abril ás 20:30 horas coa actuación de Dani Martínez.


Descobren no Arquivo Provincial a carta máis antiga de Pardo Bazán

A carta máis antiga coñecida da escritora Emilia Pardo Bazán foi localizada no Arquivo Histórico Provincial de Lugo polo profesor de Literatura xa xubilado Luis Miguel Fernández.

O achado produciuse hai uns meses de maneira fortuíta, mentres o investigador revisaba documentación do arquivo con motivo doutras investigacións. Fernández, que xa publicou dous estudos relacionados coa autora coruñesa, prepara agora un novo artigo para a revista especializada La Tribuna, centrada na figura de Pardo Bazán, onde analizará o contexto do documento e o seu valor tanto para os especialistas como para o patrimonio cultural da cidade de Lugo.

A misiva forma parte do fondo epistolar do conde de Pallares e está datada o 12 de abril de 1861. Foi enviada pola entón nena de nove anos ao seu pai, José Pardo Bazán, que se atopaba en Lugo hospedado na casa do Conde Pallares, Manuel Vázquez de Parga.

Trátase da primeira carta coñecida ata o momento da autora de Los



pazos de Ulloa, e nela queda constancia de que Emilia coñecía Lugo desde a infancia, un recordo que evocaría moitos anos despois, en 1906, durante unha conferencia no Círculo das Artes.

O descubrimento volve poñer de relevo a profunda relación de Pardo Bazán coa cidade amurallada, onde foi nomeada socia de honra da Liga de Amigos en 1890. Esa conexión intensificouse coa súa visita en 1906, cando exerceu como mantenedora do Certame de Composición Musical de San Froilán.

j.m.rivas
ACADEMIA

C/ Dr. Fleming, 8 - Lugo
Tel.: 982 815 622

OPOSICIONES MAESTROS

PRIMARIA

- Temario propio
- Toda la legislación resumida
- Resolución de casos prácticos
- Elaboración de la P. Didáctica
- Defensa de la P. Didáctica
- Exposición de la U. Didáctica
- Simulacro de examen
- Grupos reducidos

pérTiga
Escuela de Profesores y Técnicos

C/ Juana Nogueira, 7B - Santiago
Tel.: 981 553 622

ASOCIADOS EN LUGO

OPOSICIONES ENSEÑANZA SECUNDARIA

- Tecnología
- Matemáticas
- Física y Química
- Informática
- Sistemas Electrónicos
- Sistemas E. y Automáticos

jmrivas.es
pertiga.es

PROXECTO GAMA

A oportunidade da que Lugo non pode prescindir

Impulsado por Altri, a través de Greenfiber, terá un impacto positivo no emprego, na demografía, no PIB e en sectores clave en Galicia como o forestal ou o téxtil

É un feito que o progreso dos territorios está ligado en boa medida ao seu desenvolvemento industrial e á atracción de inversións que permitan xerar emprego e riqueza na súa contorna. E é un feito tamén que o noso modo de vida require dunha actividade industrial que nos proporcione os artigos que necesitamos no noso día a día do século XXI, como medios de transporte, informática, telefonía, artigos de papel, prendas de roupa e outros produtos de base téxtil, etc.

Tamén é certo que existen distintos modelos de produción no mundo. Hai territorios con normativas laxas, que permiten grandes producións a baixo custo e con menores garantías laborais, sociais e ambientais, e outros, dos cales Europa é o máximo referente, que priman a sostibilidade, o respecto aos dereitos laborais, á contorna social e ao medio ambiente, para o que desenvolveron esixentes normativas e controis rigorosos, que se converteron en selo de calidade industrial no mercado internacional.

E é neste último contexto no que nace o proxecto GAMA, impulsado por Altri a través de Greenfiber, co obxectivo de crear en Palas de Rei unha planta de

produción de fibras téxtiles sostibles, con tecnoloxía de última xeración, que achegará valor engadido a un recurso natural tan importante como é a madeira que se produce na comunidade. Esta iniciativa situará Galicia e a provincia de Lugo á vangarda dunha nova industria baseada na sostibilidade, a innovación e a mellora continua.

Compromiso

Como non podía ser doutra maneira, este proxecto de Altri enmárcase na filosofía do grupo de compromiso coa contorna, tanto a nivel ambiental, como social e económico. Neste sentido, cabe destacar, en primeiro lugar, a importante xeración de emprego, non só na propia fábrica, senón tamén a dinamización do mercado laboral da súa contorna. Así, a empresa creará 500 postos de traballo directos, necesarios para operar unha planta das características de GAMA, e estima que a súa actividade xerará outros 2.000 indirectos, en sectores como transporte, hostalería, comercio, mecánica, servizos auxiliares, etc.

Para dotarse dos mellores profesionais, a compañía deseñou un plan de formación integral que

contempla non só acordos de colaboración con centros educativos de Formación Profesional e universidades, senón tamén programas de formación a medida para persoal sen titulación previa. Olga López Arias, directora de Recursos Humanos de Altri en España, sinalou que “o noso proxecto en Galicia é de longo percorrido e de compromiso coa sociedade desta comunidade. E a formación e o emprego de calidade están nos primeiros postos das nosas prioridades. O noso proxecto requirirá perfís moi variados e queremos que se converta nunha oportunidade laboral para os mozos galegos, con prioridade para os residentes na contorna”.

O alcalde de Palas de Rei, Pablo Taboada, confía en que esta xeración de emprego sirva para paliar o problema demográfico que sofre o seu concello, ao igual que o resto da Galicia interior: “Estamos a vivir un proceso de envellecemento da poboación e necesitamos proxectos industriais como este, que leven aparelada a creación de emprego de calidade e que contribúan a fixar poboación nova en Palas”. Para avalar esta idea, Luís Pereira, o seu homólogo portugués en Vila Velha de Ródão, onde Altri conta cunha outra fábrica, puxo



de relevo o cambio demográfico experimentado na súa localidade nos últimos anos: “En 2013 tiñamos 160 alumnos na agrupación de escolas do pobo. Agora son máis de 320. E triplicamos as prazas de gardería, cunha actividade fabril que hoxe en día non xera molestias á poboación e convive en harmonía e colaboración con outros sectores produtivos da zona, como o agrogandeiro, o de produción de alimentos de calidade ou o turismo rural”. Ao impacto sobre o emprego e a demografía local, cómpre engadir a xeración de riqueza na comunidade galega que, segundo o informe elaborado pola consultora Valora, alcanzaría os 7.522 millóns de euros nos 22 primeiros anos de operación da fábrica, cun impacto medio anual en Galicia no entorno dos 340 millóns de euros.

Sector forestal

Por outra banda, Altri conta cunha ampla experiencia en materia de xestión forestal e investigación neste campo. Unha experiencia que trasladaría ao proxecto GAMA para contribuír á posta en valor do monte galego. Así o subliña Miguel Silveira: “Queremos achegar o noso know how, xa que contamos cun equipo de preto de cen persoas que vén desenvolvendo un intenso traballo de I+D polo que somos recoñecidos mundialmente, co foco posto na mellora xenética e no control de pragas”. Ademais, GAMA abastecerase exclusivamente de madeira procedente de bosques certificados, o que leva aparelada unha adecuada xestión dos mesmos, e desenvolverá, igual que en Portugal, unha importante labor en materia de formación e prevención de riscos no sector forestal.

Ecosistema téxtil

Por outra banda, a produción de fibras téxtiles en Palas de Rei contribuirá, sen dúbida, a reforzar o ecosistema xa existente do sector téxtil, permitindo pechar o ciclo de produción en proximidade, desde a fibra ata a prenda. Ademais de abrir unha porta ao reciclaxe efectivo de fibras na comunidade, contemplado na segunda fase do proxecto GAMA, unha vez consolidada a base industrial que o faría posible. Todo iso coas metas da sostibilidade e da redución de residuos como obxectivos irrenunciáveis. Así o manifesta Carlos Van Zeller, director xeral de Operacións e membro do Consello de Administración de Altri: “Levamos desde 2014 investigando nun proceso de produción de fibras téxtiles sostible a todos os niveis. E aquí, en Galicia, é posible. Temos a materia prima e a tecnoloxía, e dous sectores estratéxicos, o téxtil e o forestal, aos que aportar valor engadido”.

BENEFICIOS

- Emprego: 500 postos directos e 2.000 indirectos
- Achega ao PIB de Galicia: 340 millóns de euros/ano (media)
- Formación: Acordos con centros de FP e universidades, e plans de formación a medida
- Demografía: Oportunidades laborais para fixar poboación nova no rural
- Sector forestal: I+D, mellora xenética, xestión dos bosques, control de pragas, seguridade, formación
- Sector téxtil: Dinamización do ecosistema téxtil, xeración de sinerxías
- Filosofía de empresa: sostibilidade e compromiso coa contorna



Lugo destina 50.000 euros a proxectos das ONGD

A área de Cohesión Social do Concello de Lugo presentou unha nova convocatoria de subvencións destinada a apoiar o labor das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD), cun orzamento total de 50.000 euros. O obxectivo é reforzar o traballo solidario das entidades que loitan contra a desigualdade e promoven o desenvolvemento humano, tanto a nivel internacional como na propia cidade.

Dos 50.000 euros, 40.000 euros estarán destinados a proxectos de cooperación internacional en países e territorios prioritarios, mentres que 10.000 euros se dedicarán a accións de sensibilización e educación para o desenvolvemento que se leven a cabo en Lugo.

O Concello de Lugo colabora con entidades sociais a través de subvencións, convenios de colaboración, cesión de espazos e o impulso do voluntariado, dentro dun compromiso global da área de Cohesión Social por fortalecer o terceiro sector, fomentar a innovación social e apoiar proxectos que melloren a vida das persoas e o desenvolvemento comunitario.

As subvencións financiarán iniciativas orientadas á igualdade de xénero, á defensa dos dereitos humanos, ao acceso á educación e á saúde, así como ao desenvolvemento sostible. As entidades solicitantes deben estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación, acreditar experiencia previa e presentar proxectos executables durante o exercicio 2025. O Concello poderá asumir ata o 90 % do custo total, mentres que as organizacións beneficiarias achegarán o 10 % restante.



Médicos comezan unha folga para esixir o seu propio estatuto

Os sindicatos de médicos e facultativos de Galicia iniciaron unha folga médica para demandar un Estatuto Propio que recoñeza a especificidade, complexidade e responsabilidade da súa profesión.

Esta mañá, diferentes profesionais do HULA concentráronse á entrada do hospital para ler un manifesto no que destacaban a necesidade dun marco legal e laboral que dignifique o seu traballo, protexa a súa saúde física e mental e garanta a calidade asistencial para a poboación.

Durante anos, estes profesionais din soste o sistema sanitario con vocación e esforzo, a costa moitas veces da súa saúde e do tempo dedicado á familia. Tras anos de paciencia, diálogo e propostas de solucións, consideran que a falta de respostas reais obrígaos a exercer o dereito á folga.

Denuncian que os médicos e facultativos non poden decidir sobre as súas condicións laborais, que se lles somete a gardas interminables e mal remuneradas, e que o seu li-

derado na atención ao paciente se ve ameazado día a día.

Belén Carnero, delegada de Omega e vicesecretaria de Omega pertencente ao grupo APMIF, explicou que os sindicatos médicos galegos, xunto con outras asociacións de profesionais, se uniron na loita por un estatuto marco, xa que non estaban representados nas mesas do ámbito sanitario e carecían de voz e voto. Reivindican un estatuto propio para equipararse ás condicións doutros empregados públicos e garantir un horario laboral razoable, recoñecemento das horas extras e dereitos equivalentes aos doutros profesionais.

Os sindicatos subliñan que o seguimento da folga está a ser masivo, especialmente nos hospitais, mentres que en atención primaria hai menos incidencias. Destacan a necesidade de conciliar a vida laboral e persoal, a voluntariedade nas gardas e a mellora das condicións laborais como eixos centrais da súa reivindicación.



Entregados os primeiros hortos de Paxariños

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Lugo, Miguel Fernández Méndez, entregaron os primeiros 22 hortos urbanos de Paxariños, un espazo que pasou a ser xestionado pola institución provincial a través dun acordo de colaboración co Concello valorado en 57.000 euros. Estas parcelas, que suman algo máis de 1.000 metros cadrados, están situadas xunto ao barrio lucense de Xuíz, entre Fontiñas e o paseo fluvial do Rato.

Durante o acto de entrega, as persoas beneficiarias recibiron a autorización de uso das parcelas por un período de dous anos, xunto cun kit con material para iniciar o cultivo. Ademais, a Deputación ofrecerá formación e asesoramento gratuito para aprender e aplicar técnicas de

horticultura e optimizar o uso dos terreos. Pola súa parte, os usuarios deberán mantelos en boas condicións, reservándose a institución o dereito de reclamálos en caso contrario.

Ademais, xa está aberto o prazo para solicitar unha das parcelas que quedaron dispoñibles no Parque do Rato tras rematar o período de concesión de catro anos. As solicitudes poderán presentarse ata o 28 de outubro. As bases establecen requisitos como ser maior de idade, estar empadroadado no Concello de Lugo ou nalgún dos limítrofes (Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Friol, Outeiro de Rei ou Guntín), estar ao corrente coas administracións públicas, non posuír terreos cultivables no municipio e non convivir con ningunha persoa que teña xa un horto autorizado.

O PP organiza o día 5 un acto de homenaxe a Cacharro Pardo

O Partido Popular de Lugo celebrará o mércores 5 de novembro un acto de lembranza a Francisco Cacharro Pardo, coincidindo co décimo aniversario do seu pasamento. Co título "Lembrando a Paco Cacharro", o evento desenvolverase no salón de actos da Facultade de Veterinaria ás 19:00 horas, un espazo especialmente simbólico ao cumprir ese día 41 anos do inicio das clases nesta Facultade, un proxecto ao que Cacharro dedicou unha atención decisiva co obxectivo de consolidar en Lugo un Campus Universitario como motor de progreso para a cidade e a provincia.

O acto incluírá catro accións conmemorativas: a posta en marcha dunha páxina web dedicada á súa figura, a proxección dun vídeo con imaxes e testemuñas, a presentación dun libro de 210 páxinas con participación de preto de medio

cento de persoas que tiveron relación con el e unha exposición conmemorativa da que se editará un catálogo para que os asistentes poidan levala a casa. Ademais, contará coa intervención musical do Orfeón Lucense, coro da Catedral de Lugo, dirixido por Sara Nebra.

Na presentación da actividade participaron a presidenta provincial do PP, Elena Candia, o presidente do PP local, Ramón Carballo, e o presidente do Colectivo Egeria, Xulio Xiz, quen destacaron que estas accións buscan recoñecer a traxectoria e o legado dun político irreplicable que foi presidente provincial do PP, concelleiro, conselleiro, senador e durante 24 anos presidente da Deputación de Lugo, deixando unha etapa de avance e modernización sen precedentes. O acto está aberto ao público e o PP convida a todos os lucenses a participar nesta homenaxe.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

As 'Maletas Viaxeiras' chegan á Casa da Muller

Lugo recibiu as *Maletas Viaxeiras*, unha iniciativa que busca fomentar o espírito feminista e crítico a través da literatura. O alcalde, Miguel Fernández, acompañado da concelleira de Muller e Igualdade, Ángeles Novo, recolleu as dúas maletas de mans da subdelegada do Goberno, Olimpia López, para trasladalas á biblioteca da Casa da Muller. As dúas maletas viaxeiras conteñen un total de 24 libros, doce de literatura infantil e outros doce para persoas adultas, que abordan temas como o maltrato, o matriarcado, a maternidade, os roles de xénero, o empoderamento feminino e a ciberviolencia.

Lugo celebrou o 23º Día do Veciño con máis de 5.000 participantes

A Federación de Asociacións de Veciños Lucus Augusti reuniu a máis de cinco mil persoas na 23ª edición do Día do Veciño, unha cita xa consolidada no calendario lucense e que volveu converterse nun punto de encontro entre cidadanía, movemento asociativo e representantes institucionais.

Ao evento, celebrado no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo baixo o lema “Deixar de loitar é deixar de soñar”, acudiron veciños e veciñas de toda a provincia, ademais de alcaldes, cargos municipais e provinciais e o secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, que compartiu coas persoas asistentes unha xornada de convivencia e celebración.

Durante o acto, Besteiro felicitou á Federación polo éxito da convocatoria e destacou a importancia de encontros como este para poñer en valor o labor das asociacións veciñais, que “contribúen á mellora dos barrios, á defensa dos servizos e á construción do benestar común”.

A subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, tamén participou no evento e foi distinguida co premio “V de Veciña”. Durante a súa intervención, agradeceu o recoñecemento e expresou a súa emoción por recibir un galardón “de parte do gran movemento veciñal que conformades”. López salientou que “Lugo ten algo moi especial: unha forza veciñal e asociativa que é auténtico motor de cohesión territorial e social”, e definiu os colectivos veciñais como “exemplo de como se constrúe comunidade e se defende o ben común”.

A representante do Goberno destacou o compromiso do Executivo central co progreso da provincia,



asegurando que “Lugo merece as mellores infraestruturas, servizos públicos de calidade e o recoñecemento do lugar que lle corresponde”. Agradeceu novamente o premio, que “gardarei con moito agarimo”, e reafirmou o seu compromiso de seguir traballando “para que cada lucense, viva onde viva, sinta que forma parte dun proxecto común de progreso e igualdade”.

Pola súa parte, a deputada Pilar García Porto destacou a importancia do asociacionismo e a participación cidadá, e fixo referencia a que “o movemento veciñal nin se compra nin se vende. É froito da xenerosidade e do traballo desinteresado de milleiros de persoas que cren na forza do colectivo. O Día do Veciño é convivencia, participación e igualdade. É un espazo onde todas as persoas, sen importar idade ou procedencia, poden colaborar para mellorar o lugar onde vivimos”, aseverou a deputada, quen subliñou ademais que a Deputación de Lugo seguirá traballando “ao lado das persoas e das entidades asociativas, apoiando iniciativas que fomenten a participación cidadá, a solidariedade e a

cohesión social”. Rematou agradecendo aos veciños e veciñas da provincia o labor desde os distintos colectivos veciñais porque sinalou, “grazas ao voso compromiso Lugo é unha provincia máis humana, máis activa e máis unida”.

AS V DE VECIÑO. No marco da celebración do Día do Veciño 2025, a Federación de Asociacións de Veciños fixo entrega das 22 V de Veciño, uns recoñecementos que distinguen a persoas e entidades que, ao longo do ano, destacaron polo seu traballo a favor da dinamización social, cultural e económica das súas comarcas, contribuíndo así ao desenvolvemento da provincia de Lugo.

Entre os premiados desta edición figuran representantes de diferentes ámbitos profesionais e sociais, desde o tecido empresarial e institucional ata o asociativo e comunitario.

A entrega destas distincións volveu poñer de manifesto o papel fundamental do movemento veciñal e da sociedade civil na construción dunha provincia máis participativa, solidaria e comprometida co seu territorio.



O PP centra o seu novo boletín na seguridade e a convivencia cidadá

O PP de Lugo presentou o contido do número 8 do seu boletín *Contigo Lugo*, no que pon o foco nun tema que preocupa e une a moitos lucenses: a seguridade e a convivencia cidadá. Xunto a colectivos veciñais da Milagrosa recolléronse 1.500 sinaturas nun só día para reclamar medidas que melloren a convivencia na zona, así como o peche definitivo e a revogación das licenzas de locais con infraccións acreditadas.

A contraportada do boletín amosa, de forma gráfica, o chamado “apagón de Lugo”, con Pedro Sánchez, Miguel Fernández e Rubén Arroxo tirando do enchufe da Muralla, símbolo dun goberno que, segundo o PP, illa a cidade da alta velocidade, das infraestruturas e das oportunidades que precisa.

Nas dúas páxinas dedicadas ao que se conseguiu no último trimestre repásanse logros como o inicio das obras do Centro de Saúde da Milagrosa, a apertura á veciñanza do aparcadoiro do IES Ollos Grandes ou a reforma das bancadas do estadio Anxo Carro. Tamén se destacan melloras de seguridade viaria na contorna de Castelo, unha nova actuación do Plan Paradai coa renovación da rúa Serra de Meira e a legalización e

ampliación da protectora. No ámbito da vivenda, recóllese o inicio das obras en Garabolos, desbroces de camiños en colaboración coas comunidades de montes, a mellora da cúpula e cubertas do Pazo de Feiras ou a demolición do muro de Apnais. No espazo *Desmontando ao PSOE* abórdase a inseguridade e incerteza sobre o cambio de contadores de auga, a falta de espazo de baño público durante o verán, a ausencia de noticias sobre o novo pavillón deportivo prometido en 2021, a situación de proxectos financiados con fondos europeos como as Caldas que permanecen pechadas, as solucións provisionais de mobilidade tras a peonalización, a creación dunha brigada de obras paralela á existente e a lentitude administrativa que pode facer perder subvencións ás asociacións.

En *Desmontando ao BNG*, o PP critica a incoherencia do BNG ao privatizar servizos públicos como o do vello cárcere, a suspensión da Escola Municipal de Música por segundo curso consecutivo, os problemas de falta de persoal na Escola Gregorio Sanz, a ausencia dunha ordenanza para regular o uso do Auditorio Fuxan os Ventos e a falta de políticas de mobilidade.



*Clinica dental
Mosquera Otero*






• CIRURXÍA DENTAL
 • PERIODONCIA
 • ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
 • RADIOLOGÍA 3D
 • ESCÁNER INTRAORAL

• ORTODONCIA
 • IMPLANTOLoxÍA
 • ESTÉTICA DENTAL
 • PRÓTESIS
 • ODONTOPEDIATRÍA

**Te damos
una razón
PARA SONREIR**

Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo 982.803.132 cdentallugo@gmail.com www.mosqueraotero.es

En febreiro de 2026 será o V torneo estatal de fútbolín

Lugo converterase de novo nun dos epicentros estatais do fútbolín coa celebración da quinta edición do torneo Maestros del Norte, que terá lugar a fin de semana do 21 e 22 de febreiro de 2026 no soto da Praza de Abastos.

Para a vindeira edición, a organización estima a participación de máis de 600 xogadores, o que converterá o recinto nun punto de encontro clave para os amantes do fútbolín. O torneo, ademais de fomentar a práctica deste xogo inventado por Alexandre de Fisterra, contribúe a dinamizar a cidade e a súa economía, potenciando sectores como a hostalaría e o h

A concelleira de Participación, Cristina López, acompañada pola edil de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide, presentou o evento e destacou que “repetimos un ano máis un torneo xa consolidado no calendario estatal do fútbolín e na programación da cidade de Lugo, ao mesmo tempo que continuamos a aumentar a oferta de actividades na Praza e no Mercado, achegando unha nova proposta de lecer”.

A organización do torneo conta coa colaboración da Tenencia de Alcaldía e da Asociación Lucense de Fútbolín, creada en 2018 co obxectivo de promover e dar visibilidade a este deporte.

O Torneo Lugo Debate 2026 reunirá máis de 200 mozos e mozas en abril

A Asociación Más Debate de Lugo anunciou a chegada dunha nova edición do Torneo Lugo Debate, un dos encontros máis agardados do ano entre a mocidade universitaria e amante da oratoria. A cita terá lugar do 9 ao 11 de abril de 2026 na Escola Universitaria de Relacións Laborais e Recursos Humanos da USC en Lugo, que se converterá durante tres días no epicentro do debate, a reflexión e o intercambio de ideas.

O evento reunirá máis de 200 participantes de distintos puntos de Galicia e doutras comunidades, nunha experiencia que combina competición intelectual, convivencia e aprendizaxe. Segundo a organización, esta edición chega “chea de novidades”, entre as que destacan un formato renovado que porá a proba as habilidades dialécticas dos equipos, conferencias con voces destacadas do ámbito académico e social, e un completo programa de actividades culturais e concertos que reforzan o espírito participativo e dinámico de Lugo Debate.

“Ninguén ten por que agochar que pide axuda psicolóxica”

Manuel Fernández Prado, presidente da Asociación Alume Saúde Mental, lembra o traballo destes 30 anos en favor das persoas con estas enfermidades

Jessica Fernández

A asociación Alume naceu o 18 de outubro de 1995 froito da iniciativa dun grupo de familiares de persoas con enfermidade mental e profesionais da saúde mental de Lugo, que decidiron unirse para reclamar máis servizos de rehabilitación e unha maior atención sanitaria e social. O seu obxectivo principal era concienciar á sociedade sobre os problemas e necesidades das persoas con trastornos mentais e das súas familias, ao tempo que se loitaba polo incremento dos recursos asistenciais nunha provincia que, daquela, contaba cunha situación “moi deficiente, tal e como lembra o presidente, Manuel Fernández.

A realidade sanitaria da provincia de Lugo en 1995 era moi limitada. “Daquela había só dúas unidades de saúde mental ambulatorias e unha unidade de agudos con quince prazas, e iso era todo o que había na provincia. O psiquiátrico de Castro estaba pechado para ingresos e non existían servizos de rehabilitación nin de seguimento. A situación en Galicia e, particularmente en Lugo, estaba moi mal, por iso xurdimos nós, para reivindicar eses servizos, para concienciar sobre a saúde mental e rachar co estigma que afectaba e aínda afecta a quen padece estas enfermidades”, explican dende a asociación.

Dous anos despois da súa fundación, na primavera de 1997, Alume viviu un punto de inflexión. A Xunta de Galicia propúxolle poñer en marcha un Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral financiado pola administración autonómica, pero xestionado integramente pola asociación. “A nosa intención inicial non era converter Alume nunha entidade prestadora de servizos, pero decidimos aceptar o reto. Era a única maneira de conseguir dotacións que a Administración non estaba disposta a crear por si soa, e tamén de manter viva a nosa actitude reivindicativa”, sinalan.

Grazas a aquel impulso, a entidade puido poñer en funcionamento pisos protexidos e un centro de rehabilitación laboral que continúa operativo hoxe en día. “Na actualidade temos 65 prazas en Lugo e outro centro en Guitiriz con 15 prazas, ademais de cinco pisos protexidos. Todo isto é posible grazas a un concerto coa Consellería de Sanidade”, explican con orgullo.

Os avances na rede asistencial da provincia, como o peche definitivo do antigo hospital psiquiátrico de Castro, a posta en marcha das instalacións de Calde, o incremento de



dotacións no HULA e nas unidades de saúde mental, ou a creación do Hospital de Día, non cubriron por completo as necesidades existentes, pero melloraron notablemente a situación respecto dos anos noventa. “Cremos que a percepción social sobre as enfermidades mentais cambiou moito nestas tres décadas. Aínda queda camiño por percorrer para eliminar o estigma, pero hoxe as persoas e as familias que sofren a aparición dun trastorno deste tipo teñen onde acudir, atopen profesionais formados e experimentados, e tamén compañeiros de loita que lles ofrecen información, apoio e consolo”, destacan desde Alume.

Alume desenvolve servizos de apoio e acompañamento, como os pisos protexidos

O ESTIGMA

Manuel Fernández sostén que nos últimos anos se produciu un cambio social importante na percepción da saúde mental. A pandemia serviu como punto de inflexión para abrir o debate e favorecer unha maior conciencia sobre esta realidade. “A nivel social houbo un gran cambio a partir da pandemia, hai moita máis conciencia sobre a saúde mental, e o proceso de desestigmatización colleu un pulo importante”, explica. Ademais, desde a entidade salientan que o cambio social no modo de falar da saúde mental tamén contribúe a que máis persoas se atrevan a pedir axuda. “O feito de que abertamente se estea falar de acudir a unha consulta de saúde mental axúdanos moitísimo, porque permite

que unha persoa que realmente o precisa por un problema de comportamento poida plantexalo e acudir a un profesional”, afirman. “Iso era un atranco ao principio: a resistencia a pedir axuda. Aínda segue a pasar, moitas veces por orgullo e por estigma. Negámonos a recoñecer que necesitamos axuda”, engaden. Con todo, tamén advirte de que esta nova visibilidade leva consigo certos riscos. “Hoxe en día ninguén ten por que agochar que pide axuda psicolóxica ou psiquiátrica, e iso é un gran avance, pero tamén é certo que este foco de atención pode banalizar o problema”, apuntan. Desde Alume lembran que o espectro das enfermidades mentais é moi amplo e abarca desde trastornos máis leves, como a ansiedade ou a depresión, ata patoloxías graves e crónicas, como os procesos psicóticos, a esquizofrenia ou o trastorno bipolar. “Cando se crea unha burbulla arredor dos casos leves, corremos o risco de tapar os casos máis graves, e hai que seguir loitando pola atención das persoas que sofren estas enfermidades máis complexas”, subliñan.

O traballo da asociación céntrase, precisamente, neses casos máis severos. “Nós atendemos, sobre todo, casos psicóticos, casos crónicos que cursan cunha incapacidade laboral e social”, explican. Para dar resposta ás necesidades destas persoas, Alume desenvolve diferentes servizos de apoio e acompañamento, como os pisos protexidos, que ofrecen un entorno estable e seguro. “A enfermidade produce desarraigo e moitas veces problemas para a convivencia, por iso os pisos protexidos son fundamentais para garantir unha vida digna e integrada”, engade

OS SERVIZOS

Desde Alume trabállase para promover a recuperación e a inclusión

social e laboral das persoas con enfermidade mental, mellorando a súa atención e calidade de vida. A entidade tamén defende os seus dereitos e intereses, actuando como punto de apoio para usuarios, familiares e amizades.

Un dos programas prioritarios é o de Primeiros Episodios Psicóticos, que busca actuar de forma temperá cos máis novos para evitar o avance da enfermidade. A asociación desenvolve tamén servizos de rehabilitación psicosocial, orientados a fortalecer a autonomía persoal e a integración na comunidade.

Os pisos protexidos ofrecen apoio a unha vida independente, mentres que a atención no rural combate o illamento e promove a dignidade das persoas que viven en zonas máis afastadas.

Ademais, Alume participa nun programa de rúa xunto coa Cruz Vermella para intervir con persoas sen fogar e con trastorno mental grave, e colabora no programa de intervención en prisións impulsado por FEA-FES Galicia e a Fundación Barrié. A isto engádese un programa específico de atención en situacións de risco suicida, que ofrece acompañamento e apoio emocional.

O FUTURO

“O proxecto de futuro máis importante é a cesión por parte da Xunta do antigo edificio de Aspnaís para facer un centro integral de atención á saúde mental, e existe a idea de que sexa Alume quen o xestione”, explican desde a asociación. “Estamos esperando á licitación, e iso cambiaría moito a nosa realidade, porque suporá unha ampliación de servizos e tamén de responsabilidades”, engaden.

A Xunta de Galicia anunciou o pasado mes de xaneiro que destinará 3,6 millóns de euros á reforma completa do inmovible, que será adaptado para acoller este novo servizo. Segundo informou a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, durante a presentación do anteproxecto, o edificio estará operativo en 2027. O primeiro paso será a licitación da redacción do proxecto.

O novo centro situarase nunha parcela de 9.000 metros cadrados e contará con tres plantas nas que se combinarán un centro de día, un centro residencial, unha área social e diferentes zonas polivalentes de uso común. En total, disporá de 80 prazas concertadas de atención residencial e diúrna.

Desde Alume subliñan a importancia deste proxecto, que “sería un gran salto adiante ao reunir nun mesmo espazo os servizos que temos; iso facilitaría moitísimo o traballo e a atención ás persoas usuarias. Para nós sería o soño cumprido: poder ofrecer unha atención integral e coordinada, nun espazo pensado para dignificar a vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias”, conclúen desde a asociación.

O tradicional Concurso de Tapas celebrárase do 7 ao 23 deste mes

Maite Ferreiro, xunto coa concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide, e o presidente da Asociación Provincial de Empresarios da Hostalería e Turismo de Lugo (APEHL), Cheché Real, presentaron o cartel da XX edición do Concurso de Tapas de Lugo, que se desenvolverá entre o 7 e o 23 de novembro. Ferreiro destacou que nesta edición participarán “máis de 40 establecementos de hostalería de Lugo” e subliñou que o Concurso de Tapas é “o certame gastronómico máis importante da cidade”.

Durante o acto, Maite Ferreiro resaltou “a importancia do concurso de Tapas para a cidade e para a promoción turística como destino sostible, así como para a hostalería local”. Pola súa banda, Cheché Real puxo en valor “o compromiso da área de Turismo co sector da hostalería na realización deste concurso”.

Ao longo das dúas semanas do concurso, os locais participantes ofrecerán as súas tapas a todas as persoas que desexen degustalas, exercendo de xurado popular para escoller a tapa gañadora e as finalistas, que serán posteriormente avaliadas por un xurado profesional.



As persoas interesadas poderán votar as distintas tapas mediante un cupón de votación individual, que deberá ir selado polos establecementos participantes. Cada tapa poderá ser puntuada cunha nota de 1 a 5. Ademais, todos os cupóns presentados participarán no sorteo de diversos premios, e en función do número de establecementos puntuados, os veciños e veciñas poderán gañar diferentes agasallos.

Nesta edición, o Concurso de Tapas contará coa participación de máis de 40 restaurantes e bares da cidade, entre os que se atopan 3 Pés, A Laxa, Anda, Antas, Ave César, Bulló

Xantar, Casa d'Auga Vinoteca, Casa María, Castor, Coco's Bar, Colmado 176y9 – Pazo de Orbán, De Vega, Desnivel, Eduri, El Boni, El Dotmas Bar, Fonte do Rei 2, Glam Tao, Gran Café – Eurostars Gran Hotel Lugo, La Cosechera de 1977, La Escalera, La Pepita Lugo, La Terraza del Méndez, Las Cinco Vigas, Malizzia Street Food, Mercure Lugo Centro – Brasas Brancas, Mesón El Castillo, Cincuenta e Seis, Figón, Galo, Mercado, Orixe do Campo, Paprica, Pasarela, Prebe, Pub Karrusel, Pulpería O Castelo, San Marcos, Taberna Pimentel, The Real Coffee, Toni Portela e Tosar by Boni..

Un voitre negro rescatado no San Froilán recupérase no centro do Veral

O Centro de Recuperación de Fauna Salvaxe do Veral acolleu o exemplar de voitre negro que fora capturado en pleno feiral do San Froilán, cando se atopaba en estado moi feble. O rescate produciuse nun momento de gran afluencia de público e a ave foi atendida nun primeiro momento no hospital veterinario universitario Rof Codina, desde onde foi trasladada ao día seguinte ao centro dependente da Xunta no Veral. A melloría do animal fai pensar nunha recuperación completa que lle permita regresar ao seu hábitat nun mes.

Aproban unha ordenanza pioneira para o cemiterio de mascotas municipal

O BOE publicou aprobación inicial da ordenanza que regulará o cemiterio de mascotas municipal, “un proxecto pioneiro en Galicia que permitirá ofrecer un espazo público e digno para a despedida dos animais de compañía”, explicou a edil Cristina López. O cemiterio, situado nas inmediacións do Cemiterio Municipal, contará con espazos axardinados e servizos adaptados para preservar a memoria dos animais falecidos.

O proxecto inclúe nichos individuais para urnas de cinzas e un cinceiro

xeral para mascotas. O recinto estará aberto ao público no mesmo horario que o Cemiterio de San Froilán, e poderá acoller actos de despedida, depósito ou retirada de cinzas, así como visitas das persoas usuarias. As unidades de enterramento, nichos ou columbarios serán por concesión administrativa por un período de cinco anos, con posibilidade de prórroga por outros cinco anos máis. Cristina López destacou o traballo realizado nos últimos anos para mellorar o Cemiterio Municipal.

EN BREVE



PROFESOR. Un grupo de preto de 40 compañeiros e excompañeiros reuniuse nunha comida homenaxe para recoñecer o labor de Carlos Carballo, quen exerceu como director do CPI Ramón Piñeiro da Pobra de San Xiao durante os últimos 14 anos. O acto serviu para agradecer a súa entrega e dedicación nun centro que conta con arredor de 240 alumnos e que destaca polo seu carácter próximo e familiar.



BANCO DE ALIMENTOS. O Banco de Alimentos de Lugo recibiu unha doazón de 2.000 euros procedente de Caixa Rural Galega, recadados a través da iniciativa “Día Solidario”, coa que o Grupo Caja Rural achega o 20 % do importe das pólizas comercializadas durante esa xornada, que coincide cada ano coa celebración da Volta Ciclista a España.



A INMACULADA. O colexio Marista A Inmaculada loce un novo mural nunha das fachadas do seu patio, froito da colaboración entre o artista urbano Diego AS e os mozos e mozas do grupo MarCha. A iniciativa, promovida desde o propio centro, busca unir arte, participación e educación en valores.




TOSHIBA

Distribuidor oficial de sistemas de impresión Toshiba



Medinformática
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Distribuidor de software L@ndin
Gesl@n TPN software para comercios

C/ SANTIAGO 1, BAJO D - 27004 LUGO
Tels. 982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

www.medinformatica.es

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

“Mentres teñamos confianza e apoio, non pararemos”

Elvira Díaz Vizcaíno, presidenta da Asociación Protectora de Gatos da Rúa Michos de Lugo, pon en valor o traballo e destaca a necesidade de apoio

Jessica Fernández

Cando e con que obxectivo nace a asociación?

Constituímos a asociación a finais do ano 2019 co obxectivo de atender e protexer os gatos das colonias da cidade de Lugo. Outros obxectivos son denunciar calquera tipo de agresión en relación coas colonias e procurar a mellora do seu benestar.

Como valoran a evolución?

O primeiro ano foi moi discreto desde o punto de vista da atención que lles podemos prestar. Revisamos as recomendacións de asociacións de veterinarios que estudan pequenos animais e o seu comportamento, e aconselláronnos controlar as poboacións, é dicir, aplicar o método CER, que significa captura, esterilización e retorno. O primeiro é delimitar a colonia, saber cantos gatos hai, asegurarse de que todos son comunitarios, saber cantos son machos e cantas son femias, e despois castrar, sendo prioridade as femias. Cada colonia ten un coidador ou coidadora, que asume a responsabilidade e achega información sobre os gatos,

o seu estado de saúde e programa a aplicación do método CER segundo o criterio recomendado de continuidade xeográfica, que marca que é preferible tratar as colonias próximas e así vas facendo unha especie de varrido espacial no que as colonias van quedando controladas. Cando unha colonia está totalmente controlada, considérase pechada.

Cantas colonias teñen controladas?

Agora mesmo contamos con arredor de 50 colonias xestionadas por Michos de Lugo, das que está informado o Concello de Lugo, e contamos con 60 coidadoras, voluntarias responsables desas colonias. Estas voluntarias contactan con nós e fanse cargo, polo que a nosa capacidade de traballo a nivel persoal é grande nas colonias que atendemos. Tamén temos colaboradores que non atenden directamente colonias, pero colaboran nas tarefas.

Ademais do traballo do día a día, que outras accións se promoven?

Tamén traballamos para mellorar a percepción das colonias e para que a convivencia sexa o máis normalizada

posible coa cidadanía. Todos os anos organizamos as Xornadas Felinas, nas que explicamos o noso traballo, recibimos formación de expertos, atendemos ás xestoras, colaboradoras e veciños... Deberíamos traballar todos os sectores da sociedade de maneira máis coordinada e na mesma dirección, se é posible.

Cales son as necesidades da asociación?

Nós, sobre todo desde o ano 2020, traballamos dun xeito organizado, sabendo o que podemos achegar a través de doazóns e dunha axuda do Concello de Lugo. A partir do segundo ou terceiro ano, podemos concorrer tamén a outras convocatorias públicas, como as da Xunta e as do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030. Porén, as necesidades fóronse incrementando, porque aumenta o número de gatos atendidos cada ano e porque, máis alá do proxecto CER, ao coidar dos animais, tamén permanecen na colonia e, se o precisan, hai que leválos ao veterinario, e os gastos tamén se incrementaron. Recoñecemos a



atención e a sensibilidade do Concello de Lugo ao iniciar connosco o convenio que nos permite ter unha subvención anual, pero este ano aínda non cobramos a de 2024, que se debería cobrar nos tres primeiros meses do ano, polo que en marzo xa deberíamos tela cobrado e non foi o caso, e tampouco sabemos se poderemos dispoñer da do ano 2025.

Que supón esta situación?

Desde o momento en que detectamos o atraso no cobro da subvención, preguntamos reiteradamente, pero non se nos comunicou ningún motivo concreto. Cóntanos que o goberno local está a elaborar un Programa de xestión de colonias felinas no que colaboramos, polo que cremos que desde o Concello si hai vontade de seguir colaborando connosco, pero a aprobación dese pro-

grama é imprescindible, porque é un requisito do Ministerio para solicitar as axudas.

Como ven o futuro?

Nós non barallamos deixar de atender as colonias. O noso compromiso coas colonias está aí e aí seguirá. Desde a xunta directiva de Michos, por toda a traxectoria que levamos, temos que dar as grazas porque nos sentimos moi respaldados, apoiados e empurrados, porque as voluntarias achegan o seu tempo e o seu diñeiro, pero tamén colaboran connosco outras persoas que non poden ser voluntarias activas, e queremos agradecerlo. A nosa forma de traballar é unha forma na que se confía na xente, e iso é o que máis valoramos. Mentres teñamos a confianza e o respaldo, non pararemos.

O transporte público alcanzou un novo récord en setembro

Rubén Arroxo destacou que o transporte público rexistrou en setembro de 2025 un total de 213.505 billetes expedidos, cifra histórica e que confirma a fidelización crecente da veciñanza co bus urbano.

O concelleiro sinalou que “máis de 213.000 usuarios nun só mes confirma que as e os lucenses apostamos polo bus urbano como medio de transporte útil”. A evolución dos datos avala esta tendencia: en setembro de 2019, antes da baixada provocada pola pandemia, o servizo rexistraba 183.440 viaxeiros, 30.065 menos que este ano. O ano pasado, a cifra alcanzou 193.146 billetes, que agora se superou en 20.359.

Arroxo subliñou que “o bus urbano segue demostrando que é a mellor maneira de moverse por Lugo. Temos unha rede de liñas que conecta a preto do 90 % da poboación e tarifas moi accesibles, o que está a facer que cada vez máis xente escolla o transporte público no seu día a día”. Desde a área de Mobilidade insístease na promoción do bus urbano como un medio económico, sustentable e cómodo, que evita problemas de aparcamento e contribúe a reducir a pegada de carbono na cidade.

A Xunta impulsa o plan contra o acoso escolar cos Puntos laranxa

A Xunta de Galicia está a desenvolver o Plan integral contra o acoso e o ciberacoso escolar 2023-2025, un conxunto de medidas orientadas a garantir que os centros educativos “sexan espazos seguros e respectuosos para todos os alumnos e alumnas”, segundo explicou o delegado territorial en Lugo, Javier Arias, durante unha visita ao IES Muralla Romana.

Entre as iniciativas destaca a implementación dos chamados “Puntos laranxa”, caixas de correos que permiten informar de xeito anónimo sobre posibles situacións de acoso sufridas polo propio alumnado ou percibidas en compañeiros. Estes puntos contan cunha imaxe claramente identificable e deben ser accesibles para todo o alumnado, tanto na súa instalación física como no acceso dixital.

Ademais, este curso puxérase en marcha un novo recurso, o Termómetro Acoso Escolar, un

cuestionario en liña sinxelo e de fácil aplicación que os docentes poden activar ante calquera sospeita. “Permite avaliar a situación dunha, varias ou todas as aulas e xerar automaticamente un informe detallado con indicadores sobre a convivencia, o benestar emocional e a detección de posibles casos de acoso”, explicou Arias. Estes informes servirán de base para tomar decisións pedagóxicas e intervir cando sexa necesario.

O Goberno galego tamén incorpora programas complementarios destinados ao benestar emocional do alumnado, como o proxecto de prevención da conduta suicida, ao que tamén está adherido o IES Muralla Romana. Durante a visita, Javier Arias avaliou tamén co equipo directivo a próxima ampliación das instalacións do centro, que conta cunha partida consignada de 1 millón de euros nos Orzamentos da Xunta para 2026.



Homenaxe á xinecóloga Ángela Pardo Celada

A área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua de Lugo organizou un acto de homenaxe a Ángela Pardo Celada, pioneira na medicina lucense e primeira muller que exerceu como xinecóloga na cidade.

Goberno e familiares da doutora participaron no descubrimento da placa situada en Campo Castelo, lugar no que a doutora desenvolveu boa parte da súa carreira profesional e onde atendeu durante décadas a xeracións de lucenses. O acto contou coa colaboración do Colexio Oficial de Médicos, o Colexio Oficial de Enfermaría, o HULA, o grupo Ciencia-NOSA da USC e a familia da médica. Ferreiro salientou que “con esta placa lembramos a unha muller que tra-

ballou polo benestar das mulleres, unha figura histórica que merece un importante recoñecemento”. Ademais, subliñou que a súa traxectoria representa un exemplo de valentía e compromiso nun tempo no que o acceso das mulleres á formación universitaria e á práctica médica afrontaba importantes barreiras.

Ángela Pardo Celada foi a primeira muller que exerceu a xinecología en Lugo. Nacida en Becerreá en 1904, especializouse en xinecología en 1927, presentou a súa tese doutoral en Madrid no ano 1940 tras formarse en Alemaña e abriu ese mesmo ano a súa consulta na cidade, actividade que compaxinou co traballo na sanidade pública.

AO NOSO CARÓN

Suspenden feiras e mercados de gando pola dermatose nodular

A Consellería do Medio Rural decidiu reforzar o dispositivo de prevención fronte á dermatose nodular contagiosa (DNC) e suspender a partir do luns 27 de outubro todas as feiras, certames, poxas, mercados e concentracións de gando en Galicia. O obxectivo é evitar a posible entrada e propagación desta enfermidade vírica que afecta ao gando bovino. A resolución publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e terá unha vixencia inicial de 21 días, aínda que poderá ser prorrogada segundo evolucione a situación epidemiolóxica.

Entre as medidas incluídas tamén figura a prohibición de entrada en Galicia de animais procedentes de explotacións situadas en zonas restrinxidas pola DNC. Con todo, permitirase o acceso de bovinos destinados directamente ao sacrificio, sempre que sexan trasladados de forma inmediata aos matadoiros.

A Consellería mantén ademais o período de vixilancia veterinaria oficial de 21 días para todos os bovinos procedentes doutras comunidades ou do estranxeiro con destino a vida. Durante ese tempo, tanto os animais incorporados como o resto da cabana das explotacións receptoras permanecerán inmovilizados de maneira cautelara. A desinsectación dos animais



e dos vehículos de transporte será obrigatoria en todos os casos, e os Servizos Veterinarios Oficiais realizarán labores de control, inspección e comprobación do cumprimento das normas de limpeza e desinsectación.

A pesar do reforzo destas medidas, Medio Rural trasladou unha mensaxe de tranquilidade ao sector gandeiro, lembrando que non se rexistrou ningún caso desta enfermidade en Galicia e que a DNC non se transmite ás persoas, nin por contacto directo cos animais infectados nin polo consumo dos seus produtos. O luns celebrárase unha reunión con representantes do sector para analizar a situación

e resolver posibles dúbidas.

A dermatose nodular contagiosa é unha enfermidade vírica de alta capacidade de difusión que pode causar importantes perdas nas explotacións e no conxunto do sector bovino.

A súa expansión recente en países da Unión Europea próximos e, especialmente, os focos detectados desde comezos de outubro en Cataluña, elevan o risco de aparición en Galicia. Por iso, a Consellería considera necesario aplicar medidas cautelares para protexer a cabana bovina galega, tras varios meses de campañas informativas e recomendacións de bioseguridade dirixidas ao sector.

A Deputación destinará medio millón de euros a vías da comarca de Lugo

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou investimentos por un millón de euros para mellorar infraestruturas e servizos en 5 concellos da provincia. Así o informou a Voceira socialista, Pilar García Porto, tras a reunión semanal celebrada no Pazo de San Marcos. “Un orzamento co que sacaremos adiante, por unha banda, a mellora de dúas estradas provinciais ao seu paso por Lugo, Outeiro de Rei e Castro de Rei; e a subministración de equipos, dotacións, infraestruturas e servizos básicos nos concellos de Cervantes e Barreiros”.

Nese sentido, informou que a Xunta de Goberno aprobou mobilizar preto de medio millón de euros máis a dous novos proxectos que se enmarcan no Plan de Estradas provinciais 2025.

O primeiro para mellorar en Lugo os tres primeiros quilómetros da LU-P-2902, entre a capital e Ponte de Ombreiro. “Unha estrada importante porque une a vía de Marqués de Ombreiro, na zona das Saamasas, con Ombreiro e dá servizo directo aos máis de 300 veciños e veciñas que viven nesta parroquia luguesa”. As obras, que se llicitan por 241.724,4€, afectarán ao tramo comprendido entre o inicio da vía e a potabilizadora de augas, do punto quilométrico 0 ao

2,58 e consistirán na reapertura de cunetas, pavimentación con aglomerado en quente e sinalización horizontal.

Entre Castro de Rei e Outeiro de Rei acondicionaremos tamén preto de 9 quilómetros da LU-P-1107, a vía provincial que vai de Castro a Rábade. “Trátase doutra vía de gran importancia para a nosa provincia, porque dá acceso a servizos tan importantes como a Casa das Insuas”, valorou a Deputada. Neste caso os traballos contarán cun investimento de 182.198,07€ e afectarán ao treito comprendido entre Castro, á altura da parroquia de San Xiao de Mos —punto quilométrico 4,3— e a Fonte da Pinguela, ás portas do concello de Rábade, no quilómetro 13,22. As obras consistirán tamén na reapertura de cunetas, pavimentación con aglomerado en quente e sinalización horizontal.

A Deputación aprobou tamén un investimento de 380.490 euros para adquirir maquinaria para os servizos do Parque Móbil e a Granxa Gayoso Castro da Deputación. Para o Parque Móbil a Xunta de Goberno sacou adiante a licitación de tres máquinas, dúas retrocargadoras novas por 266.200, cun prazo de entrega de 40 días; e tamén unha compactadora tandem usada por 64.130 e un prazo de entrega de 30 días.

Realizan cortes de tráfico na A-8 entre O Corgo e Guitiriz nas obras

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentable prosigue coa execución das obras de rehabilitación estrutural do firme da calzada esquerda da autovía A-6, concretamente entre os quilómetros 480 e 540,44, no treito comprendido entre O Corgo e Guitiriz, na provincia de Lugo.

O obxectivo desta intervención é corrixir os deterioros existentes no pavimento, mellorando a seguridade viaria e o confort na circulación. O investimento total ascende a 26,42 millóns de euros, IVE incluído.

Co fin de garantir a seguridade dos traballadores e dos usuarios, ata o 4 de decembro producirase o corte total do tráfico na calzada esquerda da autovía en sentido Madrid, dentro do termo municipal de Lugo, en varios tramos e

períodos concretos.

Entre o luns 27 de outubro e as 24:00 horas do martes 4 de novembro, o corte afectará o treito comprendido entre os quilómetros 491,3 e 494,4. Durante esta fase, restrinxiranse os movementos de saída cara a Lugo e A Fonsagrada, así como as incorporacións á A-6 en dirección Madrid desde o enlace coa LU-530 situado no quilómetro 494.

Posteriormente, desde as 9:00 horas do luns 3 de novembro ata as 24:00 horas do xoves 4 de decembro, as obras trasladaranse ao treito comprendido entre os quilómetros 487,1 e 491,3. Nesta fase, verase afectado o enlace de Nadela, no quilómetro 488, onde tamén se limitarán os movementos de saída e incorporación desde a A-54 e a N-6 cara á A-6 en

dirección Madrid.

Para garantir a fluidez do tráfico durante o período das restricións, habilitaranse pasos de mediana que permitirán desviar a circulación pola calzada dereita, correspondente ao sentido A Coruña. Esta operará en modo bidireccional, con un carril habilitado por cada sentido.

As primeiras actuacións deste proxecto realizáronse o pasado mes de setembro entre os municipios de O Corgo e Lugo.

A obra enmárcase no programa de conservación e mantemento da Rede de Estradas do Estado, no que o Ministerio investiu 175,31 millóns de euros na provincia de Lugo desde xuño de 2018, co obxectivo de mellorar a calidade e o servizo da infraestrutura viaria estatal.

o corgo

Os Cinco Ríos do Corgo organiza unha asemblea Xeral o 9 de novembro

A Asociación Os Cinco Ríos do Corgo convoca a súa próxima Asemblea Xeral o domingo 9 de novembro no Centro Sociocultural de O Corgo, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda. O encontro servirá, entre outros asuntos, para a renovación da Xunta Directiva.

O prazo para presentar candidaturas permanecerá aberto ata o 2 de novembro e deben enviarse ao correo oscincorioscorgo@gmail.com.

Ademais, a asociación anima a so-

cios e veciños a participar deixando a súa opinión a través dunha enquisa rápida. Pregúntanse sobre a valoración do traballo realizado, a continuidade da asociación cunha nova Xunta Directiva e a disposición para colaborar activamente, xa sexa formando parte da Xunta ou axudando nalgunha actividade.

Con esta iniciativa, Os Cinco Ríos do Corgo busca coñecer a percepción da comunidade antes de tomar decisións importantes sobre a continuidade e a organización da asociación.

NEGUEIRA: José Manuel Braña Pereda

“Hai que ir casa a casa, necesidade a necesidade”



Nado en Negueira de Muñiz o 19 de marzo de 1970, leva desde o 2003 sendo alcalde do concello con menos habitantes da provincia de Lugo e de Galicia, con menos de 250 veciños

Jessica Fernández
Explíquenos como se iniciou na política e como se converteu en alcalde.
Eu sempre tiven inquedanzas, sempre me gustou a política e sempre fun de esquerdas, así que decidín formar parte da política local do meu concello e comecei como concelleiro no 1999. Nas seguintes eleccións puxéronme de segundo. Foron unhas eleccións con listas abertas, con cinco candidatos e elección directa. Coa mala sorte de que o alcalde faleceu, polo que me dixeron: “Tócache a ti”. Así levo 22 anos sendo alcalde.
Que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?
Estar continuamente alerta e pendente por se pasa algo, porque aínda que é un concello pequeno, cousas sempre pasan. Se hai algún problema, hai que falar co alcalde.
E beneficios?
Eu sempre digo que o máis gratifican-

te é traballar polo pobo. Ao final fas moitas cousas, tamén te equivocas noutros aspectos, pero traballas polo teu pobo. Que non farías polo teu pobo? A política local é moi fermosa, porque estás pendente das cousas do día a día: os farois, o camiño... resolves problemas básicos da veciñanza. A nosa lexislación é moi escasa, pero creo que somos moito máis resolutivos e, de feito, por iso somos os políticos mellor valorados, os locais. Un mal alcalde é moi difícil que volva ser elixido; se nos elixen é porque o facemos ben, e canto máis tempo levas, máis experiencia acumulas.
Como equilibra a vida pública e a privada?
A custa da vida familiar. Hai que compaxinalo. A xente que critica aos políticos por irse de vacacións... Eu creo que hai que baixar un pouco a crispación na política e deixar de espallar purín, porque ao final facemos que cheiremos todos mal. A quen vota hai que tratalo como xente adulta. Os políticos temos o dereito e o deber de recapacitar moitas veces sobre as cousas que se fan. Hai quen pensa que é moi doado, pero non o é. Se ti cres que es moi capaz, podes optar. Se cres que tes a verdade absoluta, por que non te animas? Así que o día a día na política local é atender as necesidades do conxunto da cidadanía, porque es o alcalde tanto dos que che votan coma dos que non.
Cales son os seus obxectivos a nivel político?
En política non se pensa a longo prazo. Eu non descarto presentarme ás eleccións, porque os alcaldes adoitan repetir. Pero os nosos obxectivos políticos son lexislatura a lexislatura, non miramos máis alá. O compromiso sempre é por catro anos.
E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?
As actuacións que teño na cabeza son para esta lexislatura. Hai varias cousas ás que lles teño ganas, pero é complexo. Non quero dicir “vou facer isto”, porque non son un alcalde dese tipo. Hai moitos obxectivos que se compren, pero non me gusta prometer



nin comprometerme porque hai moitas cousas que non dependen só de min, polo que non dou prazos. Creo que o que fan algúns políticos é unha falta de respecto ao cidadán e eu téñolles respecto. Ademais, penso que a sociedade é un pouco ansiosa e ás veces quere autoenganarse, por iso algúns políticos dan prazos que despois non se compren. E iso non é bo: non deberíamos quantarlles a orella á xente para que estea contenta e logo defraudala.
“Creo que me ven como unha persoa próxima, confiable e honesta”
Cales son as principais liñas do seu programa?
Tampouco son moito de programas. Cando comezamos a campaña das últimas eleccións e fun pedir o voto, merquei unha libreta e fun pobo por pobo, casa por casa, para falar cos veciños sobre como valoran as obras que fixemos. Todos me coñecen e todos me propoñen cousas; ás veces discutimos porque cren que quedaron cousas por facer ou que algunha obra non está ben feita. Pero, ao final, vas casa a casa, necesidade a necesidade. Así vou anotando o que me din para atender esas necesidades e promover esas actuacións, e logo, durante a lexislatura, vou riscando o feito. Trátase de manter o pobo o mellor posible.
Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?
A necesidade máis importante está relacionada coa sanidade, xa que non temos médicos asignados. Precisamos un médico que estea diariamente no centro de saúde, porque agora só vén un unha vez á semana desde A Fonsagrada. A xente o que fai é ir ao

PAC como un peregrino. O problema é que se tes un problema de saúde e precisas seguimento, non o podes facer cun médico en Negueira de Muñiz, porque o médico de cabeceira non está. Outro problema é a mobilidade, xa que non temos conexión por autobús nin con Lugo nin coa Fonsagrada. Tamén nos gustaría poñer en valor o encoro e toda a natureza da contorna. Creo que o proxecto da Senda do Navia é moi interesante e podería darnos valor, igual que o tema do viño está poñendo Negueira no mapa, porque é un enclave natural espectacular.
De que proxectos se sente máis orgulloso?
Un Concello ten que atender ás súas competencias. En Negueira case non se pagan impostos: non se paga o lixo, a auga nin o alumeado. Ademais, mantemos parques e xardíns, unha área recreativa, accesos, estradas e o servizo de abastecemento de auga. Iso é o máis importante para que os veciños poidan vivir. Do básico encargámonos nós.
Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?
Creo que me ven como unha persoa próxima, confiable e honesta. Pode que ás veces sexa un pouco brusco, pero vou de cara. Agora na política hai que ter moito coidado, porque se sacan as cousas de contexto, pero eu vou de fronte.
Como é a súa relación coa oposición?
Moi boa, desde sempre, somos veciños. A ver, quen debería contestar é o líder da oposición, e claro que temos as nosas discrepancias, pero mesmo apoiamos propostas presentadas polo PP, como a relación coa República do Congo. Todo o que sexa bo para Negueira de Muñiz, apoiáremolo. Ademais, penso que na política hai que temperar un pouco máis. O non polo non é moi mala política. E a oposición ten que facer o seu traballo, que é controlar a acción de goberno, e o goberno ten que gobernar.

“En Negueira case non se pagan impostos: non se paga o lixo, a auga nin o alumeado”

DATOS
HABITANTES: 240.
PARROQUIAS: 6.
EXTENSIÓN: 72,26 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: A Fonsagrada.
CORPORACIÓN: 4 concelleiros do PSOE e 1 de Negueira Viva.
ALCALDE: José Manuel Braña, do PSOE.
VOCEIRO NEGUEIRA VIVA: Carlos Alberto Izquierdo.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
55 anos, casado e con dous fillos.
- **Profesión e formación**
Auxiliar administrativo e Graduado Social
- **Se puidera escoller, que lle gustaría ser?**
Político, aínda que tamén pensei en que se volvera atrás estudaría Criminoloxía
- **Que quería ser de maior**
Avogado, porque me gustaba a parte procesal
- **Que fai para desconectar?**
Paso tempo coa miña familia
- **Unha virtude e un defecto**
Son bravo, pero se me pasa pronto
- **Un consello para compartir**
Carpe Diem
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
'No queda nadie', The Walking Dead e Melendi
- **Unha afección**
Ver series e a tecnoloxía

- **Un lugar que visitar**
Negueira de Muñiz
- **Unha comida e unha bebida**
Un bo pescado na Mariña e un bo cocido no inverno; unha caña no verán e un bo vino no inverno
- **Unha personaxe admirada**
Xosé Alberto Mujica Cordano, expresidente do Uruguai
- **Unha posesión apreciada**
A miña familia, non son materialista
- **Un desexo**
A paz no mundo
- **Algo para esquecer**
O conflito de Gaza
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A honestidade
- **Un desafío pendente.**
Aprobar a oposición ao Sergas
- **Onde se ve en cinco anos?**
Véxome sendo funcionario, vendo medrar aos meus fillos e continuando a mirar polo meu pobo, desde o ámbito que sexa

castroverde

O TSXG paraliza o parque eólico Monte Contado por risco de danos

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) decidiu suspender de maneira cautelar o parque eólico Monte Contado, promovido por Naturgy nos concellos de Lugo e Castroverde, tras estimar a petición formulada pola organización ecoloxista ADEGA.

O proxecto prevía instalar cinco aeroxeradores de máis de 220 metros de altura e unha liña de evacuación de máis de sete quilómetros nun corredor de conexión ecolóxica que enlaza tres zonas da Rede Natura 2000 situadas a menos de quince quilómetros da área afectada. Ademais, as instalacións proxectábanse integramente na zona de amortecemento da Reserva da Biosfera Terras do Miño, recoñecida pola UNESCO, o que mesmo podería poñer en risco esta figura de protección.

O alto tribunal galego fundamen-

ta a súa decisión na existencia dun risco acreditado de danos ambientais irreparables. Na súa resolución, apela aos principios de cautela, prevención e precaución ambiental recollidos no dereito europeo e conclúe que, ante a posibilidade de que a execución do parque cause prexuízos irreversibles, debe prevalecer a defensa do medio ambiente sobre o interese económico da promotora.

O auto subliña tamén que a zona conta coa máxima sensibilidade ambiental segundo o Ministerio para a Transición Ecolóxica, polo que resulta imprescindible deter provisionalmente as obras mentres non se resolta o litixio. Ademais, o tribunal considera mínima a repercusión da suspensión sobre o sistema eléctrico e concede a medida sen esixir caución a ADEGA polo ben xurídico protexido.



Conclúen os traballos de mellora da LU-530 entre Lugo e Castroverde

A Xunta de Galicia vén de rematar as obras de rehabilitación do firme na estrada autonómica LU-530 entre Lugo e Castroverde, cun investimento de 2 millóns de euros.

O delegado territorial, Javier Arias, comprobou o resultado duns traballos que se desenvolveron ao longo de 16,4 quilómetros, desde o enlace coa autovía A-6 na capital lucense, no punto quilométrico 3,6, ata a entrada ao núcleo de Castroverde, no quilómetro 20.

Segundo explicou Arias, actuouse nos puntos da vía que presentaban un esgotamento estrutural do firme, sobre os que se aplicou unha nova capa de rodadura de altas prestacións. Ademais, procedeu-

se ao repintado das marcas viarias en todo o tramo e á renovación da sinalización horizontal na travesía de Castroverde, que xa fora acondicionada previamente no marco das obras realizadas entre este municipio e o final da estrada na Fonsagrada.

O delegado lembrou que o Goberno galego leva investidos nos dous últimos anos 3,2 millóns de euros na LU-530, o que permitiu actuar sobre máis de 44 quilómetros dos 58 que mide a estrada. Así mesmo, destacou que se incorporaron outras medidas destinadas a mellorar a seguridade viaria tanto do tráfico como dos peóns nas poboacións polas que atravesaba a vía.

O colexio dará a coñecer o exemplo de mulleres líderes

A Xunta dará a coñecer o exemplo de mulleres líderes nos seus ámbitos en 20 centros educativos a través da quinta edición do programa EduReferentes, impulsado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e Executivas de Galicia. Precisamente, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, reuniuse esta mañá coa nova presidenta desta asociación, Carmen Costas, coa que abordou o desenvolvemento do programa para este curso.

Ao abeiro desta iniciativa, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP leva experiencia de mulleres líderes nos seus sectores aos centros seleccionados na convocatoria, cuxa resolución xa está publicada. Os centros e institutos participantes na provincia son os IES de Foz, Enrique Muruais (A Pontenova) e Isla de Sarón (Xove) na Mariña. Na zona centro figuran CPI Plurilingüe de Castroverde e o IES Fonmiñá da Pastoriza. Completan o listado o IES Francisco Daviña Rey de Monforte, o IES Gregorio Fernández de Sarria e o CPI Plurilingüe López Suárez do Saviñao.

Nas catro anteriores edicións do programa participaron na iniciativa máis de 4.500 alumnos. En concreto, alumnado asiste a charlas de 50 minutos a cargo de dúas profesionais referentes galegas en dous ámbitos profesionais diferentes para visibilizar a figura da muller en postos tradicionalmente masculinizados. Nestas sesións trabállanse cos estudantes os mitos sobre os diversos perfís desde unha perspectiva de xénero.

O IES, seleccionado para participar na V Liga Maker Drone

Os centros IES Poeta Díaz Castro, de Guitiriz; IES Francisco Daviña Rey, de Monforte de Lemos; e o CPI Castroverde, foron seleccionados para participar na V Liga Maker Drone, unha competición tecnolóxico-educativa impulsada pola Fundación Barrié e ITG que congrega a centros educativos de toda Galicia co obxectivo de fomentar as vocacións STEM entre alumnos de 2º de ESO.

Os 180 alumnos que foron seleccionados para participar na V Edición da liga Maker Drone coñeceron o 30 de outubro nunha xornada formativa na Coruña o reto exposto polos promotores desta iniciativa e que poñerá a proba a creatividade, enxeño e capacidade dos participantes para traballar en equipo.

rábade



A veciñanza, molesta pola falta de roza en rúas e camiños rurais

A situación do mantemento das vías públicas de Rábade volve xerar malestar entre a veciñanza, que denuncia o estado de abandono e a falta de desbroce en diferentes rúas e camiños do municipio. Segundo sinalan varios residentes, “hai moita foto e moita publicidade, pero as vías públicas seguen sen desbrozar”, apuntando tamén que o equipo de goberno parece “máis ocupado nas súas liortas internas que en atender as necesidades básicas do pobo”. Dende hai semanas, os grupos da oposición no Concello de Rábade

veñen reclamando de maneira reiterada que se acometan estas tarefas de mantemento, especialmente nas zonas máis afectadas pola maleza e a falta de limpeza. Algunhas destas peticións foron debatidas nos plenos, “sen que ata o momento se teñan concretado actuacións efectivas”. A chegada do outono e as choivas incrementan o risco de deterioro das beirarrúas e estradas, polo que os veciños demandan unha resposta urxente e unha planificación adecuada para evitar que a situación se agrave.



Convocado o Magosto Popular 2025 con música, castañas e festa

O Concello de Castroverde convida a toda a veciñanza a participar no tradicional Magosto Popular, unha das celebracións máis queridas do outono, que se desenvolverá o sábado 15 de novembro a partir das 20:00 horas na Nave do Mercado Gandeiro.

A cita contará con castañas asadas, boa música e un ambiente festivo pensado para gozar en comunidade. A animación musical correrá a cargo da asociación Zuncurrundu-

llo, que poñerá ritmo á velada cun repertorio popular que promete encher de alegría a xornada.

O magosto incluírá tamén atraccións e inchables para os máis pequenos, facendo desta celebración unha festa pensada para todas as idades. O Concello anima á participación veciñal para manter viva esta tradición que cada ano reúne a familias e amigos arredor do lume, das castañas e da música.

Formación gratuíta de coidados básicos para dependentes

O Concello de Outeiro de Rei organiza unha formación gratuíta sobre coidados básicos para persoas dependentes dirixida a persoas coidadoras, tanto aquelas que exercen este papel de xeito informal como de forma profesional, así como á poboación xeral que poda estar interesada.

A formación, de carácter gratuíta, terá lugar no salón de actos da Casa da Cultura do Concello de Outeiro de Rei o día 7 de novembro de 16:30 a 19:00 horas.

Os obxectivos desta formación son dotar de habilidades ás persoas coidadoras das persoas maiores dependentes, así como proporcionar ferramentas e coñecementos para mellorar a calidade de vida no ámbito familiar; para iso, abordaranse temas de coidados básicos na alimentación, hixiene, coidados da pel, etc., así como xestión de medicación e adaptacións do fogar entre outros. A persoa encargada de impartir a formación será Olga Roca, enfermeira da área sanitaria de Lugo, a través da Escola Galega de Saúde para cidadáns.

O Concello revalida a bandeira verde

Un total de 33 municipios galegos, un 40% máis que o ano pasado, conseguiron as Bandeiras Verdes de Galicia 2025, un selo da Xunta que distingue o esforzo local pola paisaxe, a eficiencia enerxética, a educación ambiental e a xestión responsable dos recursos.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, participou en Mos (Pontevedra) na entrega destes distintivos, un acto do que informou o seu Goberno nun comunicado e no que destacou como exemplo do compromiso dos concellos e os seus habitantes.

A Bandeira Verde de Galicia, creada pola Xunta en 2020, consolidouse como un distintivo pioneiro a nivel estatal. Galicia foi a primeira comunidade autónoma en contar cun selo propio que distingue o esforzo local pola paisaxe, a eficiencia enerxética, a educación ambiental e a xestión responsable dos recursos.

A Coruña é a provincia con máis concellos galardoados nesta edición (15 en total), mentres que Lugo, Ourense e Pontevedra contan con seis localidades recoñecidas cada unha. Na provincia lucense as bandeiras foron para Begonte, Cervo, Cospeito, Outeiro de Rei, Ribadeo e Sober.



‘Tenrura’, de Manuel Pacheco, gaña o concurso de composicións musicais

Tenrura, da autoría de Manuel Pacheco, composta sobre o poema homónimo de Manuel María, foi a canción lírica, para voz e piano, que resultou gañadora da cuarta edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais celebrada esta tarde, cunha gala-concerto, na Casa-Museo Manuel María, en Outeiro de Rei. O autor que levou un premio de mil euros en metálico, verá a súa composición editada, xunto as obras das outras finalistas, nunha publicación que será distribuída gratuítamente por todos os conservatorios de música de Galiza para que poida ser empregado como material didáctico.

A gala-concerto contou coa presenza do barítono Gabriel Alonso e o pianista Ricardo García que interpretaron nunha primeira parte as cancións finalistas, Tenrura de Manuel Pacheco Sánchez, O meu barco de Luis Serrapio Fernández, Nas leves tardes de Outono de Yónatan Sánchez Santianes e Eu son de Outeiro de Rei de Manuel Ma-

ría Veiga Lombardía. E nunha segunda parte presentaron en concerto unha serie cancións galegas dos compositores José Baldomir, Manuel Moreno-Buendía, Juan Durán, Xavier Montsalvatge, Antón García Abril e Rosendo Mato Hermida baseadas en poemas de Curros Enríquez, Eduardo Blanco Amor, Miguel Anxo Fernán Vello, Marica Campo, Ramón Cabanillas, Álvaro de las Casas e Daniel Castellao.

O gañador desta edición, Manuel Pacheco, mora en Madrid e é compositor, pianista e director de coro. O concurso contou cun salientábel e prestixioso xurado composto por Margarita Viso Soto, Alejo Amoedo Portela e Julio Cabo Messeguer, que nunha primeira fase, celebrada a primeiros do mes de xullo, escolleu, de entre todas as composicións anónimas que se presentaron a concurso, as catro pezas finalistas que se puideron escoitar no día de hoxe nun cheo auditorio da Casa-Museo Manuel María.

Outeiro de Rei convoca un ano máis o concurso de postais de Nadal

O Concello de Outeiro de Rei convoca por décimo ano o Concurso de Postais Nadal no que poderán participar rapaces e rapazas empadroados neste municipio ou que estuden no Colexio Público Laverde Ruíz.

Hai dúas categorías, unha para nenos de 1º a 3º de Educación Primaria e outra para os de 4º a 6º de Educación Primaria.

Os traballos tratarán sobre o Nadal, valorarase a imaxinación, orixinalidade, colorido e calidade da execución, con atención á idade dos ne-

nos e das nenas concursantes; terán que presentarse en formato 15X21 cm (medio folio) e poderán realizarse tanto en sentido horizontal como vertical.

Poderanse presentar ata un máximo de 2 traballos por participante. O prazo de presentación de traballos permanecerá aberto do 5 ata o 20 de novembro e poderán entregarse na Casa da Cultura ou á consenxer do colexio.

Pódese obter máis información nas bases do concurso e na Casa da Cultura (982 393 408).

O BNG acusa ao alcalde de facer unha “pésima” xestión económica

O Bloque Nacionalista Galego denuncia a “nefasta xestión económica” do alcalde de Outeiro de Rei, “que volve demostrar a súa falta de planificación e de responsabilidade” coa aprobación tardía dos orzamentos de 2025 —aprobados en pleno no mes de setembro— e coa presentación, apenas unhas semanas despois, dun suplemento de crédito por importe de 815.000 euros, destinada na súa maior parte a pagar gastos correntes como seguros, combustible ou limpeza.

A concelleira do BNG, Elvira Lombao considera “inaceptábel que un goberno municipal que presume de boa xestión teña que modificar as contas a estas alturas do ano para cubrir gastos previsíbeis que deberían estar incluídos no orzamento inicial”.

Para eles, un exemplo máis que claro desta mala xestión é este suplemento de crédito por valor de 815,000 euros “non podemos permitir que o alcalde siga gobernando a golpe de suplementos de crédito, sen planificar nin dar solucións reais á crise económica. Este tipo de prácticas son a mostra dunha xestión irresponsable e dunha total falta de capacidade para resolver os problemas do Concello” explica Lombao.

A concelleira nacionalista sinala que

esta situación “é a proba evidente de que o alcalde goberna a salto de mata, sen planificación nin control, improvisando cada decisión e hipotecando o funcionamento do Concello”.

“O PP de Outeiro de Rei demostra ano tras ano a súa incapacidade para xestionar con rigor os recursos públicos. Non hai proxecto de futuro nin investimento produtivo: todo se reduce a pagar facturas atrasadas e manter o día a día”, critica Elvira Lombao.

Desde o BNG lembran que a maior parte desta modificación orzamentaria non vai destinada a investimentos nin a melloras para a veciñanza, senón a cubrir gastos ordinarios que se repiten anualmente e que deberían estar previstos. “É unha mostra de descontrol e de desgoberno que prexudica directamente a toda a cidadanía”, subliña o concelleiro nacionalista.

Elvira Lombao conclúe reclamando maior transparencia, planificación e responsabilidade económica, e lembra que “un concello que aproba os seus orzamentos case a finais de ano e que necesita suplementos de crédito para pagar o básico non é un concello ben xestionado, senón un concello paralizado pola incompetencia do seu alcalde”.

María José Gómez aposta polas razas autóctonas para a sustentabilidade

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, puxo en valor a aposta pola sustentabilidade económica, social e ambiental que supón a potenciación das razas autóctonas gandeiras galegas, unha liña de traballo que desenvolve a Xunta en colaboración co sector.

Foi nunha visita á explotación Cachenas de Antía, en Outeiro de Rei, na que estivo acompañada polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e polo alcalde da localidade, José Pardo.

A conselleira puxo de relevo o feito de que esta explotación sexa xestionada por unha muller e que estea centrada no aproveitamento dunha raza autóctona como é a cachena. Remarcou, neste sentido, que reúna unha cabana gandeira de arredor de 80 cabezas, reparti-

das entre Outeiro de Rei e Navia de Suarna.

Así mesmo, subliñou que o apoio do seu departamento ás razas autóctonas ponse de manifesto mediante diferentes iniciativas, entre as que salientou os convenios de colaboración coas asociacións de criadores, para actuacións de conservación e recuperación, e as axudas á recría de gando bovino e ovino-cabrun ameazado, convocadas este ano por primeira vez.

Lembrou a mandataria autonómica que os convenios -asinados entre outras entidades coa Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga)- representan un esforzo orzamentario de 2,5 millóns de euros ata o 2027 e que as achegas para recría suman outros 390.000 euros.

Invisten 137.000 euros nun plan de mellora de camiños e accesos

O Concello de Friol está a executar un proxecto de mellora e mantemento dos camiños municipais de acceso a núcleos rurais, cun investimento total de case 137.000 euros, financiado con cargo ao Plan Camiña Rural 2025-2026 da Consellería do Medio Rural a través de Agader.

As actuacións céntranse nas parroquias de Nodar, O Pacio e Xiá, incluíndo os lugares de Bidueiro, A Cerdeira e Santo Estevo (parroquia de Nodar); A Xesteira, Rétede, Bertamil e Abeledo (parroquia de Xiá); e A Casanova (parroquia de O Pacio). Os camiños presentaban un deterioro notable, provocado polo paso continuado de maquinaria agrícola e polas condicións meteorolóxicas, cunha evidente erosión, perda de material e acumulación de vexetación nas marxes.

O proxecto contempla a limpeza de cunetas en ambas marxes, o varrido das superficies, traballos de bacheo onde sexa necesario e a aplicación dun dobre tratamento superficial



para mellorar o firme. “Esta intervención busca garantir a seguridade viaria e optimizar o acceso ás explotacións agrarias, previndo así danos futuros de maior custo”, explicou o alcalde de Friol, José Ángel Santos. Este salientou que “seguiremos aproveitando este tipo de axudas da Xunta de Galicia, xa que con estes plans podemos mellorar parte dos camiños municipais, imprescindibles

para a rendibilidade e a competitividade das explotacións gandeiras e agrícolas do noso concello, que constitúen a base da nosa economía”. Estas obras permiten reforzar a infraestrutura rural e apoiar o desenvolvemento sostible do sector primario local, consolidando o compromiso do Concello de Friol coa mellora continua dos seus servizos e dotacións.



Instalan 3 novos centros de telecomunicacións

O Concello anuncia unha importante mellora na cobertura móbil do municipio grazas á instalación de tres novos centros de telecomunicacións. Estas infraestruturas, promovidas pola empresa ON Tower Telecom Infraestructuras S.A., permitirán cubrir zonas onde ata o de agora o sinal era moi deficiente ou inexistente.

Tras a presentación e concesión das licenzas, a empresa iniciará nas vindeiras semanas as obras de instalación das antenas en tres puntos. A primeira será na parroquia de Xiá, na Finca Roza, lugar do Escorial. En Carballo actuarán na Finca Pena da Veiga, lugar do Carballo e a última será na parroquia de Condes, na Finca denominada Couso.

Cada centro contará cunha torre de celosía de 30 a 40 metros e equipos exteriores protexidos por un valado no seu perímetro. As infraestruturas están deseñadas para garantir a cobertura móbil nas zonas limítrofes e poder ser compartidas por outros operadores no futuro.

O investimento total da actuación supera os 50.000 €, cun impacto directo na mellora da conectividade para veciños e veciñas destas parroquias, nun momento no que o acceso a servizos móbiles é esencial.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, destacou: “Agardamos que coa súa posta en marcha, os veciños e veciñas vexan mellorada de forma significativa a cobertura móbil”.

Presentan o programa Comedores Responsables KM 0 de oito GDR

O Centro Colaborativo de Friol foi o escenario da presentación do programa Comedores Responsables KM 0 no territorio do GDR Comarca de Lugo, un proxecto que en 8 GDRs de Galicia, busca fortalecer o vínculo entre o medio rural e os comedores colectivos, promovendo unha alimentación máis saudable, sostible e comprometida coa produción local. O acto contou coa participación de José Ángel Santos Sánchez, presidente do GDR Comarca de Lugo e alcalde de Friol; Lorena López Cedrón, xerente do GDR Comarca de Lugo; Isabelle Gómez Rodríguez, xerente da empresa Traloagro; e Rocío García Carregal, responsable da asistencia técnica do programa Comedores Responsables KM 0. Ademais, acudiron representantes do sector educativo, produtoras locais, responsables de comedores e autoridades municipais, que mostraron o seu apoio a esta iniciativa que pon o foco na calidade e na orixe dos alimentos que chegan aos menús escolares e sociais.

Durante a súa intervención, o presidente do GDR, José Ángel Santos, destacou que “este proxecto é unha oportunidade real para conectar o traballo das nosas produtoras e produtores coas escolas, residencias e



centros sociais, xerando sinerxías que fortalecen o rural e contribúen a crear unha sociedade máis consciente”. Engadiu que “a través de Comedores Responsables KM 0 queremos avanzar cara a un modelo de consumo máis responsable, que valore o produto galego e recoñeza o esforzo de quen traballa cada día no campo”. O programa Comedores Responsables KM0, coordinado pola Asociación Terras de Compostela, desenvólvese no marco da colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e os Grupos de Desenvolvemento Rural

(GDR) de Galicia, e abrangue as anualidades 2025, 2026 e 2027.

En total, participan oito GDR, que agrupan 86 concellos galegos e unha poboación próxima ás 710.000 persoas: GDR 04 Comarca de Lugo, GDR 05 Miño Ulla, GDR 08 Sil Bibeí Navea, GDR 11 Adercou, GDR 16 Pontevedra Norte, GDR 19 Terras de Compostela, GDR 21 Comarca de Ordes e GDR 22 Costa da Morte.

O encontro de Friol serviu tamén para reforzar a colaboración entre entidades e para poñer en valor o papel dos comedores como espazos educativos.

EN BREVE



CULTURA. O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, mantivo unha xuntanza co alcalde, José Ángel Santos, para e coñecer de primeira man os proxectos e as necesidades do municipio nas áreas da súa competencia.



MOBILIDADE. Arrancou en Friol a Eurodesk Race, unha iniciativa da Asociación Ingalecia e ADR Comarca de Lugo no marco da campaña Time to Move. Trátase dunha competición por parellas que implicou viaxar desde Friol ata A Garrotxa (Catalunya), utilizando unicamente medios de transporte sostibles con tan só 20 euros diarios por participante.

guntín

O Concello mellora os accesos ás parroquias de Outeiro e Leboriz

O Concello de Guntín rematou as obras de mellora dos accesos e dos núcleos de Outeiro e Leboriz, situados na parroquia de Francos. A intervención enmárcase no plan municipal de posta a punto das comunicacións viarias nas zonas rurais, co obxectivo de facilitar o acceso ás vivendas, mellorar a mobilidade veciñal e garantir unhas condicións de tránsito máis seguras.

Os traballos consistiron na reparación e acondicionamento dos camiños que conectan ambos os núcleos, incluíndo o reasfaltado de tramos deteriorados, a mellora da drenaxe e o reforzo das beirarrúas e accesos secundarios.

Tamén levaron a cabo a mellora do acceso dende a CP-1611 a Castelo Grande e Castelo Pequeno, traballos que contribúen a facilitar a mobilidade e garantir vías máis seguras e cómodas para a veciñanza.



XIMNASIA. As sesións de Ximnasia de Mantemento e Fortalecemento organizadas polo Concello xa están en marcha e abertas á toda a poboación. As clases impártense en diferentes puntos. En Guntín, teñen lugar no pavillón os martes de 20:00 a 21:00 horas e os xoves de 20:15 a 21:15. En

Lousada, as sesións celébranse na escola vella os luns e mércores de 20:30 a 21:30. Pola súa banda, en Mosteiro, a actividade desenvólvese no local social os mércores de 17:00 a 18:00 horas, mentres que en Constante se realiza tamén no local social, os mércores de 18:30 a 19:30.

portomarín

Volven as actividades do programa Móvete no rural

A partir do mércores 15 de outubro, o Concello de Portomarín deu comezo ás actividades de inverno do programa Envellecemento Activo Móvete no rural, dirixidas exclusivamente a persoas maiores de 55 anos empadroadas. As accións formativas inclúen talleres de memoria e sesións de ximnasia de mantemento, que se impartirán nos locais habituais: Bagude, O Cruceiro, Recelle e Pazo Xeral Paredes de Portomarín. Todas as actividades son gratuítas para os participantes.

Os horarios concretos son os seguintes: Os mércores en Bagude, taller de memoria de 10.00 a 11.00 horas e ximnasia de 11.05 a 12.05 horas; no Pazo Xeral Paredes de Portomarín, memoria de 12.30 a 13.30 horas. Os xoves no local social de O Cruceiro, memoria de 10.30 a 11.30 horas e ximnasia de 11.35 a 12.35 horas. Os venres no local social de Recelle, memoria de 10.00 a 11.00 horas e ximnasia de 11.05 a 12.05 horas; no Pazo Xeral Paredes de Portomarín, ximnasia de 12.30 a 13.30 horas.

O programa destaca a importancia destes obradoiros. Estas actividades buscan mellorar a calidade de vida e fomentar a participación activa das persoas maiores no municipio.

Acordo con Palas de Rei para adquirir un camiión de recollida de lixo

Os Concellos de Palas de Rei e de Portomarín asinaron un convenio coa Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, para a adquisición dun novo camiión colector de residuos sólidos urbanos (RSU) que prestará servizo a ambos municipios e servirá de reforzo para os servizos extraordinarios.

A inversión total estimada rolda os 200.000 euros, dos que ambos concellos achegarán á partes iguais o 30 % do custo. Tanto o alcalde de Palas de Rei, Pablo Taboada, como o de Portomarín, destacaron o compromiso da Xunta de Galicia neste ámbito, que axudará a mitigar os incrementos derivados da Lei Estatal que obriga aos entes locais a repercutir os custos da xestión e tratamento do lixo.

Taboada subliñou que “os custos do servizo de lixo rozan os 300.000 euros e medidas deste tipo permiten repercutir o mínimo imprescindible”. Ademais, sinalou que se está a traballar coa colaboración doutros con-

cellos da zona para xerar sinerxías e prestar o novo servizo de recollida de materia orgánica.

A implantación do contedor marrón supón un investimento de case 34.000 euros, e o custo anual estimado en recollida e xestión ascende a uns 26.000 euros.

O alcalde tamén destacou a dificultade que supón o servizo de recollida nun municipio de Interese Turístico como Palas de Rei, que recibe máis de 200.000 persoas ao ano e conta con dúas rutas xacobeas, cunha dispersión poboacional notable nunha extensión de 200 quilómetros cadrados. A pesar diso, Taboada apuntou que “todas estas medidas permiten que en Palas de Rei poidamos seguir mantendo conxeladas as taxas de recollida de residuos”.

Ambos rexedores agradeceron tamén ao delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Árias, o apoio prestado para materializar este convenio.

O Concello elabora un inventario de camiños con 2171 vías municipais

O Concello de Castro de Rei elabora un inventario con 2171 vías municipais con unha extensión de 841 km e 360 bens inmobles entre os que se inclúen fincas e inmobles de natureza urbana e rústica propiedade do Concello, tamén se inventarían 188 pontes e pasos de auga.

É unha proposta que se aprobou inicialmente no pleno do pasado mes de setembro e que agora se somete a información pública para consultas ata o día 10 de novembro, data límite para que se poidan formular alegacións ao mesmo.

Os interesados poderán facer todo tipo de alegacións, consultas, suxestións ou aclaracións, que principalmente poden suscitar controversia naquelas zonas nas que non existe concentración parcelaria e os camiños existentes poden

presentar discrepancias coa realidade catastral.

Cada ben municipal conta con unha ficha identificativa do ben, con un código e a información correspondente para a súa identificación así como unha foto identificativa.

Con este inventario o Concello actualiza o anterior inventario aprobado hai trinta anos coa finalidade de actualizar o catálogo de bens municipais e recoller todas as propiedades que pertencen ó Concello, entre os que se destacan as redes de camiños existentes nas últimas concentracións parcelarias executadas nos últimos 30 anos.

Está financiado con cargo ao plan único da Deputación de Lugo e o Concello de Castro de Rei, contando con un importe de 30.000 euros.



A XIV Expodegustación da Galiña de Mos foi un éxito de participación

A parroquia chairega de San Xiao de Mos celebrou este domingo a décimo cuarta edición da Expodegustación da Galiña de Mos, unha cita xa consolidada no calendario outonal da comarca da Terra Chá e que volveu converterse nun punto de encontro entre criadores, produtores, veciñanza e visitantes.

O deputado de Rural, Daniel García, asistiu ao evento organizado pola Asociación de Veciños de San Xulián de Mos e Avimós coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. O responsable provincial visitou a mostra de exemplares de Galiña de Mos, que reuniu aves dunha ducia de criadores e criadoras da zona e do resto da comarca, e participou tamén no xantar popular no que se repartiron 800 menús elabo-

rados con produtos desta raza autóctona: galo guisado ao xeito tradicional, arroz con Galiña de Mos, ovo frito e queixo Leitigal de sobremesa.

O recinto feiral contou con postos de artesanía, unha mostra de coches clásicos, animación musical e xogos populares, mantendo a actividade durante toda a xornada.

No marco da feira entregáronse os premios do XI Concurso Comarcal de Galiña de Mos. O galardón ao Mellor Lote de Femias Recría foi para José Zapata (Castro Ribeiras de Lea, Castro de Rei); o Mellor Lote de Machos Recría recaeu en Luis Fernández (Chacín, Riotorto); o premio ao Mellor Galo foi para Beatriz Canto (Pacios, Castro de Rei), mentres que o de Mellor Galiña foi para Alberto Buján (Pedrafita, Guitiriz).

Lorenzana defende a estratexia de seguridade, defensa e aeroespazo

A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, acompañada do delegado territorial da Xunta, Javier Arias, avanzou que a provincia vai ter un papel protagonista na Iniciativa Estratéxica de Seguridade, Defensa e Aeroespazo (IESDA), que vai contar cunha partida de 14,8 millóns de euros nos Orzamentos da Xunta do 2026 para poñer en marcha as primeiras actuacións.

Así o avanzou nunha xuntanza con representantes da Fundación CEL, que colabora coa Xunta na aceleradora BFAero, e cos promotores dalgúns dos proxectos participantes na última edición. Lorenzana salientou que o obxectivo da nova estratexia é favorecer o desenvolvemento tecnolóxico e empresarial dun sector cun gran futuro pola súa capacidade para a creación de riqueza, captación de talento e emprego de calidade.

Nesta aposta por Lugo, o Parque Industrial de Rozas albergará o primeiro banco de probas en España do "Ceo Dixital Europeo", anunciou Lorenzana, quen recordou que a semana pasada asinou unha memoria de cooperación coa empresa común Sesar JU, impulsora deste programa deseñado para unificar o espazo aéreo europeo. Mediante este acordo, Galicia converterase no primeiro banco de probas de España.

A conselleira explicou que Rozas será



clave na IESDA e que o obxectivo é "evolucionar o que xa temos hoxe aquí en Rozas e converter o novo parque industrial nun referente europeo do sector do aeroespazo", xa que é un exemplo emblemático das capacidades da comunidade no ámbito aeronáutico e será parte esencial para o desenvolvemento industrial do resto de Galicia.

EMPRESAS TRACTORAS. Entre as medidas que se van poñer en marcha cos orzamentos, María Jesús Lorenzana mencionou a adxudicación dos primeiros grandes contratos de desenvolvemento tecnolóxico coas empresas tractoras que serán socios estratéxicos da Xunta. Tamén, que a principio de ano se convocará a liña de axudas para investimentos en tecnoloxías duais (civil-defensa), na cal se concederá maior puntuación

nos criterios de valoración a aqueles proxectos que se sitúen no entorno de parque industrial de Rozas.

Ademais, avanzou a creación dunha aceleradora específica para proxectos espaciais con sede en Rozas e engadiu que existe unha demanda das empresas galegas do sector espacial para que Galicia se posicione para albergar unha aceleradora europea. "Imos crear unha aceleradora específica e complementaria da actual soamente en espazo, e loitaremos para que esta aceleradora poida entrar dentro dun proxecto europeo importante para reforzar as capacidades tecnolóxicas e industriais deste parque", anunciou Lorenzana facendo alusión á intención de presentar a candidatura de Galicia para albergar o Centro de Incubación de Empresas da Axencia Espacial Europea (ESABIC).

Medio Rural inicia as obras dunha rede de 30 camiños en Triabá

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez; e polo alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado; visitou hoxe o inicio das obras da creación dunha rede de 30 novos camiños na zona de parcelaria de Triabá. Esta actuación conta cun orzamento de máis de 4,2 millóns de euros ata 2028, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento, e inclúe varias canles de drenaxe e outras obras de paso.

A obra, segundo explicou a conselleira, permitirá crear 30 camiños de nova apertura cunha lonxitude, no seu conxunto, de máis de 27.600 metros; 13 canles e outras actuacións de drenaxe transversal; a limpeza e a reapertura dunha canle que se atopa completamente desnaturalizada; así como a cons-



trucción de balsas de decantación. Todas estas actuacións enmárcanse no Plan de Reestruturación Parcelaria, que este 2025 está dotado con 14 millóns de euros.

Gómez salientou que, grazas a este investimento de relevancia, mellorarase unha parcelaria que abranque unha superficie de 1.163 hectáreas, dentro das que se atopan

3.144 parcelas de algo máis de 550 propietarios.

A conselleira do Medio Rural puxo en valor este tipo de ferramentas de mobilización de terra agraria que contribúen a paliar o minifundismo, a incrementar o valor das terras e aumentar a base territorial das explotacións, así como a reducir o abandono dos terreos.

A Deputación investirá 200.000 euros na Granxa Gayoso Castro

A Deputación de Lugo destinará -a través de tres contratos de licitación- un investimento conxunto de case 200.000 euros para mellorar a mobilidade e reforzar a eficiencia da Granxa Gayoso Castro. Así o avanzou a Voceira socialista do Goberno Provincial, Pilar García Porto, tras a reunión semanal da Xunta do Goberno, quen detallou que "dous destes contratos están relacionados co mantemento da maquinaria do Parque Móbil e un terceiro co sector primario dirixido á Granxa Gayoso Castro".

No que ten que ver co Parque Móbil detallou que "demos luz verde a dous novos contratos, por un importe conxunto de 154.100€, cos que continuaremos mellorando o mantemento das estradas que articulan os 67 concellos da provincia". Por unha banda, a Xunta de Goberno aprobou a licitación para adquirir dúas palas cargadoras cun orzamento de 133.100€ e o prazo de entrega de 30 días naturais.

Aprobouse tamén a licitación doutro contrato que ten que ver co servizo de mecanizados. Definiu, a Voceira socialista, esta prestación como "fundamental" para o correcto funcionamento do Parque Móbil, xa que permite realizar traballos de reparación nas máquinas, vehículos e equipos que se empregan a diario.

O orzamento de licitación deste contrato é de 21.000€ e terá unha duración dun ano, que poderá prorrogarse ata catro anos.

García Porto sinalou tamén se licitou o contrato de mantemento da maquinaria da Granxa Gayoso Castro que a Deputación ten no concello de Castro de Rei. O orzamento de licitación é de 18.000€ e o contrato terá unha duración dun ano que poderá prorrogarse ata un máximo de catro. "Un servizo esencial para garantir o bo funcionamento dos equipos e a maquinaria agrícola da Granxa", explicou a deputada.

EN BREVE



PSOE. Alba Sinde, actual voceira no Concello de Castro de Rei, foi elixida como nova Secretaria Xeral do PSdeG nesta localidade. Xunto a ela, o equipo de organización estará coordinado por Iria Campo Piñeiro; en Política Municipal, por Marcos Carballo Macía; no ámbito agropecuario, por Carlos Sinde Basanta; e en Muller e Mundo Rural, por María José Folgueira Lage.



COMERCIO. A sede da Federación Galega de Comercio acolleu o sorteo ante notario dos 1.000 euros en premios correspondentes á novena campaña de Merca no teu comercio na provincia de Lugo, iniciativa de dinamización do comercio de proximidade que se desenvolveu entre o 1 e o 15 de outubro nas localidades de Muimenta, Cospeito e Castro de Rei.

COLABORACIÓNS

Cando o alumno é máis educado co profesor?

O PUPITRE



Julio Díaz

Normalmente non acostumo a responder aos continuos ataques a nosa profesión, pois xa levo tempo pensando que o noso país está totalmente instaurado na idea de que todo o mundo é experto en fútbol e nos temas que ateen a educación, aínda así e en resposta á carta publicada na sección Cartas o Director nun xornal galego o domingo 12 de outubro co título “Quando el alumno es más educado que el profesor”, na que se dá unha imaxe inadecuada do noso colectivo e máis aínda do noso compromiso e do noso traballo, a min como docente gustaríame

trasladar á persoa que a escribiu e á sociedade en xeral as seguintes puntualizacións: Desde o respecto a todas as opinións sobre educación, un dos piares fundamentais da nosa sociedade, quero manifestar o meu total desacordo coas afirmacións recollidas no artigo citado. O profesorado galego demostra cada día unha implicación e profesionalidade incuestionables, mesmo ante as dificultades derivadas das inxerencias políticas, os cambios legais e os recortes orzamentarios. Os nosos centros educativos, en todos os seus niveis, son e seguirán sendo espazos nos que valores como o respecto, a igualdade, a tolerancia e a solidariedade están presentes tanto nos principios como nas accións diarias. Etiquetar e xulgar de forma inxusta o labor dos docentes contribúe a perpe-


tuar prexuízos e discursos carentes de obxectividade. A esixencia dunha perfección absoluta no desempeño profesional está afastada da realidade. Non obstante, a dedicación e o compromiso do profesorado galego están fóra de toda dúbida. A inmensa maioría dos docentes cumpren con rigor os proxectos educativos dos seus centros, contribuíndo cada día á consolidación dos valores básicos da nosa sociedade, a pesar da polarización e das dificultades do contexto actual. Teño que denunciar tamén o abandono político e administrativo que sofre o noso colectivo, non só pola falta de atención ante casos de violencia verbal e física, senón tamén polos recortes que sobrecargan o noso traballo diario e agravan carencias que serían moito máis acusadas de non ser polo esforzo

constante de todos os profesionais do ensino. Quero tamén resaltar a importancia do labor que tan dignamente desempeñamos. O profesorado é a base fundamental dun sistema que permite ás persoas acceder a unha formación de calidade. Porén, moitas veces percibimos como reflicten unha e outra vez as enquisas que se fan ao respecto que non contamos con apoio suficiente, que se xeneralizan os prexuízos contra a profesión, o que fai é desautorizarnos no noso traballo diario. Nos países cos sistemas educativos máis exitosos do mundo, o ensino é unha das profesións con maior

prestixio e existen políticas activas de apoio e incentivos ao profesorado que fan que a nosa profesión teña o recoñecemento que realmente se merece. Como docentes, debemos manternos firmes na defensa do noso colectivo, baseándonos na realidade, nos feitos e na traxectoria profesional de cada un de nos. Do mesmo xeito, rexeitaremos calquera forma de maltrato, especialmente os comentarios falsos, os xuízos parciais e a falta de reflexión e respecto cara a todas as persoas que traballamos pola educación. Ninguén nos debe desviar deste compromiso.

Sobra viño

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Aí é. Ou polo menos, iso é o que lles está pasando ós nosos veciños viticultores alén do Miño. Seica existe unha merma considerable no consumo e ante un exceso de produción dos Vinhos do Douro e Porto, os cultivadores portugueses non son quen de comercializar todo o almacenado no que alí denominan pipas -barricas que teñen unha capacidade de 550 litros-. Dáse polo tanto o que en economía se coñece por exceso de stocks. Como consecuencia, víronse na obriga de reducir considerablemente a cantidade de mosto que se transforma en viño. Engádeselle a isto o estancamento nos prezos que reciben pola súa mercancía, similares ós de hai case vinte anos;

pola contra, os custes para poñer ese viño no mercado non deixaron de incrementarse. Un rosario que nos resulta familiar a nosoutros por acó, sobre todo no sector gandeiro. A xente traballa, esforzase por mellorar e trata de progresar, pero á hora da verdade, uns factores externos, totalmente alleos a quen se deixa a pel nas leiras, deciden se merecería a pena ou non tódalas enerxías gastadas. Cómpre levar a cabo unha reflexión que, por moi evidente que resulte, non debemos obviar. Porque todo pende dun fío, comezando polas condicións climatolóxicas, caprichosas coma elas soas e que tanto poden axudar a que todo saia de maneira excelente, como estragar o éxito previsto. Falando de gandería, tampouco existe a perfección, porque se poden dar abortos, malos partos ou -que llelo digan a algúns- ataques doutros animais que buscan a ma-

neira de alimentarse e sobrevivir, chámese lobo, xabaril, ... Choque de intereses, a fauna salvaxe mantense a costa do beneficio de labregos e gandeiros. Outra cuestión capital está nos hábitos de consumo; certo, cambian de maneira constante e imprevista. Un produto que era moi demandado, de forma progresiva deixa de selo e xa non se consome ó mesmo ritmo. Descende a demanda, polo que non se lle dá saída á produción habitual. Resultado, almacenamento da mercancía -ata que se poda-, descenso do prezo de venda final e menos beneficio para quen a produciu. En definitiva, que se traballou para o inglés, o único que sempre gaña, aínda que non saibamos quen é nin onde se atopa o elemento en cuestión. Volvendo cara a dura realidade na que se atopan estes colleiteiros portugueses, sobre todo os pequenos e medianos, a precaria situación de-

O RECUNCHO DE CANELINA



rivou en reclamar medidas, as cales tamén nos son familiares, como uns prezos xustos, prohibir vendas (ou compras) por debaixo dos custes de produción, ou controlar -neste caso- a entrada de mosto estranxeiro. Ademais, dunha intervención do Estado para que se faga cargo deses stocks. En definitiva, que sobra viño a esgalla, polo menos na ribeira do

Douro. Parece, segundo estudos publicados, que os gustos mudaron á hora de consumir bebidas e semella que xa non se bebe viño como se bebía. Iso din. Agardemos e confiemos que esta sexa unha mala xeira temporal, aínda que sabemos por experiencia que de cando en vez as choras vencen ás risas.

DEPUTACIÓN

A Deputación sobe o seu orzamento ata os 135 millóns de euros, un 3,5 % máis

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou no Parlamento de Galicia as liñas estratéxicas dos Orzamentos provinciais para o 2026, que crecerán ata os 135 millóns de euros. Uns presupostos “que protexen, que avanza e que serven á xente da nosa provincia” e que tal e como explicou o mandatario provincial, virán consolidar unha acción de Goberno que leva anos centrada na mobilidade, as políticas sociais, a cooperación cos concellos e o apoio aos sectores produtivos.

“Para o 2026 presentamos uns Orzamentos expansivos, que medran un 3,57% por riba do IPC, máis de 5 millóns respecto ao 2025”, detallou Tomé Roca. Informou que a Deputación, como sempre desde que el é Presidente, está ultimando os presupostos “coa previsión de levalos ao Pleno para a súa aprobación en novembro e que, desta forma, poidan entrar en vigor a principios do mes de xaneiro”.

Enmarcou a súa comparecencia no Parlamento galego “en tempo e forma” co compromiso real que ten o seu Goberno coa cidadanía, “porque así entendemos a responsabilidade pública”. E destacou que a utilidade



das contas mídese no seu grao de execución, valorando que “aí nós falamos con feitos: nos últimos anos a Deputación está a executar máis do 90% do seu orzamento, situándose entre as administracións máis eficaces do Estado. Aquí o que se aproba, cúmprese”. Nese sentido, apuntou que os Orzamentos 2026 seguen un rumbo “claro e planificado, asentado nos catro grandes piares da nosa acción de Goberno: a mellora da mobilidade, a cooperación cos concellos, o apoio aos sectores produtivos e as políticas sociais”.

Respecto da mobilidade, que cualificou como “o primeiro factor de

igualdade territorial” porque “se os núcleos non están conectados, non hai poboación que resista”, asegurou que a Deputación continuará co “mellor plan de estradas da historia da Deputación”, actuando sobre a rede provincial máis extensa de España: 4.217 quilómetros.

Nese sentido, avanzou que a institución vai consolidar e incrementar o investimento do pasado ano, que acadou os 27 millóns de euros para a mellora e conservación de estradas. Destacou que este ano a Deputación mobilizou o arranxo de máis de 100 quilómetros de estradas provinciais ao seu paso por 30 concellos. “Sen

distincións por cores políticas. Nós planificamos, actuamos e conservamos seguindo criterios técnicos” e nese sentido destacou que o 60% dos arranxos foron en concellos cun alcalde ou alcaldesa do PP.

E comprometeuse a seguir traballando para conseguir que unha parte dos fondos da Unión Europea se destinen á mellora da mobilidade por estrada. No que ten que ver coas políticas sociais, o Presidente asegurou que a Deputación manterá un terzo dos orzamentos a esta partida que conta cunha das redes de protección máis ampla e eficaz de todas as deputacións de España. Destacou nese sentido iniciativas como a teleasistencia, o servizo de axuda no fogar ou a rede de centros de atención a maiores.

Fixo fincapé en que a institución provincial ten en funcionamento 9 residencias cun modelo “público, de calidade, con emprego local e con arraigo social” e anunciou que “polo menos 2 dos 4 novos centros que estamos construíndo estarán en funcionamento entre finais de 2026 e comezos do 2027, ampliando a nosa rede e reforzando o rural”. E aproveitou o Presidente para lembrar que o modelo da Deputación é referencia a

nivel europeo.

Anunciou que o Plan Deputación de cooperación cos concellos estará dotado con 22,2 millóns de euros, subindo con respecto ao ano pasado. No que ten que ver coa cooperación cos concellos, apuntou que case todo o que fai a Deputación é cooperación cos concellos. Ser o Concello dos concellos marca o día a día da institución provincial “de maneira transversal, constante e comprometida” co obxectivo de gañar eficacia e ser útiles para a veciñanza.

O Centro de Innovación Territorial constitúe unha das grandes apostas estratéxicas dos Orzamentos 2026. O presidente expuxo que se trata dun proxecto “pioneiro”, concibido para situar o rural no epicentro das políticas de desenvolvemento. E relatou que grazas ao convenio asinado co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, mobilizaranse 850.000 euros -510.000 serán achegados polo Goberno de España e 340.000 pola Deputación- entre este ano e 2029 para poñer en marcha un instrumento “moderno, eficaz e transformador”.

Asegurou o Presidente que os sectores produtivos contarán un ano máis co compromiso da Deputación de Lugo. Puxo como exemplo o proxecto da Administración provincial na Granxa Gayoso Castro, unhas instalacións “fundamentais” para o ensino universitario do Campus Terra e a colaboración coa USC.

O Pleno destina 5,1 millóns a ampliar a rede de residencias

O Pleno aprobou a ampliación da vixencia dos convenios da rede provincial de residencias ata xuño de 2026, co obxectivo de garantir a continuidade do servizo e a estabilidade na atención ás persoas maiores da provincia. A medida, que contou cos votos a favor do PSdeG e do BNG e coa abstención do PP, supón un investimento de máis de 5,1 millóns de euros destinados a asegurar o funcionamento dos nove centros que conforman a rede provincial: Castroverde, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Ribadeo, Ribas de Sil, Trabada e Meira.

O deputado Pablo Rivera Capón explicou que esta segunda addenda “permite manter a estabilidade das prestacións asistenciais e planificar o gasto con previsión, sen modificar as condicións esenciais acordadas no ano 2018”. Rivera destacou que o acordo dá marxe para renovar o marco xurídico do modelo provincial de Centros de Atención a Maiores,

previsto para o vindeiro ano, sen afectar ás persoas usuarias nin aos concellos. O deputado criticou ademais a falta de compromiso da Xunta de Galicia, asegurando que “a pesar de ser a administración competente, a súa política de residencias na provincia de Lugo é inexistente, sen un só proxecto novo en marcha a pesar do sobreenvellecemento da poboación”.

O modelo asistencial da Deputación é 100% público e sen ánimo de lucro, cunha aposta pola atención personalizada e o benestar das persoas maiores. Segundo destacou a institución provincial, este sistema non busca rendibilidade económica, senón mellorar a calidade de vida dos usuarios, xerando máis de 225 empregos directos e beneficiando a máis de 300 veciños e veciñas.

MOCIÓNS. Na mesma sesión, o Pleno aprobou unha proposta para instar á Xunta de Galicia a saldar a débeda de 600 millóns de euros que

mantén cos concellos por asumir competencias impropias.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, denunciou que a Xunta ten “conxelado o Fondo de Cooperación Local desde 2010” e que o reparte “con criterios partidistas”. Segundo explicou, os orzamentos autonómicos de 2026 destinan 187 millóns de euros a este fondo, o que supón “apenas 600.000 euros por concello, unha cifra ridícula se se compara cos recursos da Administración galega, que manexa un orzamento cen veces maior ao da Deputación”.

A voceira socialista, Pilar García Porto, lembrou que a cifra da débeda foi calculada pola FEGAMP e criticou que os concellos están a asumir servizos que corresponden á Xunta, como o SAF ou a gratuidade das escolas infantís municipais.

O texto aprobado reclama que os orzamentos da Xunta para 2026 incrementen o Fondo de Cooperación Local, incorporen partidas especí-



ficas para garantir a prestación de servizos no rural en igualdade co ámbito urbano e se acheguen aos 500 millóns que o propio presidente Rueda estimara como necesarios.

O Pleno tamén aprobou, por unanimidade, unha moción socialista para esixir que a Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo manteña o seu carácter de centro autonómico no caso de integrarse na Universidade de Santiago de Compostela (USC). O presidente Tomé defendeu que “a Escola non pode ser unha sucursal doutra facultade; ten entidade e capacidade abonda para manter a súa independencia”. Pola súa banda, García Porto salientou que o campus de Lugo “é un pilar de desenvolvemento e unha ferramenta de futuro que debe medrar con sentido, non minguar de xeito irreflexivo”.

Desde o PP aseguraron que “sempre defenderán a identidade de Enfermaría en Lugo” e afirmaron que “a integración no sistema universitario está consensuada”, criticando que “quen poñen en dúbida a súa continuidade son o PSOE e o BNG”.

Pola súa parte, o deputado provincial do BNG, Daniel García, reclamou á Xunta “respostas claras e inmediatas” ante a falta de información ás explotacións sobre a xestión da dermatose nodular, despois das medidas cautelares decretadas pola Consellería do Medio Rural sobre o movemento de animais.

DEPORTES

EN BREVE



GENUINE. O CD Lugo Genuine ten sinaladas as datas da nova tempada da LALIGA Genuine. Na primeira fase, viaxará a Tarragona os días 22 e 23 de novembro, onde se enfrontará ao Granada CF, Córdoba CF e Fundación Atlético de Madrid. A segunda fase celebrarase en Xixón os días 7 e 8 de marzo.



PARACANOE. O padexeiro lucense Nicolás Martínez Adegas continúa facendo historia no deporte adaptado tras proclamarse recentemente campión do mundo de paracanoé en Hungría. O deportista do Club Fluvial, con só 19 anos, impúxose na categoría KL3 10.000 metros sénior do Mundial de maratón, converténdose nun dos competidores máis novos en lograr o título.



KARATE. A Escola Deportiva Shihan participou na liga nacional celebrada en Ourense, competindo desde a categoría benxamín ata a xuvenil. Xoán Rosa conquistou a medalla de ouro en Kata Benxamín-Infantil Silla de Rodas k.30, mentres que Carmen Cendán acadou o ouro en Kumite Alevín <26 kg.



ENSINO. A Deputación de Lugo acolleu no Pazo de San Marcos ás integrantes e á directiva do Club Baloncesto Ensino, que afronta a súa oitava tempada consecutiva na máxima categoría do baloncesto estatal. Durante o encontro, o responsable provincial Efrén Castro transmitiulles o respaldo da Vicepresidencia, que mantén unha colaboración estable co equipo a través dunha subvención nominativa que neste 2025 ascende a 140.000 euros.

Senra coróase no Galego cun gran triunfo no Rally San Froilán

O piloto de Hyundai, Víctor Senra, asinou en Lugo unha vitoria brillante no Rally San Froilán, coa que se proclamou campión galego de rallies 2025. O coruñés dominou a proba de principio a fin, gañando seis dos oito tramos cronometrados e demostrando unha autoridade incuestionable ao volante. A retirada de Alberto Meira (Skoda) no primeiro tramo deixáballo o título practicamente asegurado, xa que lle bastaba con finalizar terceiro. Con todo, Senra non se conformou e decidiu ir a por todas, marcando o mellor tempo desde os primeiros quilómetros e ampliando as diferenzas tramo a tramo. No primeiro paso por Outeiro de Rei, xa avantaxaba en máis de 22 segundos a Iván Ares (Toyota) e en 32 segundos ao lucense Luis Vilariño (Skoda). Na primeira pasada por O Corgo, a distancia co segundo clasificado superaba xa os 29 segundos, mentres que Alberto Otero (Ford) se situaba en terceira posición, a máis dun minuto. Senra, Ares e Vilariño mantiveron



un trepidante pulso nas seguintes especiais, pero o piloto de Hyundai ampliou a súa vantaxe ata superar os 50 segundos ao final do tramo de O Páramo-Goñán. A súa superioridade fixo evidente que só un erro podía apartalo do triunfo. Consciente diso, Senra optou por unha estratexia máis conservadora nos dous últimos treitos, sen asumir riscos innecesarios. Ares foi o máis rápido no penúltimo, pero o resultado final xa estaba decidido. Con 59,5 segundos de vantaxe, Víc-

tor Senra cruzou a meta como gañador do Rally San Froilán e novo campión galego de rallies. Na clasificación final, Senra e Murado remataron con un tempo total de 54:57.075, seguidos de Ares-Martínez a 28.968 segundos e Otero-Vázquez a máis de tres minutos. O top cinco completárono Vilariño-Míguez e Díaz-Fernández. Un éxito que consolida a Senra como o gran referente do automobilismo galego e que pecha a tempada con broche de ouro na capital lucense.

Arranca a Liga de Billarda cunha gran participación

A Liga Nacional de Billarda da Conferencia Norleste iniciou a súa nova tempada en Cervo cun arranque cheo de ganas e ambiente competitivo, logo de ter que anular as dúas xornadas anteriores por causas meteorolóxicas. Nesta ocasión, o tempo amosouse cómplice e permitiu celebrar sen contratempos unha cita moi agardada polos afeccionados. A competición contou cunha ampla participación: 72 palanadores e palanadoras (50 homes, 16 mulleres e 6 nenos) que amosaron a súa destreza e entusiasmo ao longo da xornada. A organización destacou o bo ambiente e o espírito deportivo que reinou en todo momento, a pesar de que a inactividade previa se notou nas puntuacións, que foron xeralmente máis baixas do habitual. Só os tres primeiros clasificados superaron a barreira dos vinte puntos. O novo sistema de xogo, que limita a seis o número máximo de golpes por xogada, foi ben recibido polos participantes e non xerou complicacións. Marcos, do equipo Troitas

Bravas, protagonizou o primeiro varado da tempada cun golpe espectacular que puxo en pé ao público, aínda que non se repetiron máis accións dese nivel. O triunfo absoluto foi para Markytos, dos Billardeiros Musicais, que se levou a tradicional “navalla” cun total de 24 puntos. O segundo e terceiro posto foron para Seixas, de Billarda Verde, e Gundar, de Madia Leva, ambos con 20 puntos. Na feminina, o equipo Castiñeiro Milenario impúxose con Cris no máis alto e Vanesa en terceira posición, mentres que Alba, de Troitas Bravas, conseguiu o segundo posto. En infantís, o protagonismo foi para o anfitrión, que copou o podio con Roi, Mateo e Martín. Por equipos, os Billardeiros Musicais comezan a tempada con forza, superando a Troitas Bravas e Madia Leva e situándose como primeiros líderes da clasificación xeral. Tras a entrega de agasallos, a organización anunciou que a seguinte xornada disputarase o 9 de novembro en Penas de Rodas.

O Anxo Carro acollerá o partido da selección española sub-21 fronte a San Marino o día 14

O estadio Anxo Carro volverá a vivir unha xornada de fútbol internacional. A selección española sub-21 disputará en Lugo, o vindeiro 14 de novembro, o seu partido fronte a San Marino, correspondente á fase de clasificación para o Campionato de Europa da categoría. Será unha cita especial para a cidade e para todos os seareiros albivermellos, que poderán revivir a emoción do 5 de setembro de 2011, cando o conxunto nacional se impuxo a Xeorxia nun encontro que encheu as bancadas e deixou unha lembranza inesquecible no Anxo Carro. Catorce anos despois daquela visita, o fútbol internacional regresa ao estadio lucense, que se converterá de novo no epicentro do deporte nacional durante uns días. O Club Deportivo Lugo e a Real Federación Española de Fútbol traballan xa conxuntamente na organización e nos preparativos para acoller este evento, que promete encher de ambiente e ilusión a capital luguesa.

“Somos unha familia; todos os nadadores son e séntense de aquí”

Pablo Méndez Ferreiro é o adestrador principal do Club Portamiñá e foi recoñecido como mellor técnico pola Federación Galega de Natación

Jessica Fernández

O Club de Natación Portamiñá de Lugo formouse no ano 2008 e Pablo Méndez comezou como adestrador na tempada 2012-2013, hai xa 13 tempadas, que valora con aprecio: “Creo que foi unha evolución moi positiva porque melloramos moito en instalacións, en material, en número de nadadores e en resultados. Así que fomos dando pasos ano a ano para seguir medrando; nunca houbo un parón, sempre fomos cara diante e ese é o obxectivo, seguir, pero paseniño. Como digo sempre: aproveitar ao máximo esta tempada, sacarlle rendemento ao que temos hoxe e o ano que vén será outra batalla diferente”, defende con orgullo. O Portamiñá conta actualmente con 200 licenzas de nadadores e nadadoras que ocupan diferentes categorías: máster, que é como os veteranos, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, júnior e absoluto. Ademais, contan cunha escola, onde os sábados pola mañá os nenos aprenden a nadar. Segundo explica Pablo, “os máster son aqueles que deixaron de competir, pero seguen enganchados ao deporte popular, mentres que o absoluto é o equipo principal, ao que todos os nadadores da canteira queren chegar”.

Así, pon en valor a canteira: “Nós somos un club de canteira. Podería dicir que o 99,5 % dos nadadores que temos son de aquí desde pequenos, e os rapaces que chegan ao equipo absoluto son nadadores que desde o principio estiveron no Portamiñá. Funcionamos coma unha familia, dámoslle moita importancia a defender as cores, ao noso equipo, e é por iso: porque todos os nosos nadadores son de aquí e séntense

de aquí. Todos se apoian; os maiores medraron cos pequenos, os que eran pequenos medraron cos que agora son máis maiores... entón fórmanse un vínculo moi grande en todo o club”, defende. Ademais, destaca a visión igualitaria do club deportivo, xa que “somos dos poucos deportes que comparten adestramento e competición, así como compartimos espazo entre rapaces e rapazas”.

Con respecto ao equipo técnico, Pablo destaca a Roberto, que está cos pequenos, os Promesas; Carlota, que está cos Benxamíns e Alevíns; Iván, que adestra os Alevíns e Infantís; e despois nestes últimos anos incorporáronse Marcos e Pablo, que tamén botan unha man coas categorías máis inferiores. “Tamén me gustaría lembrar a Andrea e a Toño, que tiveron unha gran importancia no que somos agora como equipo.” Pablo Méndez foi elixido como Mellor Persoa Técnica Galega pola Federación Galega de Natación, polo que está “moi agradecido”, pero para el “é de todo o equipo técnico, xa que nós seguimos o mesmo camiño; todos temos a mesma visión. É un título que me recoñecen a min persoalmente, pero eu compartiríao con eles, porque creo que, como club, desde a base ata os absolutos, todos temos unha parte moi importante, polo que para min é un título compartido con todos e cada un dos adestradores que están aquí”, asegura con orgullo.

COMPROMISO E DEDICACIÓN

Con respecto ao que produce a natación en quen a practica, o adestrador sostén que “todos os pais queren que os seus fillos aprendan

a nadar, entón, canto antes collan o gusto pola natación, mellor. Non como xogo, senón como técnica. Así, pouco a pouco vaste enganchando. Desde pequenos, intentamos que os nenos compitan un pouquiño, porque iso tamén lles atrae para seguir e, cando deciden que queren continuar e van avanzando, vólvese un pouco máis duro. Non imos enganar a ninguén. A natación require dun compromiso, porque cando es Promesa, adestras 2 ou 3 días; pero cando es Benxamín, adestras 3 ou 4; cando es Alevín, 5; cando es Infantil, 5 ou 6 días; e cando es Absoluto, eu teño rapaces que fan 8 ou 9 sesións á semana, que veñen dúas veces ao día, polo que che esixe unha dedicación. O meu traballo é adestrar neste club e estou moi agradecido, polo que si que se pode vivir da natación, pero require tamén unha dedicación total”.

Porén, lembra que “non obrigamos a ninguén. Nós falamos con cada rapaz e rapaza, cos que temos moita confianza ao pasar tanto tempo con nós; e preguntámoslles que expectativas teñen, que queren chegar a ser. E en base ao que queren conseguir, como chegar a un campionato de España ou gañar unha medalla, esixímoslles. Se hai outra persoa que vén menos ou busca divertirse ou facer deporte, a esa persoa esíxeselle iso. Entón, tentamos buscar a atención á diversidade, que cada quen elixa ata onde quere chegar ou canto se quere implicar”, explica. Agora mesmo, comenta, hai tres rapazas bolseiras no Centro Galego de Alto Rendemento, cunha bolsa deportiva, que está ao mesmo nivel que a escolar, para poder dedicarse á natación, “entre comiñas, para poder realizar iso que



lles gusta ao 100 %”.

Pablo valora que, a pesar do esforzo e da dedicación, “a natación é un deporte que che engancha de verdade e por iso queres estar. O día a día é duro porque adestras, pero realmente queres estar, porque o que che dá o deporte, ao final do camiño, satisfai moito, entón engancha moito. Ademais, que fas en Lugo en novembro ás 8 da tarde, que chove e non hai lecer? Pois vés adestrar, fas deporte, estás cos amigos e divírteste”, pon en valor.

O FUTURO

Con respecto ao futuro, Pablo Méndez sostén que o obxectivo principal é “seguir medrando, seguir tendo deportistas, seguir formando adestradores, seguir participando en campionatos, seguir avanzando un pouco máis, que sobre todo os maiores queiran seguir nadando no equipo absoluto, porque creo que son referentes para os máis pequenos, temos un equipo bastante bo”. Con respecto ás instalacións, sostén que lle gustaría “copiar o modelo catalán, que centraliza todo nun mesmo espazo”. Para Pablo, unha das necesidades que teñen desde o Club Portamiñá, que adestra na

piscina municipal de Frigsa, de titularidade municipal, son máis rúas de natación. “Agradecemos a cesión das instalacións ao Concello de Lugo, pero aquí, ademais do Club Portamiñá, adestra o equipo de Waterpolo e en As Pedreiras adestra o equipo de Triatlón, polo que as instalacións de piscina se nos quedan pequenas. O adecuado sería unha ampliación ou a posibilidade de reformar as piscinas de Frigsa de fóra, que só abren durante os meses de verán, para poder utilizalas o resto do ano para os adestramentos, pero somos conscientes de que é complicado polo tema económico”, recoñece.

Finalmente, Pablo Méndez apunta que outro dos obxectivos de cara ao futuro, de ser posible, sería volver poñer en marcha o equipo de natación artística, que se disolveu pola incapacidade de xestionar adestramentos por falta de adestradoras. “Non quixemos abandonar este deporte, polo que temos unha escola de natación artística un par de días á semana coa adestradora Elena, que acaba de cumprir os 18 anos, pero iremos vendo como evoluciona, pasiño a pasiño, como van indo as deportistas e que dispoñibilidade ten Elena para facerse cargo delas”, conclúe.

O CB Breogán anuncia as saídas de Dario Drežnjak e Aleksandar Cvetkovic

O CB Breogán comunicou a separación de camiños con dous dos seus xogadores: Dario Drežnjak e Aleksandar Cvetkovic. O club lucense anunciou que ambas partes chegaron a un acordo para poñer fin ás súas respectivas vinculacións, expresando o seu agradecemento polo traballo e a profesionalidade mostrados durante o tempo que defenderon a camiseta breoganista.

No caso de Drežnjak, o ala-pivote croata, de 27 anos e 2,04 metros de altura, puxo punto final á súa etapa en Lugo tras incorporarse o pasado

7 de xullo para reforzar o plantel. Formado no club bosnio Široki, competiu co KK Zadar na liga croata e na Liga ABA, destacando polo seu lanzamento exterior e capacidade para contribuír no rebote.

Durante a tempada 2022/23 foi o segundo máximo anotador do seu equipo, con medias de 14,3 puntos e 4,7 rebotes na liga croata e 13,2 puntos e 4,7 rebotes na Liga Adriática. Na seguinte campaña mantivo a súa regularidade con 12,7 puntos e 3,7 rebotes no campionato nacional e 14,1 puntos e 4,5 rebotes na

ABA, cun 37 % de acerto en triplos. Posteriormente xogou en Italia co GeVi Napoli e o Vanoli Cremona, e en Chipre co Keravnos BC, onde tamén destacou polo seu rendemento constante.

Pola súa banda, Aleksandar Cvetkovic finaliza a súa etapa no equipo tras un mes prestando unha axuda importantísima na #Bretempada. O base serbio contribuíu de forma notable durante este período, achegando experiencia e estabilidade ao grupo durante a preparación do novo curso.

O PortaMiñá pide á Federación que escoite “á natación real”

O presidente do Club PortaMiñá, Fernando Timiraos Carrasco, fixo público un comunicado dirixido á Real Federación Española de Natación no que manifesta a súa “profunda preocupación polo rumbo que está a tomar o noso deporte”. A mensaxe, titulada “Escoiten á natación real”, chega despois da publicación das novas marcas mínimas esixidas para participar nos Campionatos de España da tempada 2025-2026, que segundo o club lucense “restringen aínda máis a participación e afastan a moitos

deportistas da posibilidade de seguir progresando”.

Denuncia que as decisións federativas “parecen responder máis a unha visión centrada nun grupo reducido de nadadores e técnicos que ás verdadeiras necesidades do conxunto”. Engade que, mentres tanto, “os clubs, adestradores e deportistas que constitúen a base do sistema seguen a enfrontarse cada día á falta de medios, á limitación de instalacións e aos enormes esforzos familiares que sosteñen a práctica deportiva”.

DE RUTA EN RUTA

Trabada: Ruta da Fraga da Vilapena

O percorrido permite achegarse ao patrimonio natural da aldea protagonizado pola diversidade arbórea

Esta ruta atravesa a Fraga de Vilapena, de incalculable valor patrimonial, que constitúe o exemplo vivo máis representativo da paisaxe que conformaba na antigüidade Galicia desde o litoral ata os 1500 metros de altitude. Caracterízase pola gran diversidade e pola presenza de érbedos nun tramo do percorrido.

O itinerario (PR-G 85) comeza antes de cruzar o núcleo de Vilapena, xunto a unha curva da entrada, na que se atopa o aparcadoiro e o panel informativo da ruta. Desde este punto, continúaase pola estrada para atravesar o pobo ata alcanzar a igrexa, na que chama a atención o seu famoso retablo barroco, e dirixímonos ata a fraga. Durante o percorrido, coñécese parte do patrimonio tradicional formado por hórreos e edificacións en pedra.

A ruta ofrécelle ao camiñante dúas opción: continuar pola fraga tomando unha pista á dereita ou seguir de fronte 2 quilómetros pola pista ata o alto da Pena



de Gorro para gozar dunha panorámica do val de Vilaformán e Vilapena e da paisaxe típica das montañas próximas á Mariña. Tamén se poderá contemplar unha carboeira, xa que o carbón, xunta coa leña, era o produto que máis utilizaban os lucenses nos seus fogares antes da irrupción dos novos combustibles.

Neste oco na terra metían a madeira, tapábana e levaban a cabo a combustión ata que o material quedaba convertido en carbón. Despois dun pequeno descanso e de observar unha pequena fervenza nun afluente do Vilaformán, regresamos polo camiño para orientarnos cara ao oeste e chegar á bifurcación da opción

do percorrido curto. Tómasse a mesma pista, situada á esquerda, e aos poucos volvemos achegarnos á fraga. Compróbase que o gran protagonista do lugar é o carballo, acompañado por outras especies como o acivro ou o érbedo. Se decidimos realizar o camiño nos meses máis fríos, poderase

saborear o saboroso froito dos érbedos. O camiño vaise facendo pouco a pouco máis sinuoso e escarpado, ata desembocar nun punto onde se cruza o regato de Vilaformán, famoso antigamente pola pesca de troitas. A contorna acaba na zona de aparcamento desde a saída da fraga por unha pista forestal.



DATOS

4 horas

10 quilómetros

Dificultade media-baixa

NUEVA GAMA DE TRACTORES
JCB FASTRAC ICON

SOLICITAMOS UNA DEMOSTRACION

MILLARES TORRÓN SL

Carretera Santiago 5, 27210 Lugo
Telf.: 982 221 966 - info@millarestorron.com - www.millarestorron.com